

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA



g. 1983
2023

Movemento de Renovación Pedagóxica
LABORATORIO DE INICIATIVAS E
ESPAZO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA

REVISTA
GALEGA
DE EDUCACIÓN

*Número extraordinario por mor da celebración
dos 40 anos de NEG e do Iº Congreso*

*Edita: Nova Escola Galega
xuño 2023*

Índice

Un movemento de renovación pedagóxica	6
Ensaio de cronoloxía	9
Finalidades e obxectivos	35
Sinais de identidade da Escola Pública	36
Vida e identidade organizativa	38
Reflexión e elaboración documental	42
Temáticas de maior preocupación	44
Grupos de traballo	56
Actividades de formación	58
Elaboración de materiais e recursos didácticos	60
Publicacións periódicas	62
<i>A Revista Galega de Educación (1986-2023)</i>	64
Relacións externas e comunicación social	67
Iniciativas singulares	69
Parte do escenario educativo	70
Aprendizaxes neste tempo de traballo asociativo	72
Anexos	
Anexo 1. Premios EducaCompostela	74
Anexo 2. Recoñecementos Suso Jares	77
Anexo 3. Seminario <i>Cambela</i> de NEG	78
Anexo 4. O Grupo <i>Cavila</i> de NEG	82
Anexo 5. Socias e socios de honra de NEG	84
Anexo 6. Os Movementos de Renovación Pedagóxica	89

Un movimiento de renovación pedagógica

Co nome de NOVA ESCOLA GALEGA nacía, o 11 de Xuño de 1983, en Santiago de Compostela, un movemento asociativo de docentes e de técnicos e técnicas de educación coa finalidade xeral de impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galicia, por medio da agrupación e cooperación de todos aqueles docentes galegos/as de calquera nivel educativo e de todas as persoas socias e colaboradoras que pretenden contribuír coa súa acción e reflexión á construción dun sistema educativo GALEGO, PÚBLICO e DEMOCRÁTICO, como se sinala no artigo 3 dos seus Estatutos. ^[1]

A Asociación constituíuse por confluencia organizativa de diversos colectivos de profesores e profesoras que foran nacemento nos finais dos anos setenta do século XX, no tempo final do franquismo e comezos da democracia política, para impulsar a renovación didáctica e a galeguización do ensino en Galicia: Escola Aberta, Avantar, Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega

[1] Asinaron ou ben a Acta Fundacional de Nova Escola Galega, ou ben a aprobación dos seus Estatutos, ou mesmo os dous documentos en 1983: Antón Costa Rico, desde o Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega; Manolo Fernández Domínguez, desde Albe-Grupo e biólogos galegos; Agustín Fernández Paz, desde Avantar Ferrolterra; Antón Lamapereira, desde a sección de teatro infantil da Escola Dramática Galega; Xosé Lastra Muruais, desde Avantar Ferrolterra; Francisco Martín Iglesias, escritor de literatura infantil; José A. de Prado Díez, desde o grupo de creatividade na educación Lubricán; Antón Rozas Caeiro, desde o grupo Escola Aberta: didáctica das CC. Sociais e patrimonio cultural galego; Mercedes Suárez Pazos, desde o Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega; Miguel Vázquez Freire, desde o Seminario de didáctica da Filosofía; Jesús Vecino Eiras, en relación co colectivo de mestres bergantiñáns. No proceso inicial de formación interviñeron tamén Ignacio R. Eguibar, profesor das terras centrais de Lugo; Lois Ferradás Blanco, desde Preescolar na Casa; M^a Pilar Jiménez Aleixandre, desde o Grupo Xilbarbeira de ensinantes de Bioloxía no ensino medio; e Ramón López Facal, desde o ámbito da didáctica das ciencias sociais no ensino medio.

^[2], Albe-Galicia e Xilbarbeira, entre outros ^[3], vándose sumar a eles un notable número de profesores e profesoras de toda Galicia e dos diversos ciclos educativos ^[4].

Veusendo ao longo de catro décadas un dos núcleos máis activos na empresa de reforma pedagóxica en Galicia. Se xa no seu nacemento incorporaba ao seu inicial acervo todo o conxunto de iniciativas emprendidas previamente (experiencias pedagóxicas, publicacións, encontros, materiais didácticos elaborados) ^[5] veu significándose por unha continua actividade de promoción de iniciativas enmarcadas pola defensa e construción do modelo de Escola Pública, como sinal de identidade dos movementos de renovación pedagóxica. ^[6]

Iniciativas presididas por unha permanente apertura ás formulacións renovadoras, tanto psicopedagóxicas como didácticas, terreo este no que NOVA ESCOLA GALEGA veu ofrecendo propostas de traballo, orientacións e materiais didácticos que, xunto aos libros de texto editados en momentos pasados por un amplo número de asociados e asociadas, constitúen un conxunto pedagóxico de singular relevo e de obrigado recoñecemento á hora de facer unha radiografía pedagóxica e escolar do presente galego.

Non menos notable veusendo a implicación da Asociación, como tal ou a través de moitos dos seus asociados e asociadas, no impulso á galeguización lingüística e curricular no ensino, con froitos tanto na didáctica da lingua como nas estratexias de galeguización, nas obras de literatura infanto-xuvenil, nos traballos en campos científicos como o das ciencias sociais e o seu tratamento escolar, ou o das ciencias naturais, entre outros.

[2] Como grupo de Pedagogía Freinet en Galicia fundado en 1975 e inicialmente vinculado a unha plataforma estatal: ACIES (Asociación para a correspondencia e a imprenta escolar), que en 1978 pasou a ser o Movemento Cooperativo de Escola Popular (MCEP), que continúa na actualidade.

[3] Tamén se sumaron ensinantes ligados a Lubricán, de creatividade, á Escola Dramática Galega e a Preescolar na Casa. En troques; non se deu a confluencia, buscada, coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), existente desde 1978. No proceso de constitución de Nova Escola Galega mantívose un proceso de comunicación con líderes naquel momento da AS-PG para que a AS-PG se incorporase no novo proceso organizativo común, con recoñecemento do seu peso específico, o que non foi aceptado, ofrecendo en troques a posibilidade de incorporarse todos os demais colectivos dentro da AS-PG cunha representación de dous postos no conxunto dos órganos directivos da AS-PG, o que non foi positivamente valorado.

[4] Chegando a situarse contra a fin dos anos oitenta e por breve tempo en preto de 450 asociados/as e na actualidade por riba os 250 membros.

[5] En diversos lugares como as revistas pedagóxicas *As Roladas2*, a *Revista Galega de Educación*, en particular no seu n^o 25, en diversas monografías de historia da educación en Galicia, e en Costa Rico, A., "A escola que mudou (1961-2000)", *Sarmiento*, n^o 11 (2007) pp. 7-37, contéñense informacións sobre isto.

[6] Diversos grupos de renovación pedagóxica de todo o Estado español, unha parte deles conformados como Movementos de renovación pedagóxica (MRP), comezaron a coordinarse en 1979 a través dos Encontros estatais anuais, baixo o impulso en particular da revista *Cuadernos de Pedagogía*, que se editaba desde Barcelona e desde 1975 baixo o liderado de Fabricio Caivano e Jaume Carbonell, e de Congressos como os celebrados en Barcelona (1983), en Gandía (1989) e en Torremolinos (1996), posteriormente. A participación dun dos asinantes da Acta fundacional de Nova Escola Galega no V Encontro Estatal de MRP, celebrado en Salamanca a inicios do mes de febreiro de 1983 foi un sucedido clave para xerar a idea do que pronto se chamaría Nova Escola Galega.

Desde o seu inicio, NOVA ESCOLA GALEGA promoveu, con distinta intensidade e ao longo destas catro décadas de existencia, a creación de grupos de traballo internos, a celebración de Escolas de Verán para o profesorado, de Xornadas de Preescolar e Ciclo Infantil, de Escola Rural en Galicia, de Normalización Lingüística, de Reforma Pedagóxica, de Imaxe e Educación, sobre a Sociedade Dixital, de Educación para a Paz, sobre a Memoria Histórica, de Educación Social e Escola, sobre psicomotricidade e educación física, o tratamento pedagóxico do corporal, a organización escolar e outra variada temática. Promoveu a realización dun notable número de mesas redondas e conferencias, con invitados/as de recoñecido prestixio no campo das ciencias da educación, unha parte deles de diversas procedencias exteriores a Galicia.

A Asociación prestou e presta particular atención —descontinua nuns casos e continua noutros— a campos e cuestións como as didácticas da lingua, das ciencias sociais, das ciencias naturais, das matemáticas, a educación física e a psicomotricidade, aos medios audiovisuais, á didáctica e o tratamento da educación infantil, á orientación escolar, á escola rural, á normalización lingüística, á historia da educación, á educación plástica, á literatura infantil e xuvenil e á educación para a paz, ademais de propiciar a realización de actividades nestes ámbitos por parte de diversas institucións e instancias de toda Galicia.

No campo editorial, ademais dos libros de texto e outros de carácter didáctico editados baixo a autoría de asociados e asociadas a Nova Escola Galega —sobre todo durante as dúas primeiras décadas— hai que anotar a incursión noutros sectores pertencentes ás ciencias da educación, como poñen de relevo a existencia no pasado dunha colección editorial (“Cadernos de Nova Escola Galega”), con seis títulos editados, e a elaboración editorial e promoción da *Revista Galega de Educación*, desde 1986, da que saíron 85 números, que é expresión da renovación pedagóxica vivida neste período. Ao longo destes corenta anos Nova Escola Galega veu editando con continuidade os números 1 a 54 (ano 2005) do seu *Boletín Interno*, de difusión xeneralizada entre os seus adherentes e diversas institucións ou grupos educativos de todo o Estado, retomándose esta experiencia de medio informativo e de comunicación a través dun Boletín de carácter anual e de edición dixital a partir de 2019. Tamén se editaron 26 números do *Boletín Novapaz* (1990-1999) de conexión entre as persoas ligadas ás actividades relacionadas coa educación para a paz, á diversi-



Suplemento *Na Escola* —do xornal *La Región*— elaborado por NEG.

dade, á inclusión, ao traballo co medio, ao interxeracional, así como *Nova Escola Galega Opina* —un espazo de elaboración documental reflexiva, xunto cos editoriais da *Revista Galega de Educación*— de envío xeneralizado a todos os centros públicos educativos de Galicia, con puntos de vista e orientacións pedagóxicas da Asociación. De igual modo mantén desde 2005 o sitio web neg.gal, está presente en redes sociais e vén de pór en marcha unha web específica da *Revista Galega de Educación*: rge.gal

Na memoria, cómpre sinalar que durante os anos centrais da década dos oitenta foron profesores/as asociados/as de Nova Escola Galega quen mantiveron ademais dous suplementos de prensa de educación, a través dos xornais *Faro de Vigo* e *La Región*, coas denominacións de “A Pizarra” e “Na Escola”, respectivamente.

A Asociación pertence á Confederación Estatal de Movimentos de Renovación Pedagóxica, con habitual participación desde o momento da súa constitución; á Coordinadora Galega de Movimentos de Renovación Pedagóxica, nos pasados anos noventa; e tamén á Federación Internacional de Movimentos de Escola Moderna (FIMEM), neste caso con irregularidade entre os anos noventa e a primeira década do século XXI, facéndoo con continuidade desde 2012 ata o presente,



Premio "Pedrón de Ouro" a NEG en 2012 (Casa de Rosalía, Padrón)

sendo así partícipes dunha das orientacións que antecederon a existencia de Nova Escola Galega, a da pedagogía da Escola Moderna ou Freinet.

Ademais da implicación docente dos seus asociados e asociadas, tanto na escola infantil, como na primaria, no ensino secundario, na formación profesional e na Universidade (estudios de Ciencias da Educación e de formación docente), hai que destacar a presenza de membros da Asociación no programa de escolarización, actualmente desaparecido, Preescolar na Casa; no noutro existente Gabinete da Reforma da Consellaría de Educación; nalgúns Centros de Formación do Profesorado e nos Centros de Recursos; en Decanatos das Facultades de Ciencias da Educación; na Asesoría de Bibliotecas escolares da Xunta de Galicia; nos Servizos Municipais de Educación de distintos concellos galegos, ou noutras iniciativas editoriais de carácter educativo; sen esquecer tampouco a implicación en distintas publicacións deste ámbito como *Adaxe* (actualmente non existente), *Sarmiento*, *Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación* ou as contribucións realizadas na revista *Cuadernos de Pedagogía* e *Aula de Innovación Educativa*, promovendo a información e o coñecemento sobre a realidade educativa de Galicia.

En conxunción co Concello de Santiago de Compostela e co seu Departamento Municipal de Educación, Nova Escola Galega vén convocando os Premios de Educación EducaCompostela desde 2003, con interrupcións entre 2010 e 2015, que chegaron en 2022 a súa XIII edición.

Como recoñecemento ao traballo da Asociación, foi declarada "Iniciativa Cultural" sobresaínte do ano 1987 nos recoñecidos Premios da Crítica de Galicia daquel ano. En Maio de 2012 recibiu o Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía, en Padrón. No 2016, a Asociación Amigos do Couto Mixto concedeulle o nomeamento como Xuíz Honorario á iniciativa conxunta Encontro Galego-Portugués de Educadores/as pola paz, coincidindo coa súa XXX edición. E en 2022 recibiu tamén un dos tres recoñecementos do Premio Lois Peña Novo, como iniciativa cultural e educativa, en acto celebrado o 30 de xuño no castelo de Soutomaioir.


Débese sinalar finalmente que, como asociación democrática e plural, tamén a ela pertencen ensinantes con implicación sindical en varios dos sindicatos de traballadores e traballadoras do ensino de Galicia. Na procura de ser un instrumento ao servizo da reforma pedagóxica débense salientarmesmo as súas contribucións ao desenvolvemento do movemento de pais e nais e escola en Galicia.

Nacemos, ademais, coa consciencia de formar parte dunha tradición de reflexión e de intervención pedagóxica marcada polos impulsos máis progresivos do movemento internacional da Escola Nova, e polas accións e esperanzas de reforma escolar e social que cultivaron tantas e tantos ensinantes antes e, singularmente, durante o tempo da IIª República, tal e como plasmamos en diversas iniciativas nestes anos.


Ensaio de cronoloxía

A cronoloxía ten sempre un ritmo pautado: cada doce meses, un ano máis. As cronoloxías teñen a 'simplicidade' da cadencia temporal, achegan algunha comodidade para o rexistro descritivo de sucedidos, e por iso incluímos aquí o presente ensaio de cronoloxía sobre a vida da asociación Nova Escola Galega. Mais somos conscientes de que as cronoloxías tenden a ofrecer unha imaxe de linealidade e incluso de evolución constante e de crecemento dun dado fenómeno. Non é así a vida dunha institución ou agrupación social específica e con determinadas finalidades.

Nas catro décadas de vida de Nova Escola Galega podemos detectar: un ciclo de cinco anos primeiros de nacemento e conformación; un tempo seguinte de certa interrogación ao ver incumplidas parte das expectativas emocionantes primeiras; un tempo de consolidación e de maduración, que se estendeu por boa parte dos anos noventa; un tempo de iniciativas e de presenza social, ao longo da primeira década do século XXI; o tempo da maior complexidade organizativa e administrativa e nos procesos de programación, entre os anos de 2009 e 2016; o tempo dos interrogantes, ante as dificultades vividas polo movemento asociativo, entremedias do activismo organizativo; e por fin desde 2019 o tempo combinado das intervencións socio-educativas, da fatiga e dun certo desacougo, en ocasións experimentado, tanto nalgúns dos seus grupos de traballo, como no Secretariado.




Acta fundacional de NEG.




Página final da legalización dos estatutos.

ENSAIO DE CRONOLOXÍA DE NOVA ESCOLA GALEGA	
1983	<ul style="list-style-type: none"> • O 19.II formúlase no seo do Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega a necesidade de crear unha gran plataforma colectiva para a renovación pedagóxica en Galicia. • Reúnense o 26.III en Compostela 17 representantes de oito colectivos docentes de renovación pedagóxica. • Os colectivos anteriores lanzan publicamente o 23.IV a iniciativa de tal plataforma. • Con asistencia de 145 profesores/as de toda Galicia constitúese o día 11 de xuño en Compostela a Asociación ou Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega, aprobando os Estatutos e unha Comisión Xestora. • Do 3 ao 6.XII participan no I Congreso de MRP, Barcelona, en representación de NEG: Mercedes Suárez, Antón Rozas e Ramón L. Facal. • Celebración o 17 de Nadal da Primeira Asemblea Anual coa presenza de 112 asociados e asociadas; a profesora Mercedes Suárez Pazos e o profesor Antón Costa Rico son elixidos Presidenta e Secretario, respectivamente. • O 23.XII NEG rexístrase no Rexistro de Asociacións do Ministerio do Interior.
1984	<ul style="list-style-type: none"> • Por impulso do profesor Xesús Rodríguez Jares celébranse en xaneiro as Primeiras Xornadas de Educación para a Paz; contabilízanse máis de 1000 participantes. • O pedagogo Rafael Ojea Pérez, asociado de NEG, impulsa as II Xornadas Municipais de Educación da cidade de Vigo. • Constitúense durante o curso 1983-84 case 20 grupos de traballo docente entre asociados/as e avánzase na dinamización das zonas desde NEG a través da participación no Secretariado de profesorado comprometido con este obxectivo. • O "Manifesto dos ensinantes galegos sobre a paz e o desarme" reúne 920 sinaturas. • Edítase o encarte semanal de educación "A Pizarra" nas páxinas de <i>Faro de Vigo</i>. • Presentación de Nova Escola Galega en diversas localidades. • Presenza, participación e incorporación no VI Encontro anual estatal de MRP (Santiago de Compostela, 29 e 30. IV), coa participación de 30 MRP de todo o Estado. • Iníciase en Nadal o debate sobre os principios pedagóxicos e programáticos de Nova Escola Galega para dar corpo ao sinalado nos Estatutos. • O 1.XII celébrase a II Asemblea anual, con 75 participantes de 10 zonas de Galicia. • Entrega na Consellería de Educación da Memoria de actividades de 16 Grupos de traballo (curso 1983-84).
1985	<ul style="list-style-type: none"> • Celebración de diversos cursos / Constitución de grupos tamén por zonas. • celébrase no lusco fusco do 13 de abril unha homenaxe en Ourense a oito vellos mestres republicanos e unha compañeira viúva, e o seu nomeamento como socios e socias de honra, baixo o impulso de Xosé M. Cid Fernández. • Iníciase na Coruña a colaboración coa Federación Provincial de ANPAs de Colexios Públicos. • Constitúese na Coruña un Seminario de pedagogía da imaxe, coa introdución do vídeo nos centros escolares, baixo a guía técnica do profesor Manolo González Álvarez. • Apróbase distribuír o total de recursos económicos de NEG do seguinte modo: 70% de modo central e 30% para as zonas territoriais, segundo o número de asociados/as en cada unha. • celébrase en Cáceres, en marzo, o VII Encontro de MRP do Estado; por NEG participan Cristina Álvarez, Antón Rozas e Antón Costa. • Constitúese unha Comisión de Publicacións e o Consello de Redacción da <i>Revista Galega de Educación</i> (Manuel Bragado Rodríguez, Rafael Ojea, Miguel Vázquez Freire, Luís Otero Gutiérrez, Manuel Janeiro Casal e Antón Costa como coordinador de zonas territoriais) baixo a coordinación dos profesores Benedicto García Álvarez e Manolo Bragado, respectivamente. • En marzo celébrase no mosteiro-residencia de Poio o primeiro "Encontro de debate" coa participación de 30 asociados/as. • Nova Escola Galega rexistra a cifra de 290 asociados/as en abril, pasando a 320 en novembro. • En xuño celébranse as Primeiras Xornadas Galegas de Preescolar en Betanzos, coorganizadas polo GT de Educación Infantil de Santiago, o da Coruña... Deste Encontro nacerá o GT de Educación Infantil e Primaria, posteriormente <i>Cambela</i>. Cando aumentan os membros que traballan ao longo da ESO, ambos grupos continuarán coordinándose para a organización das Xornadas de Psicomotricidade con Marcelino Vaca.



O primeiro Boletín interno de NEG.



II Encontro Galego de Educadores/as pola Paz.

1986	<ul style="list-style-type: none"> • NEG aluga local central en Santiago. O profesor Pablo Meira Cartea exercerá como primeiro secretario técnico administrativo naquel ano de 1986. • O Comité da FIMEM (Federación Internacional de Movementos de Escola Moderna–Pedagogía Freinet) aproba a incorporación de Nova Escola Galega, xunto á do MCEP español. • Celébranse as Primeiras Xornadas Galegas de Escola Rural. • Establécese un convenio e un programa de publicacións con Vía Láctea Edicións. Case 20 asociados/as de NEG participan na elaboración de libros e recursos didácticos, en colaboración coas editoriais Xerais de Galicia e Sálvora (neste caso, mediante un contrato de edición asinado o 17.1). • Representan a NEG no VIII Congreso do Movemento da Escola Moderna Portuguesa (xullo) os profesores Miguel V. Freire e Antón Costa. • Nas Xornadas de lingua galega no ensino convocadas pola Consellería de Educación participan como relatores Henrique Monteagudo, Bríxida Pino Lestao, Clodio Góñez Pérez e Lois Ferradás, asociados/a de NEG. • En outubro celébrase o Primeiro Encontro Galego de Educación para a Paz. • Entre os diversos grupos de traballo, constitúese un sobre organización democrática de centros educativos.
1987	<ul style="list-style-type: none"> • Na IV Asemblea anual celebrada o 31.1 participan case 70 asociados/as. No Secretariado Galego son representantes de zonas: Xesús Cendán (Ferrol), Dolores Millares (A Barbanza), Carmela Cons e Elena Pousa (Santiago), Pilar Bernárdez (A Estrada), M. Bragado (Vigo), Xosé M. Barreiro (O Morrazo); outros: Antón Rozas, Lois Ferradás, Charo Fernández Manzanal e Mercedes Suárez. • Celébrase o Primeiro Encontro de Grupos de traballo (en número de 10) de Nova Escola Galega no Pazo de Mariñán con 40 participantes. • A Revista Galega de Educación iniciada en 1986 acada case os 450 subscritores/s e a difusión 800 exemplares no outono. • Muda en abril o lugar da sede de NEG en Santiago, ao pasar a un local da Rúa do Vilar. • Nova Escola Galega recibe o 11 de maio un dos "Premios da Crítica" como iniciativa cultural. • Comeza a colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística. • Celébrase a Primeira Escola de Verán de NEG do 1 ao 4 de xullo con 250 participantes. • Celébrase en decembro un curso sobre dinámica e animación de grupos de traballo. • Entre o 6 e o 8 de decembro celébrase en Calviá (Mallorca) o IX Encontro estatal de MRP coa temática do Modelo de Escola Pública, no que Manuel Bragado e Antón Costa representan NEG.

1988	<ul style="list-style-type: none"> • O 7.I sae o primeiro suplemento "Na escola" do xornal <i>La Región</i> (Ourense), coordinado por Xosé M. Cid; na redacción están tamén Mercedes Suárez, Mariló Candedo, Mercedes G. Sanmamed, Suso Jares e Calo Iglesias. • Celébrase o 30.I a V Asemblea xeral anual con máis de 50 participantes e o 12.3 a primeira asemblea extraordinaria de NEG para proceder á renovación das responsabilidades unipersoais do Secretariado Galego. Rexístrase neste ano o número maior de asociados/as da historia de NEG, 345, que descenden (en todas as zonas) a 314 en 1990, coa seguinte distribución: 									
	Santiago	A Coruña	Ferrol	Barbanza	O Salnés	Pontevedra O Morrazo	A Estrada	Vigo	Ourense	Lugo
	97	69	33	18	14	22	16	35	23	18
	<ul style="list-style-type: none"> • Celébranse varios encontros de reflexión sobre a Proposta MEC de Reforma do sistema educativo; o primeiro deles os días 12 e 13.III, coa intervención como invitados de José Gimeno Sacristán, Ángel Perez Gómez e Jurjo Torres, ademais de asociados/s de NEG. • Francesco Tonucci pronuncia conferencias en Santiago, A Coruña e Ourense, invitado por NEG. Acode a Galicia por primeira vez. • Constitúese o 14 de Maio a Mesa dos MRP da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), Escola Viva e outros, sendo nomeada Josefina Mosquera coordinadora ante a Mesa Estatal de MRP, con precario funcionamento e disolución en 1991. • Celébranse en abril as Primeiras Xornadas de Normalización Lingüística no ensino de Nova Escola Galega. • Celébrase un curso de Dinámica e animación de grupos, coa participación do Grupo Esnatu de Bilbao. • En abril celébranse as III Xornadas de Escola Rural, coa intervención invitada de Paco Olvera (MCEP de Málaga), ante 55 persoas inscritas. • Constitúese na Consellería de Educación o Gabinete da Reforma, coa participación de membros de Nova Escola Galega, entre outros. • Son grupos de traballo os seguintes: Rural, Educación para a paz, Reforma educativa e escola pública, Normalización da lingua, Escola de Verán, Preescolar e CI, Matemáticas e RGE, con edición do nº 8. • Ten lugar en xullo o Primeiro intento de creación da Plataforma pola defensa do ensino público, por impulso de Nova Escola Galega. 									



Escola de Verán. A Coruña (1987).



Segundas Xornadas de Normalización Lingüística (1989).



<p>1989</p>	<ul style="list-style-type: none"> • É presentado publicamente o 8.III o documento “Por unha Escola Pública Galega”, aprobado no seo da Asociación, como plataforma de orientación asociativa. Edítanse 750 exemplares do texto completo e 1000 de texto abreviado para a súa difusión nos centros educativos. • Suso Jares e Xosé M. Cid presentan os libros <i>Xogos cooperativos para a@mar a paz</i> e sobre os mestres ourensáns republicanos, respectivamente. • Tamén se presenta o documento <i>Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego</i>, antecedente do documento colectivo (1989) chamado <i>Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino</i>, elaborado como documento de consenso e unitario entre distintas instancias e organizacións, por medio das II Xornadas de Normalización Lingüística convocadas en Santiago entre os días 2 e 3 de xuño. Foi conferenciante o profesor Joaquim Arnau. • O 15-16.IV celebrouse en Santiago un encontro de debate de NEG coa participación de 33 asociados/as preparatorio das 10 comunicacións presentadas logo no II Congreso de Gandía. • Manolo Bragado e Antón Costa participan no encontro e delegados de MRP en Saifores (Tarragona), na casa-masía da familia de Marta Mata, preparatorio do II Congreso estatal de MRP • Neste ano acórdase cancelar o contrato de edición con Ed. Sálvora, centrado fundamentalmente na preparación de libros de texto, a prol de en troques promover materiais alternativos aos libros de texto, dadas as súas limitacións como mediación didáctica. Debátese tamén o marco de relacións con E. Xerais de Galicia con respecto á edición da <i>Revista Galega de Educación</i>. • Celébrase en Gandía o II Congreso estatal de MRP, coa participación de 400 ensinantes de 70 colectivos; participaron distintos asociados/as de Nova Escola Galega presentando un total de 10 breves comunicacións. • Entre os días 3 e 7 de xullo celébrase en Santiago a III Escola de Verán de NEG con case 200 participantes. Na exposición de materiais de aula destacou a achega de recursos montessorianos creados pola profesora Ana Abascal e o profesor Xosé Saleta, anteriormente vinculados á corrente da pedagogía Freinet. • Desenvólvense algunhas actividades e iniciativas en oito comarcas, incluíndo cinco cidades galegas. Entre elas, os III Encontros de Ensinantes do Morrazo e as Xornadas de Educación Medio-Ambiental do Barbanza. • Celébrase o VII Encontro de Debate: territorialización e educación.
<p>1990</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Celébrase o 3.II a VIII Asemblea Anual de Nova Escola Galega, con resolucións sobre o uso de linguaxe non sexista, o Ano Internacional da Alfabetización e o Modelo de Normalización Lingüística. • Acentúase a colaboración con outras entidades galegas. • Celébranse once actividades de encontro por diversos lugares da xeografía de Galicia: IV Encontro de Educación pola Paz en Lugo; III Xornadas sobre a Reforma; Encontro de Ed. Ambiental, con 55 participantes; IV Encontro de Ensinantes do Morrazo; IV de Educación no rural; Curso de dinámica de grupos no Barbanza; Encontro pedagóxico de Ferrolterra en conxunción coa AS-PG; VII encontro de debate sobre a temática da territorialización e VIII sobre a Reforma (coa participación invitada da profesora Elena Partín, Directora Xeral de Renovación Educativa do MEC) e IV Escola de Verán de NEG, celebrada en Santiago. • Publicación de dous recursos didácticos de investigación do medio e <i>Apuntes da nosa historia escolar</i>, desde o Grupo territorial de Ourense. • Pronunciamento crítico, pero favorable, sobre a LOXSE, feito público o 12 de maio. • Pronunciamento contra o Decreto de exencións do galego. • Edición do nº 11 da RGE.
<p>1991</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Celébranse en xaneiro as III Xornadas de Normalización do Galego, coa participación de 70 ensinantes. • En febreiro queda aprobado un texto colexiado sobre a organización dos MRP en Galicia. • Ao longo do mes de maio acompañamos a exposición <i>Ferrer y Guardia e a Escola Moderna</i>, que percorre as cidades de Ourense, Santiago, A Coruña e Pontevedra, coa realización de varias conferencias. • Comeza a editarse en novembro o Boletín de Educación para a Paz <i>Novapaz</i>. • Apróbase un documento sobre os recentemente creados Equipos de Normalización Lingüística. • Todos os xoves do curso aparece en <i>La Región</i> e en <i>Atlántico Diario</i> o suplemento de educación “Na Escola”, baixo a coordinación de Xosé M. Cid.

<p>1991 (segue)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • NEG convoca a V Escola de Verán, arredor da preocupación “escola e diversidade”, e o V Encontro de Educadores/as pola Paz, celebrado na Guarda. • Celébrase en Pontevedra unha Xornada de Didáctica da Lingua, en colaboración co colectivo Olo de sapo. • Representando a NEG participamos: no Encontro anual de MRP celebrado en Cáceres en xullo, Carmen Soto, e Antón Costa no Encontro da FIMEM en Vila Viçosa, no Alentejo (Portugal). • O grupo de traballo de Educación infantil e de primaria de Santiago consolida a súa liña de traballo pedagóxico cun encontro (Santiago) de formación con educadoras de varios lugares do Estado.
<p>1992</p>	<ul style="list-style-type: none"> • En xaneiro desenvólvese a campaña “Aprender a xogar, aprender a vivir” contra os xoguetes belicistas. • O 8.II celébrase a IX Asemblea anual, na que se pon de manifesto unha certa crise na vitalidade organizativa da Asociación. Perde algunha centralidade o Secretariado Nacional a favor dos Grupos de Traballo. • Mantéñense as zonas territoriais de Vigo, A Coruña, Salnés, Ferrol, A Barbanza e Bergantiños, e establécese unha comunicación continuada con ensinantes ligados á Escola de Verán de Lugo. • Celébranse as IV Xornadas de Educación Ambiental no Barbanza, coordinadas polo profesor Xulio Gutiérrez Roger; o V Encontro de Educación para a Paz, que se celebra en Ourense; as IV Xornadas de Normalización Lingüística no ensino; e a VI Escola de Verán/Congreso Internacional de Pedagogía da Imaxe, celebrado na Coruña. • O encarte de educación “Na Escola”, que semanalmente publica <i>La Región</i> de Ourense, por impulso dos profesores de Nova Escola Galega, chega ao seu número 112, despois de máis de dous anos de vida. • Edítase o fermoso libro <i>Garabullino</i> en Ourense. Son membros de NEG as e os autores dos <i>Cadernos 1 e 3</i> sobre a Reforma educativa e do texto <i>Os cómics na escola e Falar e escoitar</i> editados por Ed. Xerais de Galicia, como tamén os libros de texto do ciclo inicial de Ed. primaria “Nobelos de papel”. Ademais, as mestras do Seminario de Ed. Infantil de NEG editan <i>Outras aulas, outra escola</i>. • O local central de NEG trasládase en outubro á rúa Betanzos da cidade de Santiago, coa implicación especial de María Castro no relacionado co seu mantemento. • Delegados de NEG, AS-PG e Escola de Verán de Lugo celebran unha reunión de coordinación na Granxa Barreiros (Sarria).



<p>1992 (segue)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Edítase en galego o libro de actas do II Congreso de MRP celebrado en Gandía en 1989. • Créase, coa participación de NEG, unha plataforma impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística, e tamén unha en defensa do ensino público en Ferrolterra. • Celébrase na Coruña a primeira edición de Pé de Imaxe. Congreso Internacional de Pedagogía da Imaxe.
<p>1993</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Celébranse o 17 de abril os dez anos da Asociación e a X Asemblea Anual ordinaria, con Xosé Ramos como Presidente. Edítase unha memoria dos dez primeiros anos de NEG e un amplo informe de prensa de todo o período. Dentro das actividades realizadas hai unha exposición de materiais didácticos das aulas e unha conferencia central impartida por Jaume Carbonell, de Cuadernos de Pedagogía. Apróbase o manifesto "Que florezan cen escolas novas" e noméanse socios de honra tres profesores. • Asíñase un protocolo de colaboración coa CIG, CCOO e o STEG. • Celébranse xornadas, entre outras, no Barbanza, nas Terras de Xallas, na Mariña, a Escola de Verán de Oleiros e o Congreso Pé de Imaxe. • O Grupo Gaia de Educación Ambiental publica unidades didácticas sobre a saúde e a natureza. • Mediante procesos electivos, membros de Nova Escola Galega acceden aos consellos directivos de seis Centros de Formación Continuada de Profesores (Emilio Legaspi, Pepe A. Castro, Manuel Álvarez Cruz, Xosé Lastra, Paco Veiga, X. Ramón Bernárdez).
<p>1994</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elabóranse documentos sobre o currículo, a organización escolar e a formación do profesorado, mediante grupos de traballo específicos. • Aumenta a participación de asociados e asociadas en distintos Consellos Escolares (de Galicia, e municipais) con 12 asociados/as. • Co-organizadores do I Congreso Europeo de Educación para a Paz, celebrado en Compostela. • Celébranse os VII Encontros de Ensinantes no Morrazo, coa participación invitada do profesor Federico Martín; a VIII Escola de Verán en Oleiros; o III Congreso de Pedagogía da Imaxe/Congreso Mundial de Pedagogía da Imaxe; as V Xornadas de E. Ambiental no Barbanza; así como o VIII Encontro Galego de Educadores/as pola Paz, que será ademais o I Encontro Galego-Portugués, celebrado en Lisboa, coa colaboración do Movemento de Educadores pola Paz; así como unha Xornada de Matemáticas Recreativas, baixo o impulso do grupo de formación Negamates (Pancho Álvarez Fontenla, Fina Mosquera Roel). • Constitución e posta en marcha da Plataforma polo Ensino Público, con catorce entidades sindicais, cívicas e de renovación pedagóxica, por impulso de Nova Escola Galega. • Edición de tres números de <i>NovaPaz</i>; do documento <i>20 preguntas sobre o conflito iugoslavo</i>, de Carlos Taibo; as Actas das xornadas "O reto do presente", celebrado en Ourense; e do nº 31 do <i>Boletín Interno</i>. • Baixo a dirección de Antón Costa entrégaselle ao Consello Escolar de Galicia o "Primeiro Informe sobre o estado e situación do sistema educativo en Galicia", coa participación de diversos asociados e asociadas, entre outros profesionais, na súa elaboración. • Participación nun encontro de MRP de Cuenca e no Encontro estatal de MRP celebrado en maio en Tenerife, coa intervención de Xosé Ramos, Mariló Candedo e Xosé Lastra como representantes de NEG. • Constitúese en Santiago o Seminario de Orientación e Titoría, animado polo profesor Antonio Ermida (quen infelizmente morrerá en 1995, o que dificultará a vida do grupo de traballo).
<p>1995</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Pronunciamento crítico de Nova Escola Galega ante a LOPAGCE. • Xunto con X. M. Cid, X. R. Bernárdez, Pepe Álvarez e Carmela Cons asumen diversas responsabilidades: Lois Ferradás, Ricardo Ventosa, Manolo Bragado, Xosé Lastra (en calidade de presidente da Coordinadora Galega de MRP e coordinación galega e estatal de MRP), Pepe Ramos, Cecilia Bello, Tere Ferreiro, Suso Jares, Miguel V. Freire, Mariló Candedo e Antón Costa. • Pronunciamento favorable sobre o Decreto para a Galeguización o 22 de setembro. • Constitución da Plataforma do Ensino en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística, con varias organizacións do profesorado. • Celébrase o IV Congreso de Pedagogía da Imaxe durante 6 días de formación e máis de 350 inscritos/as; en Sarria ten lugar o IX Encontro Galego de Educadores pola Paz/II Galego-portugués; e encontros na Mariña (coa coordinación de Bríxida Pino e de Emilio Legaspi) e no Morrazo.

<p>1995 (segue)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Celébrase en Ourense o II Congreso de Movementsos Sociais Alternativos (Pacifismo, Feminismo e Ecoloxía) organizado por Nova Escola Galega, coa participación invitada de Marina Subirats, Cristina Almeida e Cristina Alberdi, entre outras. • Edítase en Ourense o libro <i>Política y pedagogía</i>, do socio de honra Fernández Mazas, e no mesmo ano outras varios textos de historia educativa en Galicia. • A profesora Alicia López Pardo representa NEG na Mesa estatal de Escola Rural dos MRP; Carmela Cons e María Castro na de Infantil; Pepe Álvarez, X. M. Cid e Mercedes Suárez participan en actividades formativas en Tras os Montes; Pepe Lastra e Antón Costa acoden como invitados na Escola de Verán de Ciudad Real. • O IV Congreso Internacional de Pedagogía da Imaxe reúne 500 participantes. • Organización do "II Encontro Mundial de Educación cos medios" con representantes de 30 países dos cinco continentes.
<p>1996</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Celébrase o X Encontro Galego e III Galego-Portugués de Educación para a Paz no mosteiro de Poio e asociados de NEG implícanse na defensa de insumisos ao servizo militar obrigatorio. • Coa coordinación de X. M. Cid editase <i>Por unha escola do pobo. No centenario de C. Freinet (1896-1996)</i> e Antón Costa participa nos actos do Centenario celebrados en Antibes-Cannes (Fr.) no marco do Congreso do Institut Cooperatif de l'Ecole Moderne (ICEM). • Compóñense as Mesas sectoriais sobre currículo, escola rural e interculturalismo, en conexión coa Mesa Estatal de MRP. • Apróbase o documento "Alternativa para a etapa infantil no medio rural galego". • Ten lugar en decembro o III Congreso Estatal de MRP en Torremolinos (Málaga), que aproba o documento "Sinais de Identidade da Escola Pública", con participación de 14 asociados e asociadas de Nova Escola Galega.
<p>1997</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mariló Candedo asume a Presidencia de Nova Escola Galega, cun Secretariado Galego parcialmente renovado. • Desenvólvese a Exposición itinerante "Construír a Paz / Cultura para a Paz", con actos poético-musicais e presentación dun libro e un manifesto en 10 cidades e vilas de Galicia que acompañou ao libro <i>Construír a Paz. Cultura para a Paz</i>, que coordinaba Suso Jares. • Rexístranse os seguintes equipos de traballo: Educación infantil e CI, Educadores pola Paz, O trinque de medios audiovisuais, Pé de Imaxe, Enxergo de Filosofía, Gaia de educación medioambiental, Consello de redacción da RGE, Equipo Escola de Verán das Mariñas dos Condes e Equipo dos Encontros do Morrazo, e Grupo de educación secundaria (coordinado por Manuela Catoira).



1997 (segue)	<ul style="list-style-type: none"> • Sae o primeiro boletín <i>Nova Escola Galega Opina</i>, como modo de comunicación que se envía a todos os centros públicos de Galicia. • Son presentados dous proxectos ás Institucións Europeas: Proxecto europeo de linguas minoritarias e Pé de Imaxe. • Celébrase o VI Congreso de Pé de imaxe e a Escola de Verán de Oleiros. • Nas eleccións a Consellos Directivos dos CEFOCOP foron elixidos Manuela Catoira (A Coruña), Secundino García Mera (Ferrol), M. Álvarez (Ourense), Xosé A. Castro (Pontevedra) e Francisco Centrón (Vigo). • A fin de novembro celebrouse o XVII Encontro estatal de MRP en Mérida con 9 participantes de NEG. • Editáronse os nº 29 e 30 de Revista Galega de Educación. • En decembro incorpórase Sonia López Soto como Secretaria administrativa de NEG. • Manteñen actividade a Plataforma en defensa do ensino en galego, a Mesa estatal de MRP e a Plataforma Galega pola Escola Pública.
1998	<ul style="list-style-type: none"> • Apoio de Nova Escola Galega á Marcha mundial contra o traballo infantil. • Campaña, con Amnistía Internacional e o IGADI, sobre o 50 aniversario da Declaración Internacional dos Dereitos Humanos. • A Coordinadora Galega de MRP (reducida a AS-PG, Instituto de Socio-Pedagogía de Galicia e NEG), reelixe Xosé Lastra como Presidente. • Celébrase o 12 de setembro a XV Asemblea Anual. • Desenvólvense varias actividades no marco dos 50 anos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Edítase o nº 25 de <i>NovaPaz</i>. • Faise unha presentación de NEG na Mariña e unha campaña de afiliación en varias zonas. • Celébranse o VII Congreso de Pedagogía da Imaxe e a VI Escola de Verán en Santiago. • Conmemóranse en Bande os 25 anos do reinicio da presenza da pedagogía Freinet en escolas galegas.
1999	<ul style="list-style-type: none"> • Apróbase o novo e importante documento <i>Modelo de Normalización Lingüística para o ensino</i>, elaborado polo Grupo de Normalización. • Aparece a revista de comunicación infantil <i>Golfiño</i>, por impulso do profesor Miguel Vázquez Freire (e desaparece en xuño de 2001). • Documento de Ramón L. Facal / NEG sobre o ensino das Humanidades, suscitado pola política estatal. • Mantéñense varias mesas técnicas no marco da Mesa Confederal de MRP e Xosé A. Castro pasa a presidir a Coordinadora Galega de MRP. • Rexístranse os seguintes grupos de traballo, coa coordinación que se indica: Educación infantil e Primaria (Carmela Cons), Educadores/as pola Paz (Suso Jares), Escola rural (Alicia López), O trinque de medios audiovisuais (Xoanca Albarellos), Normalización lingüística (César Martínez Yáñez), Grupo Gaia (Mercedes Suárez), ensino secundario (Manuela Catoira) e Pé de Imaxe (Rosario Belda).



Parte do Grupo de Normalización Lingüística de NEG.

<p>1999 (segue)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Celébrase Escola de Verán en Santiago, o VIII Congreso Pé de Imaxe, os XIII Encontros Galegos e VI Galego-Portugués pola Paz, e encontros de educación na Mariña e en Chantada. • O Seminario de Educación Infantil e Primaria, logo de xestións de Beatriz Navarro, desprázase a Módena (Italia) coñecer a realidade educativa municipal <i>in situ</i>. • En maio celébrase o XVIII Encontro estatal de MRP en Gandía, e as persoas de NEG participantes presentan a experiencia Chavós de educación da infancia xitana. • Ademais das responsabilidades individuais, que se manteñen en Mariló Cadedo, Benxamín Salgado Gómez, Xosé A. Pérez Martínez e Xoanca Alvarellos Codesido, forman parte do Secretariado: Xosé Álvarez, Xosé Ramos, Carmela Cons, Cecilia Bello Álvarez, Cesar Martínez Yáñez, Xosé Lastra, Andrés Santalla López, Antón Costa, Mercedes Vázquez e X. M. Cid. • Edítase o nº 33 da <i>Revista Galega de Educación</i>, baixo a dirección de Manolo Bragado. Remata unha primeira serie e o compromiso de edición por parte de Edicións Xerais de Galicia.
<p>2000</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Reexame da RGE: esquemas organizativos, filosofía, consello de redacción e establecemento de relacións coa Editora Atlántica, finalmente non calladas, logo dunha campaña insuficiente de captación de subscritores/as. • Celebración das Xornadas monográficas en Santiago coa temática “Diversidade: riqueza e desafío” e tamén da Escola de Verán de Ferrolterra en Ortigueira. • Desenvolvemento municipal en Vigo do programa “Aprender a convivir” entre NEG e a Concellería de Educación e Muller, coa coordinación de Suso Jares. • Profesorado da provincia de Lugo que compoñía a Asociación Escola de Verán de Lugo incorpórase a Nova Escola Galega. Pasarán a ter distintas responsabilidades a profesora Carmen Díaz Simón e os profesores Manuel López e Alfonso Villares. • Realízanse declaracións sobre o galego no ensino e contra a militarización da investigación.
<p>2001</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aprobación do documento “Os MRPs diante do Decreto de Ensinanzas Mínimas”. • Na asemblea anual, realizada no inicio do ano, deixa a Presidencia de NEG Mariló Cadedo, quedando o Secretariado como órgano colexiado, dentro do que Carmela Cons asume a Secretaría; por isto celébrase o 27.X unha asemblea extraordinaria para nomear nova presidencia sen que se logre. En todo caso Carmela Cons, asume desde a Secretaría, a coordinación do Secretariado Galego, do que forman parte, entre outros, Xesús Rodríguez Rodríguez, Esther Vázquez Otero, Fernando Vidal Meijón, Paco Veiga e Benxamín Salgado. • Edítase o nº 47 do <i>Boletín Interno</i> de NEG. • Congreso de materiais curriculares e diversidade sociocultural en Galicia, baixo a coordinación de Xesús R. Rodríguez. • Celébrase en Lugo o Primeiro Encontro Galego de Educadores/as e Orientación, coa coordinación de Alfonso Villares, e a Escola de Verán en Ferrolterra. • Xesús R. Rodríguez e Andrés Santalla representan NEG no XIX Encontro estatal de MRP.
<p>2002</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Debate e documento sobre a Lei de Calidade (LOCE). • Co-organización de campaña Correlingua en toda Galicia. • Implicación educativa nas actividades contra a marea negra do <i>Prestige</i>. • Mediante a celebración da asemblea anual, adiada a 19.X, procedeuse a renovar o Secretariado Galego e as súas responsabilidades individuais: Francisco Veiga García é elixido presidente de NEG, xunto con Andrés Santalla como secretario e Sonia López Soto como tesoureira. Forman parte tamén do Secretariado Xosé Álvarez Castro, Montse Castro Rodríguez, González Seoane, Xoán Lorenzo Lourido, Ana Pose, Xosé Ramos Rodríguez, Xesús Rodríguez Rodríguez, Alfonso Villares, Manolo López e Esther Vázquez. • Celebración de diversos encontros e xornadas. Entre eles, o II de Educadores/as e Orientación en Lugo, a Escola de Verán en Ferrol (entre o 8 e o 12 de xullo), o II Congreso de materiais e diversidade e o Encontro de Educadores/as pola Paz, • Nace o grupo de traballo <i>Cavila</i> de formación sobre materiais curriculares, con 9 asociados/as. • En Vigo segue a desenvolverse o programa municipal “Aprender a convivir”.



O XX Aniversario de NEG (Museo do Pobo Galego, Compostela, 2003).

2003	<ul style="list-style-type: none"> • Refórzase a edición do <i>Boletín Interno</i> cun Consello de redacción composto por Montse Castro Rodríguez, Manuel González Seoane, Ana Pose e, na coordinación, Manuel López e Esther Vázquez, co apoio de Paco Veiga. • Celébrase o XX Encontro Estatal de MRP en Alcalá de Henares (25-27.X). Xosé Álvarez Castro representa NEG na Mesa Confederal estatal. • Iníciase o contacto cos asociados e asociadas mediante correo electrónico. Deixa o encargo de Secretaría técnica administrativa Sandra Otero e é contratada María Pereira. • Desenvolve diversas iniciativas a Mesa Galega de Infantil, constituída por Nova Escola Galega (Carmela Cons e María Castro) con Preescolar na Casa, Cerotrés e AGAMEI. • Celébranse as Primeiras "Xornadas Ciencia e Territorio" para ensinantes en Melide. • É o ano da catástrofe ambiental do <i>Prestige</i>, que suscita distintas iniciativas xunto a unha ampla marea de ensinantes e centros de toda Galicia. Ademais, ten lugar o III Congreso de materiais curriculares, organizados polos grupos <i>Cavila</i> e <i>Cambela</i> baixo a coordinación de Xesús Rodríguez, que se dedicará a analizar os materiais producidos con ocasión deste desastre ambiental. • Están activos os grupos seguintes: Orientación, en Lugo, que organiza o III Encontro Galego de Educación e Orientación Educación Infantil e Primaria; Normalización da lingua galega; <i>Cavila</i>; e Grupo de traballo de educación secundaria. • O Departamento Municipal de Santiago edita o texto <i>Materiais curriculares e diversidade socio-cultural</i> (coordinado por Xesús R. Rodríguez). • Por impulso de Francisco Veiga e outros asociados constitúese a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AXGPT). • Pronunciamento de Nova Escola Galega ante a supresión de escolas rurais. • NEG tamén participa na Plataforma social "Guerra Nunca Máis" contra a guerra no Iraq e a participación española propiciada polo PP. • Conmemoración do "XX Aniversario de Nova Escola Galega: 20 anos facendo escola", coa participación invitada do profesor valenciano Jaume Martínez Bonafé. Xunto á exposición de distintos recursos, nomeáronse seis socios/as de honra, aprobáronse a nova web (nova-escola-galega.org), e un manifesto público ("Unha escola da cidadanía e da democracia"), con intervención de tres ensinantes en representación de tres xeracións: Agustín F. Paz, Carmela Cons e Ana Pose. Ademais, realizouse unha ofrenda floral ante o cadaleito de Castelao, presidida por Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao e Socio de Honra.
------	--

<p>2004</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A exposición fotográfica 20 anos de Nova Escola Galega percorre varias cidades galegas (Santiago, Lugo, A Coruña, Ourense). • En setembro édítase o nº 51 do <i>Boletín Interno</i>. • A través de Pepe Ramos NEG está representada no Consello Escolar de Galicia e Xosé Á. Castro e Antón Costa participan nun encontro de MRP en Toledo. • Celébranse, entre outras actividades, as II xornadas de Ciencia e Territorio, a Escola de Verán en Fene, o XVIII Encontro de Educadores/as pola Paz e o X Galego-portugués en Setúbal (Portugal), o Encontro de materiais didácticos organizado por <i>Cavila</i>, as II Xornadas de Educación no medio rural (despois dos catro encontros celebrados nos anos 80, agora volvíanse numerar desde I) e os IV Encontros de Orientación en Lugo. • Celébrase o primeiro ciclo de cine para educadores e educadoras, coa colaboración de <i>Sine Nomine</i>. • Ten lugar a II Edición dos Premios de Educación EducaCompostela coorganizados polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e NEG.
<p>2005</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Nova Escola Galega apoia as iniciativas de "Ponte nas Ondas". • Na asemblea anual celebrada no mes de maio procede a renovarse o Secretariado Galego: presidente, Xosé Lastra; secretaria, Montse Castro; vicepresidente, Xosé Álvarez; e tesoureira, Sonia López. Del tamén forman parte: Xosé Ramos, X. M. Cid, Xosé M. Malheiro, Xoán Lorenzo, Esther Vázquez, Paco Veiga, Xesús R. Rodríguez, Helena Zapico Barbeito e Rosa Mª Vicente Álvarez. • Celébrase o "I Congreso Ibérico: A Fenda Dixital", que impulsan Xesús Rodríguez e Xosé M. Cid. Tamén se celebran as III Xornadas de Ciencia e Territorio: a botánica, a VI Escola de Verán de Ferrolterra, os XIX Encontros da Paz en Camposancos, o II ciclo de cine documental e un Encontro sobre os maiores na escola, que coordina Helena Zapico. • Ponse en marcha o Programa Audiovisual nas Aulas, por impulso do Grupo Pé de Imaxe. • Celébrase en Almagro o Encontro Estatal de MRP conmemorativos do XXV Aniversario dos Encontros (nel participan: Xosé A. Castro, Xoán Lourenzo e Xosé Lastra). • Promóvese a candidatura de Suso Jares aos Premios Unesco de Educación para a Paz. • Presenza de sete representantes de Nova Escola Galega no Encontro do Foro Social Ibérico pola educación celebrado en Córdoba. • Volve editarse a <i>Revista Galega de Educación</i>, impulsada por Nova Escola Galega, agora coa dirección do profesor Xesús Rodríguez e un parcialmente renovado Consello de Redacción. No outono aparece o nº 34.



Cabeceira de *Vieiros da escola*.



20 anos facendo escola (2003)



NEG Opina (2004)



O nº 34 da *Revista Galega de Educación*.

<p>2006</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comeza a iniciativa virtual “<i>Vieiros da Escola</i>” en colaboración coa empresa de comunicación Vieiros. • Comeza a colaboración co Proxecto Terra mediante convenio co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. • Celebración dun curso de 30 horas sobre cine documental e Historia, en colaboración con <i>Sine Nomine</i>. • Apróbanse desde o Secretariado protocolos ou guías de actuación para a organización de actividades e de grupos de formación, ao tempo que se solicita (22.II) a “declaración de utilidade pública” para Nova Escola Galega. • Celébranse as II Xornadas “A Escola: punto de encontro entre o profesorado e os educadores/as sociais”, as IV Xornadas de Ciencia e Territorio en Melide, a IV convocatoria dos Premios EducaCompostela e un I Encontro de debate sobre o medio rural galego. • O Museo do Pobo Galego acolle o Encontro e exposición “Actividades e recursos educativos dos museos de Galicia”. • Desenvolvemento do sitio web de Nova Escola Galega (www.nova-escola-galega.org). • Programa de Educación e Convivencia desenvolvido polo Concello de Lugo en colaboración co grupo Educadores/as pola Paz de Nova Escola Galega. • Nova Escola Galega organiza en Santiago o XII Encontro Estatal dos Movementos de Renovación Pedagóxica ao que acoden máis de 100 educadores de todo o Estado. • O XX Encontro de Educadores/as pola Paz celébrase en Lugo con preto de 200 participantes e con homenaxe de recoñecemento a Suso Jares que, por enfermidade, non puido participar. • Celébranse en varias cidades e na Pobra de Trives, logo do acto central en Santiago, actos de memoria democrática e de respecto ao profesorado fusilado/asasinado polos franquistas, logo do golpe de estado de 1936. • Edítanse o nº 35 da <i>Revista Galega de Educación</i>, con novo deseño, o nº 54 do <i>Boletín Interno</i> e mantense a colaboración periódica <i>Vieiros na Escola</i> que chega á entrega nº 16. Son editados varios libros, con colaboración institucional, sobre educación social e escola, fenda dixital e materiais curriculares.
<p>2007</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coorganización do XXI Encontro Galego-Portugués de Educadores/as pola Paz en Chaves (Portugal), con máis de 200 inscritos/as. • Primeiras Xornadas de Oralidade para Educadores/as. Arca-O Pino. • Exposición “Recursos e actividades formativas sobre o aproveitamento educativo dos museos” e edición do libro <i>Actividades e recursos educativos dos museos de Galicia</i>, coa coordinación de Ana Pose e o apoio de Xesús R. Rodríguez. • Celebráronse as IV Xornadas de materiais curriculares e o V Congreso de materiais e recursos educativos innovadores, a VII Escola de verán de Ferrolterra, un encontro sobre as migracións nas sociedades contemporáneas (Caldas de Reis), as III Xornadas de cine e historia en colaboración con <i>Sine Nómine</i>, o II Encontro de debate sobre a educación no medio rural (celebrado en Chantada), as V Xornadas de Ciencia e territorio e as III Interxeracionais rurais de Cabreiros. • Aprobouse o documento interno Protocolo de contabilidade de NEG. • Mantéñense interrelacións estables co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, coa Mesa estatal de MRP e coa Mesa de Escola Rural. • Delegados de NEG participaron (febreiro) no Congreso estatal de redes de innovación educativa e no Forum de Educação do Foro Social, celebrado en Lisboa. • Asinouse o Manifesto polo ensino en galego. • Apoioouse a candidatura do Patrimonio inmaterial Galego-Portugués á declaración pola Unesco como Obra Mestra do Patrimonio Inmaterial. • Presentouse ao Parlamento Galego, conxuntamente con Agappaz, unha proposta de tramitación da ‘Lei Galega da Paz’. • <i>Vieiros da escola</i>: publicáronse este ano desde o nº 17 ata ao nº 23.


2008	<ul style="list-style-type: none"> • Entre as actividades deste ano, que son en parte consecuencia das iniciativas dos Grupos de traballo de NEG, anotamos: o II Congreso do patrimonio etnográfico con referencia ao centenario de Xaquín Lourenzo, celebrado en Ourense; as IV Xornadas Interxeracionais Rurais, en Cabreiros (Xermade), que se celebrarán con continuidade e tratamento de diversos e complementarios aspectos ao longo de todos os anos sucesivos; o II Congreso ibérico A Fenda Dixital (as TIC entre a escola e a comunidade); o III Ciclo de cine e historia, en colaboración con <i>Sine nomine</i>; o III Encontro sobre o medio rural e a escola, celebrado na Capela; a II Festa da narración oral e sobre oralidade para educadores/as; e o V Encontro de ciencia e territorio, celebrado en Melide. • Celebración en Vigo no mes de abril do XXII Encontro de Educadores/as pola Paz con actividades socio-culturais dirixidas ao gran público; conmemoración dos 25 anos do Grupo Educadores / as pola Paz e homenaxe a Suso Jares (falecido o 28 de setembro). • En colaboración con Edicións Xerais de Galicia editáanse tres libros de Educadores/as pola Paz, coordinados por Suso Jares (<i>I: 25 anos de Educadores/as pola Paz; II: Presente e futuro de Educación para a Paz; III: Literatura para a Paz</i>). • Celebración da exposición de recursos e actividades educativas dos museos. • Edición dos nº 40, 41 e 42, da <i>Revista Galega de Educación</i> e de diversos temas en <i>Vieiros da escola</i>, así como inicio dun <i>Boletín interno</i> electrónico de saída puntual. • Celebración do XXV Aniversario de Nova Escola Galega, no Auditorio do Museo do Pobo Galego o 13 de decembro, con diversas actividades e algo máis de 100 asociados e asociadas presentes, entre elas a entrega do libro <i>1983-2008: Memoria e Proxecto. Alicerces para mañá</i>, a lectura dun Manifesto de Nova Escola Galega, o nomeamento de socios/as de honra, unha exposición da cartelística editada por NEG neste tempo e a intervención dos profesores Ricard Aymerich, en representación da Mesa Confederal de MRP, de Cesar Trapiello, en representación do "Movimiento Cooperativo de Escuela Popular-FIMEM", de Rui Trindade, do "Movimento de Escola Moderna" portugués e de Xoán Costa, en representación da AS-PG. • Participación nas actividades de creación de material didáctico do Proxecto Terra, desenvolvido desde o Colexio Oficial de Arquitectos/s de Galicia. • Adhesión e participación nas actividades para a consecución do dominio .gal (neg.gal) • Participación no Foro Social Galego. • Colaboración na edición das Actas do II Congreso sobre o Patrimonio Etnográfico (Ourense), arredor do ciclo do Entroido.
------	---



Inauguración dos actos de celebración do XXV Aniversario de NEG.



Con socios e socias de honra no XXV Aniversario de NEG.



Publicación co gallo do XXV Aniversario.

2009	<ul style="list-style-type: none"> • Ponse en marcha a campaña de afiliación a NEG "Asociarse, para que"? que será desenvolvida baixo o slogan <i>Engádaste? Engádeste?</i> no ano seguinte.
	<ul style="list-style-type: none"> • Procédese á renovación da imaxe gráfica de NEG. Inicio da presenza en facebook.
	<ul style="list-style-type: none"> • Prodúcese a renovación de mandatos no Secretariado Galego, baixo a presidencia de Mariló Candedo. Del tamén forman parte: Xosé Lastra, Helena Zapico, Rosa Mª Vicente, Marcos Botana, X. M. Cid, Susana Couso, Marga Graña, X. M. Malheiro, César Martínez, Xoán Lourenzo, Xosé Ramos, Paco Veiga, Esther Vázquez, Xosé A. Barral, Manuel Blanco Rábade, Secundino García e Carmen Díaz Simón, aínda que con implicacións de diferente intensidade, como adoita suceder en todos os secretariados.
	<ul style="list-style-type: none"> • O local central de NEG pasa a estar na rúa San Clemente de Santiago de Compostela.
	<ul style="list-style-type: none"> • Mediante un convenio coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Consellería de Industria (Xunta de Galicia PSOE-BNG) abórdase a dixitalización de grande parte da documentación histórica de textos producidos por NEG.
	<ul style="list-style-type: none"> • Elabóranse varios <i>NEG Opina</i>, en particular en defensa da galeguización educativa, ao producirse por parte do Partido Popular a paralización de procesos en marcha.
	<ul style="list-style-type: none"> • O dixital <i>Vieros da escola</i> incorpora novas guías didácticas, entre os nº 25 e 28.
	<ul style="list-style-type: none"> • NEG, coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia, edita <i>Nova Escola Galega e a lingua. 1983-2008. 25 anos en defensa do idioma</i>.
	<ul style="list-style-type: none"> • O mantemento dun convenio co concello de Lugo permite desenvolver distintas actividades arredor da convivencia escolar.
	<ul style="list-style-type: none"> • Entre os grupos de traballo sinalamos os de <i>Cambela</i> e Grupo de formación, que reúne 13 educadoras; <i>Cavila</i>, 11; e cifras menores os demais: Educadores/as pola Paz, Grupo de orientación de Lugo (existente desde o ano 2000) e Proxecto Terra, ademais do de <i>Revista Galega de Educación</i>.
	<ul style="list-style-type: none"> • Entre as actividades deste ano anotamos: o III Congreso do patrimonio etnográfico; as V Xornadas interxeracionais rurais celebradas en Cabreiros (Xermade); o II Congreso Ibérico A Fenda Dixital (as TIC entre a escola e a comunidade); o IV Ciclo de cine e historia, en colaboración con <i>Sine nomine</i>; o IV Encontro sobre o medio rural e a escola, celebrado na Capela; o VI Encontro de ciencia e territorio, celebrado en Melide; o XXIII Encontro de educadores/as pola paz; a I Xuntanza de alumnado mediador (institutos de Lugo); o I Curso de formación sobre patrimonio lúdico: os xogos tradicionais, levado a cabo en Melide; así como unhas Xornadas sobre educación e medios de comunicación.



Foto de grupo do XXV Aniversario de NEG. (Museo do Pobo Galego, 2008).

2010	<ul style="list-style-type: none"> • Apróbese a modificación dos Estatutos de NEG en asemblea extraordinaria, pasando a formar parte do Secretariado e como vogalías os representantes de Grupos de traballo. • Ao longo do ano desenvólvense, entre outras iniciativas, o I Seminario obradoiro de avaliación de materiais didácticos; o IV congreso de patrimonio etnográfico, en Ourense, en colaboración con Ponte... nas Ondas; a Xornada "Educar na Ponte" (Vigo e Melgaço); as VI Xornadas interxeracionais; as VIII de Ciencia e territorio, que NEG desenvolvía en Melide xunto cos Departamentos de Ciencias naturais e de CC. sociais do Instituto de Melide; o V Congreso de materiais didácticos innovadores; o II Curso de formación sobre o patrimonio lúdico; o curso "Vivir xuntos, convivir" con centros de educación secundaria da provincia de Lugo; e o primeiro Seminario sobre a memoria histórica, que neste caso abrirá outra ruta que se manterá con encontros anuais ata o presente. • Como grupos de traballo destacan <i>Cambela</i> (de educación infantil e ensino obrigatorio), <i>Cavila</i>, Normalización Lingüística, Educadores/as pola paz e o Grupo de NEG de Lugo, que reunía 12 integrantes e que, en colaboración co Grupo de Educadores/as pola paz, centra o seu traballo na cuestión da convivencia, os conflitos e a mediación. Todos con representación no Secretariado. • NEG maniféstase en varios momentos a través dos documentos públicos <i>NEG Opina</i>, con referencias á política educativa conservadora, á cuestión da convivencia escolar e á galeguización educativa. • Non se rexistra presenza na coordinación estatal de MRP, pero si no ámbito da Mesa galega de educación no rural e, como viña sendo habitual, no Consello Escolar de Galicia, a través do profesor Xosé Ramos. Neste Consello había tamén algún integrante máis asociado a NEG. • Como en anos anteriores, hai que destacar a convocatoria co Concello de Santiago e o seu Departamento de Educación dos Premios de Educación EducaCompostela. • No contexto da campaña Engádeste? de afiliación e subscrición á RGE, con reducidos resultados, é de anotar a convocatoria de acto cultural-musical realizado en Compostela a 10 de novembro: "Música e educación en concerto". • Edítase puntualmente de modo cuadrimestral a <i>Revista Galega de Educación</i>. • Prodúcese o sentido pasamento do profesor Herminio Barreiro, destacado profesor da Facultade de CC. da Educación da USC e asociado de NEG.
------	---

Boletín de asociación Nova Escola Galega
Estado actualizado completamente ao estado de asociación a 30 de Abril, 2010, de Santiago de Compostela

Nome e Apellido: _____
 NIF: _____
 Enderezo: _____
 CP: _____ Localidade: _____
 Provincia: _____
 Teléfono fax: _____ Teléfono móbil: _____
 Correo electrónico: _____

DATOS LABORAIS
 En activo En paro Estudiante Centro de traballo: _____

Enderezo: _____
 CP: _____ Localidade: _____
 Provincia: _____
 Teléfono fax: _____ Teléfono móbil: _____
 Correo electrónico: _____
Indicar de onde se recibe o salario no caso de traballo
Indicar o tipo de contrato no caso de traballo: indefinido temporario eventual etc.

FORMA DE PAGAMENTO
 Identificación bancaria: _____
 Cód. anual: Normal: 40 euros Descontada para socios e estudantes: 20 euros

Estado
 Data de saída (Paga dentro de 30 días que comparen a C.C.C.): _____
 Data de saída de 6 meses: _____

de _____ de _____ de 2010. Estado

REVISTAGALEGA DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA


Publicación pedagóxica de periodicidade cuadrimestral, en lingua galega, dirixida ao profesorado, aos educadores/as e técnicos/as da educación en Galicia e a todas as persoas interesadas na educación.

Os máis de 45 números editados desde 1986 constitúen o depósito dunha completa hemeroteca pensada para informar sobre a problemática educativa en Galicia; contribuír á formación cultural e pedagóxica dos seus lectores; crear un campo de reflexión e debate sobre a educación; gañar lectores de pedagogía en galego; mostrar as múltiples expresións e realidades dunha escola e dunha educación de trazos renovadores.

A súa estrutura e seccións dan conta dos diferentes aspectos sobre os que se centran as análises e as propostas pedagóxicas: Editorial - O tema (monográfico en cada número) - Entrevista - Educación social e escola - A lingua - Pensar o ensino - Novas tecnoloxías - A escola rural - Experiencias - Recursos do contorno - País e nais - Xoguetinas e briquetinas - Estudos e informes - Panoramas - Recensións - Humor.

Máis información en <http://www.nova-escola-galega.org>

ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



engádeste?
 engádeste?
 engádeste?
 engádeste?

NOVA ESCOLA GALEGA

ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO...

queremos seguir trazando unha mensaxe contraria á desprofesionalización e favorable á causa da transformación para contribuímos coa nosa acción e reflexión á construción dun sistema educativo GALEGO, PÚBLICO e DEMOCRÁTICO.

- ENTENDEMOS A RENOVACIÓN PEDAGÓXICA como un exercicio global e integrador das perspectivas didácticas e formativas sectoriais e especializadas, con necesaria autonomía e independencia organizativa e institucional a respecto doutras organizacións sindicais, políticas, académicas ou administrativas.
- NOVA ESCOLA GALEGA recólese no día a día como espazo de formación, de encontro, de reflexión e de acción concertada, de proposición de alternativas, de comunicación social, de identificación e de seguridade emocional colectiva.
- UN ESPAZO PLURAL, que queremos compartir con aqueles e aquelas que quixeran recoñecerse en posicións socioeducativas progresistas e de transformación.

AS VANTAXES DE ASOCIÁRESTE

Descostos nas cotas de inscrición das actividades de formación

Redución do prezo de subscrición á Revista Galega de Educación

Acceso á información, documentación e recursos de xeito preferente

Espazos de análise e debate baixo as premisas de amizade e liberdade



engádeste?
 engádeste?
 engádeste?

NOVA ESCOLA GALEGA

GRUPOS DE TRABALO
 Son o estrutura organizativa básica da Asociación, Articulada o seu traballo de reflexión, debate e formación arredor dunha temática específica, sobre a que se actúan documentos, reciben e toman propostas de consenso da asociación e, no seu caso, da comunidade educativa. Algúns grupos de traballo na actualidade: Cambela, Ensino obrigatorio; Cavila, Materiais Didácticos; Educadores/as pola Paz; Normalización Lingüística; Orientación; Proscrituras; terra de Melide; Venas da Escola.

FORMACIÓN PERMANENTE
 NEG promove unha gran variedade de actividades de formación permanente do profesorado, buscando a reflexión e o debate, o intercambio de experiencias e a conexión cos necesarios recursos metodolóxicos no ensino.

TRABALO INSTITUCIONAL E EN REDE
 NEG está integrada na Federación intersectorial de Movimentos da Escola Moderna (FEMEM), na Confederación Estatal de MRP (CEMRP), e colabora con distintas plataformas sectoriais e cidadanas a por do ensino público, do ensino rural, do de normalización lingüística. Participa en diferentes iniciativas institucionais e prof de renovación pedagóxica. Conta con representacións no Consello Escolar de Galicia e en varios Consellos Escolares Municipais.

PUBLICACIÓNS
 • NEG: unha publicación de reflexión pedagóxica, que goza dunha ampla difusión e recoñecemento social e profesional, tanto en Galicia como fóra do noso país.
 • NEG OPINA: Boletín monográfico gratuito que achega a análise que NEG fai da actualidade educativa máis significativa.
 • VÍDEOS DA ESCOLA: recurso didáctico en formato dixital publicado no xornal dixital Venas.
 • OUTRAS PUBLICACIÓNS: resultado de accións formativas e/ou de reflexións dos grupos de traballo. No web poden consultarse os arquivos históricos das múltiples publicacións, así como as referencias á outras máis recentes.

Boletín de subscrición á Revista Galega de Educación
El estado actualizado a 30 de Abril, 2010, de Santiago de Compostela

Nome e Apellido: _____
 NIF: _____
 Enderezo: _____
 CP: _____ Localidade: _____
 Provincia: _____
 Teléfono fax: _____ Teléfono móbil: _____
 Correo electrónico: _____
Indicar de onde se recibe o salario no caso de traballo
Indicar o tipo de contrato no caso de traballo: indefinido temporario eventual etc.

FORMA DE PAGAMENTO
 Si está relacionado asociado a NEG e desexo manter para a NEG o mesmo tipo de pagamento, marque aquí a case a súa entrada.
Identificación bancaria
 Data de saída (Paga dentro de 30 días que comparen a C.C.C.): _____
 Data de saída de 6 meses: _____

de _____ de _____ de 2010. Estado

Publicidade de NEG para a campaña de afiliación.

2011	<ul style="list-style-type: none"> • Póñense de relevo varias dificultades no desenvolvemento das actividades de NEG: maior complexidade administrativa imposta pola Consellería de Educación para o recoñecemento e homologación das actividades de formación desenvolvidas por NEG (o que obriga a reforzar a oficina técnica administrativa e a un maior esforzo por parte dalgúns persoas do Secretariado), dificultades de apoio financeiro para actividades de NEG e rexístrase pouca participación do profesorado en activo nas actividades externas de formación, mentres unha parte das actividades son sobre todo escollidas por persoal en paro.
	<ul style="list-style-type: none"> • Dáselle continuidade á campaña Engádaste? de afiliación e subscrición á RGE con actos celebrados en Ourense (17 de febreiro), A Coruña (21 de febreiro) e Ferrol (3 de marzo).
	<ul style="list-style-type: none"> • NEG guíase pola Lei de Réxime Fiscal de entidades sen fins lucrativos (de 2002).
	<ul style="list-style-type: none"> • En relación cos grupos de traballo hai que rexistrar algunha redución. En todo caso, anotamos a actividade dos seguintes: <i>Cambela</i>, con 14 persoas, desenvolve desde 2007 unha notable formación en Análise Transaccional Integrativo, coa formación que imparte Isabel López Arias; o de Normalización Lingüística; <i>Cavila</i>, sobre materiais didácticos —que, ademais, ensaia a formación dun grupo de traballo para a elaboración de materiais didácticos curriculares, baixo a coordinación de Benxamín Salgado—; o Grupo de Lugo, que aborda a cuestión da pedagogía por proxectos; e o de Educadores/as pola Paz.
	<ul style="list-style-type: none"> • Mantense, en liñas xerais, a realización de actividades de formación externas anuais, continuando as referencias dos inmediatos anos anteriores. A vila de Allariz será o espazo tanto do Encontro sobre medio rural, como dos Encontros de Educadores/as pola Paz, que reúne máis de 140 participantes, con invitadas como Rosa Valls Carol, de “comunidades de aprendizaxe”, e da Escola da Ponte, de Vila de Aves (Porto). Ten lugar o II Seminario sobre a memoria histórica, realizado entre Melide e O Bierzo, que acolle ao exguerrilleiro Francisco Martínez López, “Quico”, quen será xa unha querida presenza habitual en convocatorias sucesivas. E mantense o programa “Vivir xuntos, convivir”.
	<ul style="list-style-type: none"> • En relación á edición da <i>Revista Galega de Educación</i>, hai que anotar a chegada ao seu nº 50, presentado ante o medios de comunicación no Consello da Cultura Galega. Neste momento, o profesor José M^a Mesías Lema, que viñera sendo o autor das portadas (asesoría visual) entre os números 35 e 50, deixaba esta función nas mans da licenciada en CC da Información e responsable da Secretaría Técnica de NEG Xiana Lastra, quen as deseñou logo case na súa totalidade ata o presente. Tamén a Revista deixaba de ser editada na empresa editorial Litonor e pasaba a selo desde Rodi Artes Gráficas, na busca de algún menor custo de edición.
	<ul style="list-style-type: none"> • O peche do programa Preescolar na Casa desde a Consellería de Familia suscita a atención reivindicativa de Nova Escola Galega, que tamén participa en iniciativas relacionadas co cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias e no apoio tanto ao I Foro Social Galego Ben Común, como á iniciativa, non chamada, de Rede Popular de Ensino en Galego.
	<ul style="list-style-type: none"> • Comeza a rexistrarse o falecemento algo máis frecuente dalgúns asociados e asociadas, con considerable vida asociativa. Foi o caso agora de Manolo Blanco, animador do Grupo de Orientación/Grupo de Lugo e orientador escolar no IES Leiras Pulpeiro da cidade.



Presentación da RGE 50 no Consello da Cultura Galega - 25 anos da RGE.

<p>2012</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Con respecto aos Grupos de traballo non se manifesta ningunha incidencia particular en relación coas referencias de 2011. O GT <i>Cambela</i> segue participando nos Congreso de Análise Transaccional (APPHAT) como relator nos Congresos de Análise Transaccional de APPHAT, este ano en Sevilla. Pola súa parte, o Grupo de Educación rural terá unha considerable actividade no marco da Mesa Galega de Educación no rural, con iniciativas de conversas con Grupos políticos do Parlamento de Galicia e en varios procesos formativos no ámbito universitario de CC. da Educación. • A Federación de Nais e Pais de centros públicos de Vigo concédelle o Premio Suso Jares á convivencia a NEG, no mesmo ano no que a Asociación recibe o Pedrón de Ouro na horta da Casa de Rosalía en Padrón, nun acto de recoñecemento público moi ben acollido. • O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia nomea Colexiada de honra á Presidenta de NEG, Mariló Candedo. Pola súa parte, a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, na que interveñen con intensidade varios asociados, recibe, igualmente, un recoñecemento. • Ademais da edición de tres números da <i>Revista Galega de Educación</i>, dáselle luz pública a tres textos de <i>NEG Opina</i> ante a política conservadora e diante do anteproxecto do que ía ser a lei orgánica de educación, a LOMCE. • A profesora Alicia López Pardo, Miguel R. Carnota e Antón Costa participan no Encontro internacional da FIMEM celebrado en León, no mes de xullo, e como consecuencia reemprenderase a participación de NEG como membro da FIMEM. • No outono NEG intégrase na Alianza Social Galega. • Rexístrase o pasamento de dous asociados de honra, que foron Herminio Barreiro Calvete (pai de Herminio Barreiro Rodríguez e mestre do tempo da República, logo encadeado) e Avelino Pousa Antelo.
<p>2013</p>	<ul style="list-style-type: none"> • No inicio de marzo, celébrase a XXIX Asemblea anual ordinaria de NEG, con 50 asociados/as participantes, cun acto complementario de celebración dos 30 anos da Asociación, o que será ocasión para o nomeamento de varios/as asociados/as de honra. • O Secretariado, que mantén o seu ritmo de periódicas reunións (entre 8 a 10 cada ano) e unha presenza habitual de 8 a 9 compoñentes, rexistra algúns cambios, ao decaer algúns representantes de Grupos e incorporarse outros, como foi o caso de Belén Piñeiro, por Educadores/as pola Paz, ou o de Ana Isabel Castro Rodríguez, en representación de <i>Cavila</i>.



Cartel da gala "Para seguirmos camiñando".



Intervención da Presidenta, Mariló Candedo.



Alberto Mancebo, o presentador da gala,



Mini e Xiana Lastra.



Intervención de Agustín Fernández Paz.



Os d'Abaixo.



Peza conxunta.



Odaiko.



Tamara Kallaikia Tribal.




María Manuela e Xiana Lastra.



Peza conxunta.

<p>2014 (segue)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diversas asociadas/os de NEG participan en distintas plataformas e instancias que son expresión do movemento social, asinándose así diversos comunicados e manifestos xunto a outras entidades (sindicais, en relación coa lingua galega e co mundo rural). • Reciben distintos recoñecementos Xosé M^a Lema, Manolo Bragado, Antón Costa, Porto Ucha e Manolo González. Hai que rexistrar a perda por falecemento de Xaquín Yebra Pimentel, animador dos Seminarios da memoria democrática.
<p>2015</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coa participación de 33 asociados/as procedeuse á realización da Asemblea anual o 13.II na que se aprobou unha certa renovación do Secretariado Galego, en cumprimento estatutario, aínda mantendo a Presidencia por reelección en Mariló Candedo. Formarán tamén parte del: Xoán L. Lourido, Xosé Lastra, Sonia L. Soto, Sonia F. Casal, Camino Pereiro, X. Ramos, Xavier Rouco, A. Sotelino, Esther Vázquez, Ana I. Castro, Belén Piñeiro, Alicia López e Antón Costa. • Durante este ano leváronse a cabo os XXIX Encontros de Educación para a paz, que tiveron lugar en Chantada; o VII Encontro de debate sobre educación no medio rural, celebrado en Samos; o VI Seminario sobre a memoria democrática, realizado na Mariña de Lugo; o VI Curso de formación sobre o patrimonio lúdico, en colaboración coa AGXPT, sobre xogo, literatura oral e música; e unhas Xornadas de educación e cultura tradicional, celebradas en Teo. • NEG apoiou as mobilizacións programadas desde a plataforma “Queremos Galego”. • Publicáronse os tres números habituais da <i>Revista Galega de Educación</i>, e ademais unha separata contendo unha longa entrevista realizada por Antía González Ben desde os EUA, co acompañamento de Xesús R. Rodríguez e Antón Costa, ao pensador e pedagogo Michel Apple, aproveitando o seu nomeamento como Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña. • Aprobouse o documento “Proposta de Nova Escola Galega para a acción política municipal no ámbito educativo”, con ocasión das eleccións municipais democráticas celebradas neste ano. • Recibiron distintos recoñecementos David Otero, Xesús R. Rodríguez e Paco Veiga. • NEG foi partícipe de varias iniciativas sociais en relación co Secretariado Xitano, o Día de Rosalía e o Día Mundial da Educación social.
<p>2016</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Con ocasión da asemblea anual, con 40 participantes, examinouse a cuestión “De que falamos cando falamos de Innovación educativa?” e aprobáronse resolucións sobre a situación de devalo lingüístico e sobre a problemática dos novos currículos promovidos pola Consellería de Educación en cumprimento seguidista da LOMCE. • Entre os Grupos de traballo mantéñense <i>Cambela</i>, <i>Cavila</i>, Educadores/s pola Paz/AGAPPaz, Educación no medio rural. E prográmanse distintas actividades: o VII Seminario obradoiro sobre avaliación de materiais didácticos; o IV Congreso A Fenda Dixital (TIC, Neae, inclusión e equidade); as II Xornadas de educación e cultura tradicional, celebradas en Lodoselo e Sarreaus; os XXX Encontros galego-portugueses de educación para a paz, realizados en Amarante (Portugal), sobre familia, escola e comunidade; o IX Encontro de debate sobre o medio rural, celebrado en Cervantes; as XII xornadas interxeracionais de Cabreiros (Xermade) e o VII Seminario sobre a memoria arredor da represión do profesorado republicano. • Ademais celebráronse un Encontro transdisciplinar de co-aprendizaxe en contexto coa temática edu-comunicación e tecnociencia, unha Xornada sobre coeducación nos contextos rurais e colaborouse nas III Xornadas de educación social e escola, celebradas en Ourense, posteriormente reflectidas en Libro de Actas editado. • Por outra parte, convocáronse varios obradoiros: de percusión e canto tradicional, de técnica vocal, de danza tribal e de robótica educativa, ademais dun debate sobre os deberes escolares. • Con ocasión do Día da Paz e da non Violencia (30.1) deuse a coñecer o texto “Cultivar a paz con perspectiva de xénero”. Ao longo do ano producíronse dous <i>NEG Opina</i>, en relación con problemáticas de actualidade educativa, cunha intencionalidade formativa para o profesorado. • É de salientar a realización de varias actividades formativas nas Facultades de CC. da Educación (Santiago, A Coruña, Ourense e Lugo) mediante a participación de varias asociadas. • Procedeuse a unha renovación do Consello de Redacción da <i>Revista Galega de Educación</i>, que pasou a estar integrado por Xesús Rodríguez (como director), Antón Costa, Rosalía Rial, Emilio Insua, Mónica Baleirón, Xiana Lastra, X. Ramos, Pilar Sampedro e Paco Veiga. • Recibiron diversos recoñecementos: Xosé M. Cid (“Lois Peña Novo”), Secundino G^a Mera, Lois Ferradás e Marilar J. Aleixandre.


<p>2017</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Apréciase un momento de crise organizativa relativamente importante na vida de NEG, onde en certo modo se reflicten circunstancias externas desalentadoras, dada a desaparición do Programa Preescolar na Casa e da Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística. NEG recibe boas valoracións externas, “mais isto —escríbese— non se traduce en compromisos sólidos co seu mantemento” e a “Asociación leva anos sen ser quen de renovarse xeracionalmente como sería de desexar para desenvolver os distintos traballos do Secretariado e para garantir a actualización do noso proxecto organizativo, ademais de permitir unha mellor identificación das novas xeracións de docentes coa nosa proposta”. • En relación coas actividades, anotamos a realización do VIII Seminario obradoiro de avaliación de materiais didácticos, realizado en Monfero; o X Encontro de debate sobre educación e medio rural, realizado en Sedes (Narón); o XXXI Encontro de Educadores/as pola Paz, en Panxón (Nigrán); as V Xornadas de interpretación e dinamización do medio rural, en colaboración, na localidade de Friol; así como a I Xornada da Terra de Miranda, na Pontenova; ademais dun roteiro e unha exposición informativa sobre os TEA, en Ames, formando parte dun programa de debates na sede de NEG; como tamén un obradoiro sobre expresión corporal. Un equipo de traballo segue participando nas actividades do Proxecto Terra. • NEG incorpora neste ano un posto sobre a <i>Revista Galega de Educación</i> na Feira da cultura Cultural en Pontevedra. • Por vez primeira ensáíase a realización dun curso de formación en liña, baixo a coordinación do profesor Xavier Rouco, arredor da filosofía para a infancia. • Rexístrase unha relativa estabilidade nos grupos de traballo que alimentan unha parte das xornadas e encontros arriba citados, debendo destacar o reforzo do grupo de escola rural que promove a Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural, coa colaboración de Anpas Galegas, e que inicia a confección dunha web específica, para reunión documental de propostas, experiencias e outros labores. • Funcionan ademais distintas representacións desde NEG e participase en varias iniciativas sociais. • Promóvese a difusión dos filmes <i>Vida e Máis ca vida</i> dirixidos por Rubén Riós e que abordan a inclusión das diferenzas.
<p>2018</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Con ocasión da asemblea anual (28.II) discutiuse e aprobouse como documento de traballo o amplo texto “Revisando o noso presente”, previamente debatido polo Secretariado Galego e enviado a todos os e as asociadas para o seu coñecemento e elaboración de emendas. • Rexistrouse unha parcial renovación do Secretariado, do que é baixa Xoán L. Lorenzo, pasando Sonia F. Casal a exercer a secretaría e incorporándose Carmen Morán e Silvia Puga. • Levouse a cabo unha enquisa dirixida a toda a Asociación (270 persoas asociadas) sobre problemas, perspectivas e necesidades organizativas: foi contestada polo 13% da afiliación, sen que parezaran detectarse elementos valorativos que non estivesen contemplados nas reflexións feitas desde o Secretariado Galego, no marco dun clima de preocupación organizativa. • Prodúcese igualmente unha renovación no Consello de Redacción da <i>Revista Galega de Educación</i>, tendente ao logro tamén da renovación xeracional: son baixas Rosalía F. Rial, X. Ramos e Mónica Baleirón, e incorpóranse Uxía Bolaño e Ana Parada, que de camiño asumirán conxuntamente a dirección da Revista, co acompañamento de Marcos Chavarría, Suso Ferreiro, Andrea Maroñas, Xesús R. Rodríguez, Paco Veiga, Pilar Sampedro, Silvia López e Antón Costa. • Entre as actividades desenvolvidas: o XXXII Encontro galego-portugués de educación para a paz, celebrado en Chaves, coa coordinación de Belén Piñeiro e de X.M. Cid; o de Debate sobre educación no medio rural; o Encontro interxeracional de Cabreiros; o IX Seminario sobre memoria democrática, baixo a coordinación habitual de Carlos Cimadevila; a II Xornada formativa sobre inclusión socio-educativa e TEA; e as II Xornadas da Terra de Miranda, en Meira; ademais da continuación do curso en liña “Pensar e xogar: filosofía para crianzas”; e a celebración de sesións puntuais sobre “Os cans como recurso educativo”, “Boas prácticas para a selección e uso de videoxogos no fogar” e un curso de Formación en igualdade e proxectos educativos, iniciativas todas estas desenvolvidas, en parte, por medio dun convenio de actividades establecido co concello de Ames. • Participamos xunto con FOANPAS en Vigo no desenvolvemento da II Convocatoria de Premios e recoñecementos Suso Jares a experiencias escolares de boas prácticas de convivencia.



A Revista Galega de Educación nº 74.



NEG Opina de abril 2019.



Boletín interno nº 0 da nova época.

<p>2019</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O 9.III celebramos a XXXV Asemblea anual ordinaria de NEG, coa participación de 36 persoas asociadas. É un momento de ‘afirmación de consenso’, despois de varias reunións informais abertas en relación coa estabilidade organizativa da Asociación. E procédese á renovación do Secretario galego, cunha candidatura que se logrou conformar con Xosé Lastra (presidente), Carmen Denébola Álvarez (vicepresidenta), Lois Ferradás (tesoureiro), Esther Vázquez (secretaria); nas vogalías: Sonia Fernández Casal; Carmen Morán, Pedro Rodríguez, Santi Quiroga e Xosé Ramos; e como vogais representantes dos GT incorporáronse Silvia Puga (EstimArte), Carlos Cimadevila (Memoria Histórica), Mariló Candedo (Normalización Lgca.) e Paco Veiga (Terra de Miranda). • Como de modo habitual, na mesma xornada de convocatoria de asemblea anual ordinaria programábase un faladoiro, contando con dúas persoas relatoras que preparan unha documentación, con incitacións e interrogantes para o diálogo. Nesta ocasión falouse de “Educación pública e cidadanía democrática”. • Na procura de maior proximidade na comunicación interna difúndese o <i>Boletín Interno nº 0</i> correspondente ao curso 2018-19 —boletín que chegará en 2006 ao seu nº 54—, e faise agora con número único anual de carácter dixital, aflorando aí unha apreciable participación, coa coordinación das profesoras Esther Vázquez e Camino Pereiro. • No referido aos grupos de traballo, rexístrase unha perda considerable coa fin do Grupo <i>Cambela</i>, que viñera desenvolvendo unha rica actividade formativa ao longo de algo máis de tres décadas de posta en común das actividades de aula, co exame de metodoloxías e modos de intervención educativa na infancia. A xubilación dunha parte non menor das súas compoñentes conduce a esta decisión, dolorosa para NEG. • Continúan os grupos de traballo <i>Cavila</i>, Educadores/as pola Paz, <i>Grenor</i> (ou de Rural), Terra de Miranda (con varias persoas próximas a NEG) e o Seminario de memoria histórica, incorporándose como novo e reducido grupo <i>EstimArte</i>, formado polas orientadoras Silvia Puga, Ana Parada, Esther Vázquez. • O XXXIII Encontro de Educación para a Paz reúne 65 participantes no Carballiño; celébrase na Fonsagrada o X Seminario sobre a memoria histórica; as III Xornadas da Terra de Miranda, en Riotorto, reúnen en debate a 60 persoas; celébrase o X Seminario Internacional de avaliación de materiais curriculares en Ames, baixo a coordinación do Grupo Cavila. • Promóvense varias iniciativas arredor da exposición na Cidade da Cultura do cadro de Castelao “A derradeira lección do mestre”: elaboración e difusión dunha Guía didáctica, coa coordinación do profesor Víctor Santidrián, entre outros; a realización de visitas guiadas á exposición, e a colaboración na edición do nº dedicado ao estudo da represión e morte do profesorado debido ao golpe de estado de 1936 e á ditadura franquista por parte de <i>Sarmiento</i>. <i>Revista Galego-portuguesa de Historia da Educación</i>, baixo a dirección do profesor Narciso de Gabriel, asociado de NEG.
-------------	--

<p>2019 (segue)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Participábase en diversas iniciativas: plataforma Queremos Galego; campaña realizada sobre a indebida presenza da relixión como educación na fe nos centros escolares públicos; nas presentacións do libro <i>La educación es política</i> de Jaume Carbonell, exdirector da revista <i>Cuadernos de Pedagogía</i>, realizadas nas cidades de Ourense, A Coruña, Santiago e Ferrol; ademais de manter de modo activo a representación no Consello Escolar de Galicia, por parte do profesor Xosé Ramos; Antón Costa participa na celebración da II Bienale Internacional da Nova Educación, que se celebra en Poitiers (Francia), representando NEG, asociada da FIMEM. • Xunto á edición da <i>Revista Galega de Educación</i>, dáse luz pública a tres documentos de NEG Opina e ao <i>Boletín Interno nº 0</i> (dixital). • Mariló Candedo, Xosé Lastra e Belén Piñeiro representan NEG no XXXI Encontro da Confederación española de MRP, celebrado en Vélez-Málaga.
-------------------------	--



Xuntas do Secretariado no 2019.



Secretariado que se renova no 2019.



X Seminario sobre a Memoria Histórica, 2019.



III Xornadas da Terra de Miranda. Riotorto, 2019.



XXXIII Encontro de Educadoras/es pola paz. O Carballiño.

<p>2020</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Na asemblea anual queda aprobado o cambio de local de NEG, deixando a súa localización no Milladoiro (Ames), para pasar á rúa Luís Freire, 5, de Santiago de Compostela (barrio de Conxo). • É o momento no comezo da primavera da pandemia da COVID, que obriga a paralizar a actividade pública presencial de Nova Escola Galega, pasando a desenvolverse unha inédita ata o momento actividade de carácter virtual. Toda unha aprendizaxe tamén no seo de NEG, que levou a darlle máis atención ás redes sociais, en particular a través do facebook, e á presenza en medios como Nós TV. • Quedan adiadas parte das convocatorias de actividades anuais que se viñan realizando nos anos anteriores, e aínda así tiveron lugar algunhas mediante o procedemento virtual. • Foi deste modo como se realizaron as reunións periódicas do Secretariado Galego e mesmo a planificación dun número dixital extraordinario da <i>Revista Galega de Educación</i>, ademais do <i>Boletín Interno</i> correspondente ao curso 2019-20. • Preparouse e difundíuse o documento “Recursos na rede para o período de confinamento”. • Preparáronse dous laboriosos documentos de organización da vida de NEG, actualizando indicacións anteriores: o “Protocolo de actividades de formación” e un novo “Regulamento de Grupos de traballo”. • Deixa a súa actividade laboral ao fronte da Secretaría Técnica da Asociación Xiana Lastra, logo de bastantes anos de moi valiosa acción, e logo dun proceso público de selección de persoal administrativo é seleccionada a educadora social Andrea Maroñas Bermúdez, que inicia o seu desempeño en setembro. Un breve desempeño de catro meses, por case coincidencia con outra oportunidade laboral; ao existir listaxe de agarda, desde o inicio de 2021 será Martina Bañobre Fernández a nova responsable da Secretaría técnica, exercéndoa ata o presente.
<p>2021</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mantívose a situación de confinamento, que afectou de igual modo á realización de actividades de carácter presencial, de modo que asistimos a unha ‘virtualiación’ da vida asociativa, con redución de iniciativas. • En todo caso, mantívose a edición da <i>Revista Galega de Educación</i>; rexístranse case 90 entradas en facebook efectuadas desde Nova Escola Galega, que nos permiten facernos máis visibles e sensibilizar sectores de opinión; e ordénase unha canle de youtube, con varias listas temáticas: educación no rural, política educativa, NEG Opina, Educación pola Paz, RGE, Grupo de Normalización e Memoria Histórica. • Revitalízase, ademais, o grupo de Normalización Lingüística como foro de formación, de debate e de elaboración cara ao establecemento dun novo modelo de normalización da lingua galega no ensino. • Nace o novo grupo “<i>Fiar Estrelas</i>” co obxectivo de favorecer relacións interxeracionais inclusivas cunha metodoloxía de investigación-acción. Integran o GT Belén Blanco Vázquez, coordinadora e representante no Secretariado, Yolanda Pérez, Anxos García, Manuel Amdrade e Esther Vázquez.

2022	<ul style="list-style-type: none"> • Foi posible reunirse presencialmente, e así o fixeron a maioría dos 24 asociados/as participantes na asemblea anual realizada no mes de abril. • Ao longo do ano funcionaron establemente os grupos de traballo <i>Cavila</i> de materiais e recursos didácticos (a piques de cumprir 20 anos de vida) e que incorporou o nome de "Jaume Martínez Bonafé" como referencia académica e de educador para unha parte das súas iniciativas públicas; Memoria histórica; Educación e contexto rural, coa coordinación de Alicia López e de Pedro Rodríguez; Normalización Lingüística, coa coordinación de Mariló Candedo; <i>Fiar Estrelas</i> e Consello de Redacción da <i>Revista Galega de Educación</i>. Aos anteriores sumóuselle un novo Grupo "Coeducando", coordinado por Sonia Fernández Casal, arredor da educación contra as discriminacións de xénero; así como unha Comisión cara a analizar as posibles actividades a desenvolver para a celebración en 2023 dos 40 anos de NEG, o que vén representar arredor de 40 asociadas/os participantes nalgunha das dinámicas. • Celebración en Santiago organizados por NEG dos XXXIII Encontros Estatais de MRP coa temática "Desafíos da escola rural". • Con todo, rexistrouse unha menor presenza de actividades organizadas de formación, de encontro e de debate, que foron en particular: o Seminario sobre a memoria democrática; o XIV Seminario de avaliación de materiais, con atención aos videoxogos; o Encontro interxeracional; e a organización de dous roteiros didácticos en Compostela. • Desde NEG mantivéronse distintas representacións: no Consello Escolar de Galicia e en varios consellos municipais de educación, así como nas plataformas de defensa dun medio rural en loita contra a invasión de torres de enerxía eólica. Desenvolveuse nisto unha actividade constante por parte de varias persoas asociadas. Tamén participamos na III Bienal Internacional da Nova Educación, celebrada a fin de outubro en Bruxelas. • Con motivo do Día escolar pola non violencia e a paz non faltou o acostumbrado Manifesto acaído elaborado desde o Grupo de Educadoras/es pola Paz, nin tampouco a presenza arredor do Día Europeo das Linguas, do Día de Rosalía, do 8 de Marzo, Día internacional das Mulleres, e o apoio á proposta de "Ponte...nas ondas" como exemplo de traballo e de boas practicas educativas a prol da defensa do patrimonio cultural inmaterial. Con esta consideración finalmente a UNESCO concederíalle este importante recoñecemento internacional. • Noutra orde de cousas, NEG recibiu o recoñecemento "Lois Peña Novo" no Castelo de Soutomaior e, en setembro, a Asociación recoñeceu como Socio de honra o exguerrilleiro do Bierzo e participante habitual nos Seminarios sobre a memoria, Francisco Martínez, Quico. • O <i>Boletín Interno</i> de edición dixital consolídase dada a riqueza de información e o número de voces nel incorporadas. Neste momento compoñen o Consello Redacción Camino Pereiro, Esther Vázquez e Paco Veiga.
------	--



Entrega do Premio "Lois Peña Novo" a NEG. Castelo de Soutomaior, 2022.

Finalidades e obxectivos



Nunha manifestación pola lingua: "Porque temos unha lingua".

Son obxectivos para Nova Escola Galega:

1. A procura e a elaboración de prácticas educativas que tomen en conta todos os aspectos físicos, afectivos, sociais e intelectuais da personalidade das persoas en formación.
2. A definición e loita por unhas condicións necesarias para unha pedagogía orientada desde o Proxecto ou Modelo de Escola Pública que prezoizamos.
3. A modificación dos perfís profesionais dos educadores, desde a óptica dunha nova profesionalidade afastada de visións tradicionalistas e autoritarias.
4. A batalla contra a cultura prefabricada, case sempre imposta aos alumnos e alumnas sen deixarlles a posibilidade de verificar e de comprender criticamente o conxunto de achegas culturais.
5. A inculturación galeguizadora e a loita pola normalización lingüística en Galicia.
6. A busca dunha concepción curricular e formativa unitaria, interdisciplinaria e integradora.
7. A procura dunha xestión democrática das institucións educativas, que sexa unha efectiva xestión social anti-autoritaria, anti-burocrática e anti-corporativa.
8. A afirmación da laicidade da educación pública ou sostida con fondos públicos, da coeducación, da promoción da igualdade e da inclusión das diferenzas; é dicir, unha educación efectivamente democrática e democratizadora, como parte dunha sociedade democrática e socialmente avanzada.

Para o logro de tales obxectivos de acción, os Estatutos de Nova Escola Galega trazan as seguintes posibles actividades:

1. Contribuír á formación, perfeccionamento e actualización pedagóxica.
2. Coordinar as entidades, grupos e persoas no estudo de todos os aspectos relacionados coa renovación pedagóxica.
3. Promover e apoiar iniciativas de experimentación e intercambio pedagóxico.
4. Formar e expresar opinións sobre os problemas de ensino e estudar unha liña pedagóxica acorde cun modelo educativo científico e democrático.
5. Constituír grupos de traballo de estudo sobre a mellora da educación e a normalización lingüística e cultural.
6. Organizar cursos, seminarios, congresos, certames e outras formas de intercomunicación pedagóxica.
7. Publicar e difundir as actividades e constituír arquivos de documentación.
8. Asesorar as asociacións, organismos e outras entidades en cuestións pedagóxicas.
9. Manter relacións con outras entidades con obxectivos semellantes.
10. Colaborar, con criterios de independencia, con entidades relacionadas coa educación.

Sinais de identidade da Escola Pública

O modelo de *Escola Pública* que defendemos desde o comezo de vida asociativa é un proxecto que cómpre ir construíndo mediante a reflexión e o intercambio de experiencias, favorecendo o debate profesional e social sobre o que significa un ensino público de calidade.

Estas son algunhas das súas notas definitorias ^[1]:

- Entendemos a Escola Pública como un conxunto de institucións e mediacións sociais, organizadas como servizo público gratuito, para asegurar a toda a cidadanía o goce do dereito á educación, coas condicións precisas e esixibles de calidade infraestrutural e didáctica de accesibilidade, pertinentes á construción dun Estado Social e democrático. O carácter público dos centros escolares vén determinado porque a titularidade, a xestión, os obxectivos e as súas actividades sexan públicos. Coidamos que a concertación escolar con centros escolares privados entorpece o proxecto de escola pública que defendemos os MRP.
- A Escola Pública debe estar financiada publicamente, mediante os recursos dos orzamentos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma, para asegurar unha escolarización gratuita, total e de calidade para todos e todas, entre os 0 e os 18 anos de idade.
- A Escola Pública organízase democraticamente. A súa titularidade, a súa xestión e todos os cri-



terios que informan os obxectivos e as actividades terán de ser públicos, con autonomía pedagóxica e de xestión. A Escola Pública debe contribuír á vertebración democrática da sociedade e a impulsar unha cultura de participación social e comunitaria.

- O modelo de Escola Pública que propugnamos organízase a partir de proxectos educativos, construídos democraticamente, coa finalidade de formar e de socializar as persoas, a través da sistematización, transmisión e elaboración crítica dos saberes, valores e contidos, recibidos no exterior de forma dispersa, fragmentaria e mesmo contradictoria, contribuíndo deste xeito ao adecuado desenvolvemento das personalidades en formación.
- Unha Escola investigadora e crítica, que promove a construción dos coñecementos e da cultura por parte de profesores, alumnos e alumnas, non reprodutora nin lexitimadora dunha orde social inxusta, que favorece a construción de espíritos abertos, con flexibilidade e adaptabilidade cognitivas, e que posibilite a cada escolar ser progresivamente capaz de afrontar os seus problemas vitais.
- É así, unha Escola plural, ideolóxica e culturalmente, e nela poden estar presentes as diferentes visións que democraticamente conviven na sociedade. É tamén, un espazo laico e aconfesional, que non practica o adoutramento e que garante a liberdade de expresión. Porén, non renuncia e, polo contrario, promove unha educación axiolóxica, de acordo cos valores universais recoñecidos, como son a xustiza social, a solidariedade, a cooperación, a tolerancia, a igualdade sen distinción de grupos humanos e de sexo, o respecto e a promoción oportuna identitaria da diversidade cultural e lingüística, así como a resolución pacífica dos conflitos sociais.
- Unha Escola que se implica na conquista da igualdade social, que por tanto combate o fracaso escolar e que integra a diversidade, con instrumentos e estratexias de actuación adecuados a cada circunstancia.
- Unha Escola vertebrada por un currículo integrado, con contidos dotados de real capacidade formativa, didacticamente asentada en correctos fundamentos psicopedagóxicos, o que, á súa volta, require unha adecuada profesionalización educadora e docente, publicamente sostida. Unha escola entendida como un espazo de afectividade positiva, que acolle historias de vida e intelixencias, así como as diversas formas culturais, asumindo, polo tanto, o pluralismo e o relativismo

[1] Estas liñas definitorias foron aprobadas na Asemblea Final do III Congreso Español de Movementsos de Renovación Pedagóxica, celebrado en Torremolinos (Andalucía) nos días 5 e 8 de decembro de 1996, no que Nova Escola Galega tivo unha viva participación.

culturais, ao tempo de desenvolver o pensamento e o coñecemento científico, o espírito de iniciativa e de capacidade emprendedora, e de fomentar o exercicio efectivo de responsabilidades, así como a cultura do traballo enriquecedor.

- Un modelo de Escola Pública con estrutura de tronco único, mediante un sistema pedagóxico coherente, dotado dun corpo único de docentes e educadores, con autonomía organizativa, é dicir, con competencia decisiva para axustar na escala de cada unidade organizativa, os obxectivos e a xestión dos recursos necesarios, para aplicación do seu proxecto educativo; tamén con capacidade de autoavaliación interna e de participación nos procesos de desexable avaliación externa, encamiñados á mellora da calidade institucional e educativa.



Publicación de NEG (1989).



Publicación da Memoria dos XXV anos de NEG (2008).

Vida e identidade organizativa

Os Estatutos de NOVA ESCOLA GALEGA, que sufriron dúas modificacións parciais ^[1], desenharon unha estrutura organizativa que descansa no funcionamento e na toma de decisións democráticas, a partir das Asembleas Anuais, como marco no que, entre outras cuestións, se aproban as memorias de actividades e económica de cada anualidade, o Plan de Acción anual e se elixe e/ou ratifican as diversas responsabilidades directivas e organizativas. Un órgano colexiado, o Secretariado Galego, do que forman parte, a Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesourería, de elección directa e renovable, xunto a diversas Secretarías Técnicas, tanto internas como de representación externa, máis os representantes dos diversos Grupos de traballo recoñecidos, alimenta o funcionamento ordinario. O Secretariado Galego mantén reunións periódicas ao longo do ano, asegurando a toma de decisións e acordos e a coordinación das actividades da Asociación.

Nova Escola Galega estivo estruturada mediante a pertenza de asociados/as, tanto ao conxunto, como a un determinado Grupo territorial /comarcal, ou dado o caso a un determinado Grupo de traballo educativo, de onde se derivaba a elección de representantes, en cada caso, para contribuír a conformar o Secretariado Galego. Por isto chegou a haber Grupos territoriais nas comarcas ou terras de Ferrol, A Coruña, Santiago, O Barbanza, O Morrazo, O Salnés, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo, se ben con irregular funciona-

[1] Con aprobación oportuna mediante asambleas extraordinarias convocadas e realizadas en 1999 e en 2010.

mento e con dificultades crecentes de elección de representantes territoriais (e menos aínda de dispoñer de regulamento de funcionamento zonal, aprobado en asemblea zonal e ratificado polo Secretariado Galego), nalgún casos mesmo debido á existencia de afiliado/as nunha zona dada, pero con inexistencia de vida asociativa zonal. Esta limitada vida asociativa zonal tivera, en troques, unha visible actuación nos anos oitenta, en particular, cando aínda era débil a actividade dos CEFOCOPs, isto é, os centros públicos para a formación continuada do profesorado coa súa programación anual de actividades de formación.

A constatación do menor dinamismo levou a proceder, en particular, á reforma estatutaria aprobada en 2010, que permitiu unha mellor configuración dos Grupos de traballo, aínda que tamén a unha minoración do carácter territorial/zonal da vida organizativa.

Sinalándoo, do seguinte modo:

Art. 10 - Grupos de traballo e colectivos:

1. *Poderán constituírse Grupos de Traballo por parte das persoas asociadas que se propoñan calquera actividade pedagóxica incluída nas finalidades da Asociación, previo coñecemento e autorización provisoria por parte do Secretariado do funcionamento, obxectivos e outras características.*
2. *Igualmente, poderán integrarse en NEG colectivos que así o soliciten e compartan as finalidades da asociación. A integración será autorizada provisoriamente polo Secretariado e será ratificada pola Asemblea Xeral. As persoas integrantes do colectivo serán asociadas a NEG, cos mesmos dereitos e deberes.*
3. *Os traballos das persoas asociadas realizados coa referencia de Nova Escola Galega quedarán no Arquivo da Asociación sen prexuízo da publicación individual polas persoas que os realizen. Só se poderá facer constar na publicación a referencia da Asociación se o Secretariado Galego o autoriza expresamente.*
4. *Tocante ás publicacións realizadas en nome da Asociación, e nomeadamente aquelas nas que se expoñan os seus posicionamentos, o Secretariado terá información con antelación suficiente para poder facer as suxestións que se consideren pertinentes e autorizar expresamente a publicación.*
5. *Os Grupos de Traballo e os colectivos atenderán, dentro das súas posibilidades, as demandas que a Asociación lles faga, co fin de informar ao Secretariado Galego sobre a súa actividade específica.*

6. Os Grupos de Traballo e os colectivos terán no Secretariado unha persoa vogal proposta polo propio Grupo ou colectivo e ratificada pola Asemblea Xeral, que será a encargada de lle dar cobertura á necesaria información en ambas direccións.

Art. 17 - Composición do Secretariado Galego:

O Secretariado Galego está composto por Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesouraría, cinco vogais e mais un vogal representante por cada un dos grupos de traballo ou colectivos constituídos formalmente na Asociación.

Estas indicacións serviron de base para orientar a formación de Grupos de Traballo e a programación de actividades abertas a todas as persoas interesadas, aínda que manifestándose algúns desaxustes, ante o que se procedeu a establecer unha mellor regulamentación mediante o traballo de dúas reducidas comisións do Secretariado: en 2020 o Secretariado Galego aprobou, como consecuencia, o "Regulamento dos Grupos de Traballo" e o "Protocolo de actividades de formación".

Son trazos pretendidos da súa identidade organizativa:

- querer ser un grupo amplo, flexíbel, plural desde o punto de vista ideolóxico, e eficaz, que pretende ensamblar as achegas sectoriais dentro dun marco globalizador e unificador,
- o recoñecemento e apoio ás dinámicas grupais internas, tanto a escala nacional galega como territorial e sectorial,
- un espazo convivencialmente acolledor, de participación, con dinámicas de consenso e non exclusivistas, e con transparencia no seu funcionamento,
- un espazo humano que se considera parte dun tecido social cívico e crítico. Crítico coas estruturas e prácticas de poder que se consideran contraditorias co modelo organizativo preconizado,
- un espazo potenciador da formación e da investigación do profesorado para a elaboración de propostas e prácticas pedagóxicas co máximo rigor científico e profesional,
- no que se pretende conxugar a estabilidade/continuidade necesarias coa renovación e a progresiva acumulación dun patrimonio intelectual educativo,
- con vontade de ser plataforma de opinión e de contribución participante na construción da nova escola pública galega e democrática.

Ao longo destes anos sempre funcionou con regularidade o Secretariado Galego e con reunións periódicas, cada certo tempo parcialmente renovado nos seus compoñentes, a través das



Secretariado de NEG e Consello de redacción da RGE (2018).

Asembleas Ordinarias Anuais da Asociación. Ten funcionado con algunha variabilidade ao longo do tempo: nunca con menos de seis compoñentes, cunha media de nove e con ata catorce compoñentes; as súas reunións nunca descendieron de sete-oito por curso lectivo, celebrándose en Santiago de Compostela, ben nas tardes dos venres ou (nos pasados anos oitenta) nas mañás dos sábados, implicando case sempre diversos esforzos e cargas individuais que cómpre entender no marco de compromisos vitais a prol da transformación social democrática. Desde o 2020, con ocasión da pandemia de COVID, que obrigou a realizar reunións de carácter virtual e non presencial, é frecuente celebrar estas reunións cun dobre carácter presencial e virtual, para quen por dificultades de índole diversa, non pode desprazarse a Compostela no día e sesión prevista e convocada de modo escrito coa súa oportuna orde do día.

Ao longo destes anos a Asociación elixiu un total de doce compañeiros e compañeiras para a responsabilidade da Presidencia, como se pode ver no cadro adxunto. Asociados e asociadas que, menos no intre inicial, desenvolveran outras tarefas previas como parte do Secretariado Galego e que incluso continuaron logo case sempre realizando outras tarefas organizativas, obrigándose a un esforzo de renovación bianual ata o ano 1999, en que se aprobou estatutariamente a posibilidade de períodos máis amplos para o exercicio de responsabilidades unipersoais. Ao longo dos últimos vinte anos non houbo nomes distintos exercendo a Presidencia de Nova Escola Galega, fóra dos de Marilo Cadedo e Xosé Lastra, a pesar de terse suscitado o seu relevo. Os primeiros Estatu-



Algunhas das persoas que exerceron a Presidencia de NEG.

tos de Nova Escola Galega, de 1983, marcaban estritamente a permanencia máxima en tal responsabilidade durante un período de dous anos, podendo ser no futuro a persoa electa para esa función elixida de novo. Ao paso dos anos, nun contexto de menor dinamismo asociativo xeral, por unha parte, pero tamén de maior complexidade das tarefas organizativas desenvolvidas desde a presidencia dunha Asociación, que acadara tamén unha regularidade burocrático-administrativa apreciable —chegando a dispoñer ademais de local-oficina en alugueiro, unha persoa contratada con funcións administrativas e algúns recursos financeiros, de máis delicada xestión e baixo control público—, foise facendo máis complicado contar coa disposición persoal a levar a cabo con liderado as tarefas propias desta responsabilidade.

Todas as persoas anteriores desenvolveron, igualmente, antes ou despois, outras responsabilidades no marco do Secretariado, no que tamén desenvolveron as responsabilidades de Vicepresidencia, Secretaria e Tesouraría outros/as asociadas: Xoanca Albarelos Codesido, Cecilia Bello, Pilar Bernárdez, Monsterrat Castro, Sonia Fernández C., Benedicto G. Villar, Xosé M. González Barreiro, Silvia Lijó, Sonia López Soto, Agustín Lorenzo López, Xosé M. Malheiro, David Otero, Xosé A. Pérez M., Benxamín Salgado, Andrés Santalla e Helena Zapico.

Un amplo número de asociadas e asociados ten participado noutras tarefas de xestión do Secretariado Galego, ademais das persoas con función administrativa de secretaria técnica. Entre eles e elas: Xosé A. Barral, Manuel Blanco R., Rosario Belda, Xosé R. Bernárdez Pérez, Belén Blan-

PRESIDENCIA DE NOVA ESCOLA GALEGA

• Mercedes Suárez Pazos	1983
• Antón Costa Rico	1985
• Fina Mosquera Roel	1987
• Manuel Bragado Rodríguez	1989
• Carme Soto Carballada	1991
• Xosé Ramos Rodríguez	1992
• Xosé Álvarez Castro	1994
• Xosé M. Cid Fernández	1995
• M ^a Dolores Candedo Gunturiz	1997
• Carmela Cons Pintos	2001
• Francisco Veiga García	2002
• Xosé Lastra Muruais	2005
• M ^a Dolores Candedo Gunturiz	2009
• Xosé Lastra Muruais	2019

co, María Castro Calvo, Manuela Catoira, Luís Cachafeiro, Francisco Candia Durán, Ana I. Castro, Xesús Cendán, Carlos Cimadevila, Carmen D. Simón, Agustín F. Paz, Lois Ferradás, Ricardo Gurriarán Rodríguez, Alicia López Pardo, Camino Pereiro González, Susana Couso, Tereixa Ferreiro, Secundino García, Rosa García Garrido, Manuel G. Seoane, Xulio Gutiérrez R., Marga Graña Bermúdez, Antonio Hermida, Xiana Lastra, Emilio Legaspi, Xoan L. Lourido, Manuel López Fernández, Cesar Martínez Yáñez, Carmen Morán de Castro, Bety Navarro Aguiar, Santi Quiroga, Bríxida Pino, Belén Piñeiro, Elena Pousa, Ana Pose, Silvia Puga, Xesús R. Rodríguez, Xesús R. Jares, Pedro Rodríguez, Antón Rozas, Alexandre Sotelino, Esther Vázquez, Mercedes Vázquez, Miguel Vázquez F., Ricardo Ventosa, Rosa M^a Vicente, Fernando Vidal, Alfonso Villares Blanco, Andrea Maroñas e Carmen Denébola Álvarez.

É oportuno salientar que o modelo organizativo desenvolvido polo Secretariado Galego, facendo predominar a toma consensuada de acordos, a responsabilización e unha positiva tonalidade emocional, tense constituído nunha escola de formación de militantes e de cadros que, con algunha frecuencia, desde tal aprendizaxe accederon logo a desempeños de dirección colexiada e/ou unipersonal en distintas institucións educativas, culturais e sociais. Con todo, esta valoración xenérica non pode ocultar a existencia de tensións e algúns conflitos —máis vivos nalgúns momentos e atemperados noutros— derivados de discre-

pancias sobre modos e procesos organizativos e bortelados por situacións de maior ou menor empatía emocional entre persoas que levan a cabo tarefas compartidas. De fondo, as realidades, as limitacións e dificultades sociais e contextuais, tamén afectan á vida interna dunha Asociación coma esta.

É oportuno facer notar que o conxunto das actividades, iniciativas, desempeños económicos, nomeamento de representantes de Nova Escola Galega ante distintas instancias, grupos ou entidades, e tomas de decisión sobre as diversas actividades públicas da Asociación teñen pasado nestes anos a través do Secretariado Galego, sendo limitadas e puntuais as iniciativas emprendidas polo órganos unipersoais da Asociación. Tamén ten sido unha constante actividade do Secretariado, xunto á diversa interrelación social, o mantemento de entrevistas institucionais: de presentación, de apertura de diálogo, de comunicación ante diversas reivindicacións ou, en décadas pasadas, en apoio de asociados penalizados por desenvolver unha actividade acorde coas nosas propostas, mantendo sempre unha autonomía e liberdade responsable, con algunha frecuencia non comprendida nin adecuadamente valorada, no pasado como nos momentos actuais, por parte da Administración da Xunta de Galicia e autoridades concernidas.

Todo un denso traballo, pois, que veu requirindo desde hai anos a contratación (a tempo parcial ou completo) de persoal administrativo, aínda que en reducida escala e por períodos breves de tempo, agás nos tempos máis recentes. Desempeñaron este traballo no pasado e en distintos momentos: Pablo Meira Cartea, Sonia López Soto, Encarnación Alonso Sánchez, María Pereira, Sandra Otero, Carina Blanco, Belén Blanco Vázquez, Silvia López Gómez, Fernando Vázquez Paz, Xiana Lastra Pernas, Andrea Maroñas Bermúdez e, no presente, Martina Bañobre Fernández.

Nova Escola Galega non se comportou ao longo destes anos como unha asociación moi numerosa na cifra dos seus asociados e asociadas, malia realizarmos en varios momentos específicas campañas de afiliación. Neste senso predominan os e as afiliadas que xeralmente adoptan un compromiso activo acorde coas finalidades da Asociación. A cifra inicial de 145 participantes na Asemblea Fundacional de 1983, pasou a ser de 248 contra fins de 1984, rexistrándose case 320 en novembro de 1985 ^[2], unha cifra que experimentou un

incremento ata os 380, mais tamén unha rápida redución, estabilizándose durante moitos anos, a pesar da existencia dun reducido número de baixas en cada ano compensado por un número similar de altas, vindo situarse durante os inicios do século XXI nunha cifra un pouco inferior aos 300 asociados, que ao paso do tempo foi reducíndose ata os 257 de 2017 e un algo menos no presente^[3]. Na fin desta primeira década comezara a xubilación docente de persoas que se incorporaran a Nova Escola Galega nas décadas anteriores, o que se intensificou durante a última década do presente, situación con algunha frecuencia acompañada cun parcial desligamento asociativo, que trouxo canda si unha redución de persoas dispostas a asumir responsabilidades ligadas ás funcións do Secretariado Galego, a pesar de terse dado unha parcial, pero limitada, renovación nas persoas que se incorporaron como asociadas.

É igualmente oportuno indicar que todas as Asembleas Anuais celebradas, cunha asistencia media de entre 25 a 40 asociados e asociadas, son o espazo:

- a). de aprobación das memorias anuais de actividades e económica, e das propostas para o seguinte ano.
- b). para ratificar as persoas propostas que exercen responsabilidades de coordinación de grupos de traballo e territoriais (caso de os haber).
- c). para renovar as/os membros do Secretariado Galego.
- d). ademais de para realizar a abordaxe dunha cuestión de fondo tocante á política educativa e á organización escolar, case sempre con auxilio dun documento de traballo previamente coñecido.

Nesta perspectiva, cando a cuestión suscitada reborda un tempo limitado de debate, o Secretariado organiza unha sesión dun día de traballo, no que chamamos os "Encontros de debate de Nova Escola Galega"; así, téñense realizado algúns de tales "encontros" específicos, particularmente entre 1985 (Poio) e 1995 (Santiago), suscitados pola reflexión sobre o noso modelo pedagóxico, a escola que queremos, a territorialización dos servizos educativos, a reforma educativa (arredor da LOXSE, 1990), ou o lugar dos MRP. De feito, son chamados "Encontros de debate" tamén os encontros, xeralmente anuais, relacionados coa presentación de experiencias ligadas á educación no medio rural. O máis recente dun de tales Encontros de debate doutras cuestións celebrouse en Santiago o pasado 10 de setembro de 2022.

[2] O reparto territorial era o seguinte: Santiago, 94; Vigo, 42; Barbanza, 15; Ourense, 23; A Coruña, 38; Bergantiños, 24; Lalín-A Estrada, 18; Ferrol, 30; Lugo, 18; Baixo Miño, 5; Pontevedra-Morrazo, 23; Salnés, 15; e Lugo Norte, 5; o que traslada unha imaxe plausible da presenza de asociados de Nova Escola Galega, ao longo do tempo.

[3] Co seguinte reparto territorial: ampla comarca de Santiago, 78; Pontevedra, O Morrazo e O Salnés, 21; O Baixo Miño e Vigo, 23; provincia de Lugo, 41; Lalín-A Estrada, 7; A Coruña-As Mariñas, 44; O Barbanza e Bergantiños, 11; Ferrolterra: 13 e provincia de Ourense: 19.

Reflexión e elaboración documental

Nova Escola Galega veuse caracterizando como espazo de debate e elaboración propositiva. Desde o diagnóstico do presente e co horizonte do noso Modelo de Escola Pública (Documento inicialmente aprobado en 1989), fomos propoñendo argumentos de análise crítica e de alternativa á realidade actual de educación en Galicia, conformando documentos de orientación, algúns de notable importancia.

Entre 1983 e 1992 producimos documentos sobre a reforma educativa, a normalización da lingua galega, a educación para a paz, a escola rural (1986), a escola pública, a xornada escolar e a formación do profesorado... como ten quedado constancia nas páxinas do *Boletín Interno* de Nova Escola Galega, na *Revista Galega de Educación*, a través dos medios de comunicación ou por medio da súa difusión documental, sendo de anotar, neste caso e en particular, os seguintes:

- Unha escola pública galega. Proxecto educativo (1989).
- Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego (1988).
- Modelo de normalización lingüística para o ensino (1999).

Desde 1993, ano que con ocasión dos dez anos aprobamos o documento "Que florezan cen escolas novas", elaboramos os seguintes documentos de traballo e posicións:

1985	<ul style="list-style-type: none"> • Nova Escola Galega ante a LOPAGCE. • Valoración positiva e de avance do Decreto para a galeguización do ensino.
1996	<ul style="list-style-type: none"> • Alternativa para a etapa infantil no medio rural galego. • Sobre o ensino da relixión. • Ante a rede de centros.
1997	<ul style="list-style-type: none"> • Contra a penalización da insubmisión. • Declaración conxunta: polo dereito a aprendermos en galego.
1998	<ul style="list-style-type: none"> • A formación do profesorado. As nosas propostas. • Demanda de garantías pedagóxicas e coherencia na implantación da Reforma Educativa (14/IX).
1999	<ul style="list-style-type: none"> • En defensa da Escola Rural.
2000	<ul style="list-style-type: none"> • Os MRP ante o Decreto de modificación dos ensinamentos mínimos (Declaración conxunta: 11/XII). • Declaración conxunta: a escolarización de nenas e nenos con necesidades de compensación educativa (CCOO, CIG, UXT, Nova Escola Galega, Chavós, Cáritas de Tui-Vigo). • Sobre o crecente proceso de militarización (16/XII). • Dez anos de LOXSE.
2001	<ul style="list-style-type: none"> • Sobre os despedimentos dos profesores e profesoras de relixión católica (17/IX).
2003	<ul style="list-style-type: none"> • En apoio do acordo normativo da Real Academia Galega. • Contra a supresión das escolas rurais.

E outros diversos textos en defensa da escola pública, a educación para a cidadanía e a convivencia e a escola rural.

Este modo de proceder continuámolo, por exemplo co documento aprobado en 2003 con ocasión do cumprimento dos 20 anos de Nova Escola, “Unha escola da cidadanía e da democracia” e do mesmo modo á hora de aprobar o documen-

to dos 25 anos: “A nosa palabra para as novas xeracións de educadores e de educadoras no XXV Aniversario” e “Alicerces para mañá. Manifesto do XXV Aniversario”.

Para unha expresión máis nidia das nosas reflexións e a chegada ás comunidades educativas, editamos, ademais, un conxunto de documentos *Nova Escola Opina*, que son os seguintes:

1997	<ul style="list-style-type: none"> • Posición ante o Decreto de adscrición dos mestres aos Centros de Ensino Secundario. • Posición ante o Decreto de Orientación. • Posición ante a reforma das Humanidades. • Confusión política e política de confusión: “reformular a Reforma educativa”.
2000	<ul style="list-style-type: none"> • Reflexión en torno á proposta de medidas de atención á diversidade.
2001	<ul style="list-style-type: none"> • Ante as revisións da LOXSE.
2002	<ul style="list-style-type: none"> • Sobre a Lei de Calidade. • O <i>Prestige</i>, a educación ambiental e nós.
2003	<ul style="list-style-type: none"> • Guerra, nunca máis!
2004	<ul style="list-style-type: none"> • Educar en Galego: o compromiso renovado.
2005	<ul style="list-style-type: none"> • De libros de texto e gratuidades. • Sobre a Lei de Ordenación Educativa (LOE)
2007	<ul style="list-style-type: none"> • Normalización lingüística no ensino (con ocasión do último Decreto sobre a incorporación do galego no ensino, un documento de 16 páxinas).
2008	<ul style="list-style-type: none"> • O acceso á función pública docente.
2009	<ul style="list-style-type: none"> • A necesidade de educación en galego.
2010	<ul style="list-style-type: none"> • As “Bases” para o plurilingüismo. • O “Borrador” para a lingua. • Remate dun curso “sen problemas”. • Inicio do curso: os efectos da política educativa conservadora.
2011	<ul style="list-style-type: none"> • Lei de convivencia e de participación.
2012	<ul style="list-style-type: none"> • Ataque sen precedentes ao ensino público. • O anteproxecto da LOMCE.
2013	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua e ensino: regreso ao pasado? • Declaración ante a folga xeral do ensino contra a LOMCE.
2014	<ul style="list-style-type: none"> • Recortes, lingua e LOMCE.
2015	<ul style="list-style-type: none"> • Proposta de Nova Escola Galega para a acción política municipal no ámbito educativo.
2016	<ul style="list-style-type: none"> • A reválida de 6º de Primaria. • Nova Escola Galega ante as eleccións autonómicas.
2017	<ul style="list-style-type: none"> • O debate educativo conxelado: agardando por Godot?
2018	<ul style="list-style-type: none"> • Unha nova etapa, e el haberá cambios?
2019	<ul style="list-style-type: none"> • Eleccións municipais: para o proxecto educativo municipal. • Igualdade, lingua e tempos escolares.
2020	<ul style="list-style-type: none"> • “Pin parental”. Censura vs. cidadanía na escola pública. • Educación en tempos de virus. • Cómpre a LOMLOE para modificar a LOMCE. • Terra queimada para as linguas: todo é fume. • Propostas educativas: Eleccións políticas galegas, 2020.
2021	<ul style="list-style-type: none"> • Sobre o protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros escolares. • Comeza un novo curso escolar.
2022	<ul style="list-style-type: none"> • As educadoras e os educadores galegos contra a guerra e o asoballamento entre nacións e entre estados. • Nova Escola Galega ante os novos currículos.
2023	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua e escola: ética e afouteza.

Temáticas de maior preocupación

A ESCOLA DEMOCRÁTICA, PÚBLICA E INCLUSIVA

A preocupación pola defensa e construción dun ensino público de calidade ten a súa patentización en accións reivindicativas, organizativas e de difusión pública, entre as que destacamos diversos pronunciamentos e a promoción da Plataforma do Ensino Público propiciada en 1994, conformada por diversas organizacións, conducente á sensibilización social e ás mobilizacións realizadas en novembro do mesmo 1994.

A nosa participación nesta Plataforma contribuíu á mellora do clima organizativo entre as distintas entidades e colectivos participantes. Formaron parte das súas dinámicas ata o presente a convocatoria de manifestación realizada na primavera de 1997, que reuniu en Compostela 5 000 persoas de todo o País en defensa do ensino público, e logo en contra da Lei de Calidade, que tivo lugar, coa presenza de máis de 3 000 persoas o 25 de Maio de 2003, tamén en Compostela. Co tempo xurdiron, de novo, varios contrastes de opinións entre parte dos sectores político-sindicaís presentes en tal Plataforma, que conduciron á dispersión, ante o que Nova Escola Galega renunciou a ser partícipe das tirapuxas, dada a nosa posición de ordinario favorable á busca e promoción das bases de confluencia entre os sectores defensores da centralidade da Escola Pública. Isto non reduciu a nosa implicación habitual nestas dinámicas.

Continúa a estar presente esta cuestión en diversos pronunciamentos, desde a conciencia da centralidade que a escola pública ten para o logro dunha educación inclusiva, como principio contrario ás propostas neoliberais que propician formas renovadas de selección social antidemocrática. É sobre todo a través dos documentos de *Nova Escola Opina* e dos Editoriais da *Revista Galega de Educación* como pode percibirse esta preocupación.

A GALEGUIZACIÓN DO ENSINO

Leva sido un dos eixes da nosa actuación, no que se inscriben os documentos: *Un Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego* (1988); *Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino* (1989), consensuado con diferentes organizacións e institucións, e *Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego* (1999), no marco dun proxecto europeo; a preparación de material didáctico; a participación na Coordinadora creada en 1997 arredor d'A Mesa de Normalización Lingüística; logo na plataforma "Queremos galego" e nos pronunciamentos e accións desenvolvidas; o apoio organizativo ás manifestacións celebradas; o traballo a través dos Equipos de Normalización Lingüística ou a singular implicación en campañas de sensibilización social, como a desenvolvida en 1998 baixo o slogan "En galego, Galicia ten futuro", que reuniu en Compostela uns 4 000 manifestantes convocados por dezaseis organizacións; a desenvolvida en 2001 baixo o lema "O galego, materia pendente"; a realizada so o lema "En galego vexo Vigo"; así como a participación na co-organización dos Correlinguas (17 de Maio) dos anos 2001 e 2002, xunto con outras entidades; e outra serie de iniciativas varias que veñen percorrendo as dúas primeiras décadas do século XXI.

Cómpre sinalar que a aprobación dun novo Documento do *Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego* (1999) veu precedido dun intenso traballo de elaboración durante o curso de 1997-98 (conformado como un Proxecto Europeo dentro do Programa Sócrates), e que durante o 2002, membros deste equipo participaron en representación da Asociación na elaboración dos informes sobre o galego no ensino no Consello da Cultura Galega e na elaboración do Plano de Normalización do Concello de Santiago, realizándose asemade unha sesión de traballo ("O uso da lingua a debate") o 6 de abril de 2002.

Nesta perspectiva podemos tamén salientar o apoio constante realizado, en particular desde

2005, das iniciativas emprendidas por “Ponte nas ondas”, a prol da consideración da cultura tradicional galego-miñota como Patrimonio cultural da humanidade. Iniciativa que, por fin, en 2022 acadou a consideración de rexistro de boas prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO.


As expectativas positivas suscitadas polo Decreto 124/2007 que, porén, soergueu desde Nova Escola Galega algunhas observacións críticas expostas nun *NEG Opina*, non se viu instrumentada con todo o seu alcance, no medio, sen dúbida, de resistencias que se apreciaron entre sectores conservadores e outros insuficientemente comprometidos co proceso aberto. Con todo, o que veu logo, coa gobernación da Xunta de Galicia por parte do PP, co seu novo Decreto chamado de “Plurilingüismo” ditado en 2010, tronzou un proceso, lento pero afirmativo, ao reverter unha parte dos chanzos andados e retrotraernos a un escenario de crecente perda de falantes en galego e de insensibilización neoliberal sobre a cuestión, situacións estas coas que nos viñemos confrontando neste tempo de máis dunha década.

Con ocasión da insatisfacción que causou o documento *Proposta de Bases para a Normalización do Ensino en Galicia*, propiciado pola Mesa pola Normalización Lingüística e que NEG apoiou, sentiuse a conveniencia de revitalizar o grupo de normalización lingüística, coa pretensión de actualizar os modelos de normalización de NEG. Logo da etapa de separación imposta pola Covid, púxose e marcha como seminario de formación e debate en 2021.

Asociados como Xosé Lastra, César Martínez, Paco Veiga, Bríxida Pino, Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Cristina Novoa, Sabela Rivas, Xosé A. Pérez Martínez, Mariló Candedo, Miguel R. Carnota, Manolo Bragado, Francisco Candia, Neves Arza, Carlos Cimadevila e Valentina Formoso, entre outros/as, teñen impulsado ao longo deste tempo este traballo.

A REFORMA XERAL DO SISTEMA EDUCATIVO

Nova Escola Galega tivo e ten unha constante preocupación polas reformas educativas, mediante a realización de debates e propostas de diverso alcance. Singularmente no que afecta aos debates curriculares, aos proxectos curriculares de centro, á súa adaptación e tratamentos, e á reflexión sobre a educación secundaria (que mobilizou a atención, entre outros, de Manuela Catoira, Fernando Vidal e Cecilia Bello, arredor da aplicación da LOXSE de 1990), desde o principio da escola



Capa do "Modelo de normalización lgca. de NEG (1988).

inclusiva. Tal preocupación obxectívase en distintos documentos de traballo, nas páxinas da *Revista Galega de Educación*; en varias publicacións de asociados e asociadas canalizadas, en particular, a través de Edicións Xerais de Galicia; na participación nos encontros convocados pola Confederación Española de MRP, como por exemplo o de Alcalá de Henares de 2002. Fixemos específicos exercicios de reflexión sobre a LOXSE, a LOPAGCE (1995), a LOCE (2002) e a LOE (2006), tendo sido máis limitados nos procesos que conduciron á aplicación da conservadora LOMCE e, sobre todo, á actual LOMLOE, como manifestación tanto da maior complexidade técnica da Lei, como dunha menor capacidade valorativa por parte de Nova Escola Galega.

A FORMACIÓN DO PROFESORADO

A preocupación pola formación inicial e, sobre todo, permanente do profesorado, tendo presente a perspectiva reflexiva e crítica en climas de cooperación e de responsabilidades compartidas ocupou con algunha frecuencia a nosa atención, para procurarmos ofrecerlles propostas ao conxunto do profesorado e á Administración pública. Con este mesmo interese unha parte dos nosos asociados e asociadas desenvolveron algo da súa actividade profesional nos Centros de Formación do Profesorado desde a súa creación e outros desde as Facultades Universitarias de Educación de Galicia. En todo caso, durante as dúas últimas décadas só temos desenvolvido como Nova Escola Galega apuntamentos reflexivos breves, froito dunha práctica reflexionada, con débil conexión cos estudos e investigacións académicas que neste ámbito se veñen desenvolvendo nos marcos académicos internacionais.

A EDUCACIÓN PARA A PAZ, A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS

A educación para a paz é un dos elementos catalizadores da educación en valores presente no actual deseño da Reforma Educativa. A educación para a paz foi unha das primeiras dimensións e dinámicas de acción impulsadas por Nova Escola Galega, sendo os seus iniciadores en Galicia, a través dos iniciais impulsos dados polos profesores Suso Jares, o gran animador e formador, Calo Iglesias e Manolo Bragado, como grupo de Educadores pola Paz.

Formando parte desta continuidade, aualmente Nova Escola Galega veu convocando dous encontros, un constante en Ourense desde 1988 ata



Boletín "Novapaz" de NEG (1999).

1996 e outro en lugar variable, e editou o Boletín Novapaz entre 1990 e 1999 (nº 1 a 26).

Así, en Ourense en 1993, na Facultade de Humanidades e por impulso de Xosé M. Cid, celebráronse as VI Xornadas de Educación para a Paz e as IX en 1996. Desde 1993 re-denomináronse en parte como Congreso de Movementsos Sociais Alternativos, atendendo a temáticas como o feminismo, a ecoloxía, o pacifismo, a igualdade, a diversidade e a disidencia, constituíndo un notable foro de debate e de presentación de experiencias, coa participación de ensinantes procedentes de diversos lugares do Estado español.

Pola súa parte os Encontros Galegos de Educadoras e Educadores pola Paz tiveron tamén continuidade ata o presente (2023) desde as primeiras xornadas realizadas en 1984 e desde aquel primeiro "Manifesto pola paz e o desarme" que en 1984 asinaron uns 1 000 ensinantes de toda Galicia. A partir do VIII Encontro celebráronse como galego-portugueses en colaboración co profesorado portugués pertencente ao Movemento de Educación para a Paz (MEP). Pasaron a celebrarse un ano na Galicia e outro en Portugal. Deste modo o IX celebrouse en Lisboa, coa participación dun cento de galegos e galegas, e así seguiron celebrándose os seguintes por distintos



Distinción ao Grupo de Educadoras/es pola Paz de NEG no Couto Mixto.

lugares da xeografía, constituíndo un espazo moi vivo en canto á presentación de experiencias pedagóxicas, enriquecidas coa presenza de diversas ONG, desde aqueles momentos ata a actualidade.

Noutra orde de cousas, no 1993 editáronse varios materiais celebrando 10 anos de educación pola paz, contribuíuse a dinamizar a educación para a paz en encontros celebrados en diversas cidades españolas, participouse na Coordinadora Española de Asociacións de Educación para a Paz e na organización do Congreso Europeo de Educación para a Paz, celebrado en Santiago de Compostela no 1994, como tamén en apoio da insubmisión ao servizo militar e en diversas campañas escolares de solidariedade con Cuba.

Un ano de singular importancia foi o de 1996 no que, arredor do proxecto “Construír a Paz / Cultura para a paz”, levouse a cabo un ambicioso proxecto de exposicións, de actividades e de presentación dun gran libro (baixo a coordinación de Suso Jares), que acadou todas as cidades galegas e moitas vilas. Os recursos económicos reunidos foron entregados a dous proxectos de solidariedade internacional e de intervención no Brasil.

No ano 1998 desenvolvéronse diversas accións de Conmemoración dos 50 anos da Declaración dos Dereitos Humanos da ONU, coa colaboración do IGADI e de Amnistía Internacional.

Hai que salientar asemade a posta en marcha, en colaboración coa Concellaría de Educación e Muller do Concello de Vigo, no curso 2000-2001, do programa “Aprendendo a convivir”, que se desenvolveu ata o 2004 no conxunto dos centros de educación da cidade de Vigo, acadando resonancia en diversos lugares de Galicia e no resto do Estado Español.

Este proxecto “Aprender a convivir” iniciado en Vigo sería continuado desde o 2004 no Concello de Lugo, onde tamén se incorporaron varias dúcias de profesores a esta acción formativa e educativa centrada na convivencia, na resolución pacífica de conflitos e na evitación da violencia nas aulas.

Hai que ligar a esta preocupación outras campañas de sensibilización social, como a campaña “Aprender a xogar, aprender a vivir”, contra os xoguets bélicos, desenvolvida en 1992, a presentación en 2005 no Parlamento de Galicia da iniciativa dunha proposta de Lei de fomento da paz e da cultura da paz, ou a participación na elaboración do anteproxecto da Lei galega integral contra a violencia de xénero (2005).

Entre as máis recentes iniciativas hai que sinalar a constitución en 2006 da asociación AGAPPAZ (Asociación galego-portuguesa de educación para a Paz) para o oportuno soporte legal dos encontros galego-portugueses, a celebración dos XXII Encontros galego-portugueses de educación para a paz, en Vigo (2008), conmemorativos dos 25 anos do grupo, reunindo máis de 1 000 persoas no conxunto das conferencias realizadas e na presentación editorial dunha triloxía de textos, coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia. Foi a penúltima forte implicación pública desenvolvida polo profesor Suso Jares neste campo, que neste ano faleceu.


Ao carón de Suso Jares e logo sen a súa presenza, outras e outros compoñentes do Grupo de Educadoras/es pola Paz como José Antonio Barral, Manolo Blanco, Nardo Carpente, Santiago Rodríguez, Marisa Gamallo, Noa Caamaño, Berta Dolores López, Branca Nazaré Guerreiro, Cathryn Teasley, Alicia González Barreiro, María Victoria Carrera Fernández, Mercedes Vázquez, Américo Nunes Péres (desde Tras-os-Montes), Susana Couso, Bertila Fernández en representación de FOANPAs, e Xosé Manuel Cid e Carmen Díaz Simón, coa coordinación, e como representante no Secretariado Belén Piñeiro, sostiveron a celebración destes Encontros ata o presente, así como a presentación de diversas Declaracións con ocasión anual da celebración do Día da paz e da Non-violencia nos centros de ensino o 30 de xaneiro.

É oportuno salientar, ademais, que membros de Nova Escola Galega teñen sido partícipes en varios momentos de accións específicas relacionadas coa defensa dos dereitos humanos (por exemplo, a Marcha mundial contra o traballo infantil, 1998), ou coas máis recentes iniciativas impulsadas polo Foro Social europeo.

A PEDAGOXÍA DA IMAXE, OS MEDIA E O ESCENARIO DIXITAL

A preocupación polo audiovisual, polos novos soportes informativos e comunicacionais estivo presente a través de varios grupos de traballo desde o comezo da Asociación.

Nova Escola Galega, en colaboración coa Escola de Imaxe e Son da Coruña, veu celebrando desde 1992 e ata o ano 2000 os Congresos Internacionais de Pedagogía da Imaxe e a convocatoria de realizacións de vídeos escolares. A televisión, o vídeo, a realidade inventada e o mundo da educación, con debates, realizacións e experiencias, veñen sendo centro de atención, debendo salientar a importancia do IV Congreso celebrado no ano 1995 coa inscrición de máis de 500 profesio-



O V Congreso Internacional "Fenda dixital"

nais e a participación dun alto número de relatores/as e especialistas chegados de moitos lugares de todo o mundo.

En 1997, este Grupo de Nova Escola Galega (Pé de Imaxe) cunha singular participación e implicación da profesora Charo Belda Otero e dos profesores Xosé Ramos, Manolo González, Miguel V. Freire e Juan José Bueno, promoveu o programa europeo para o desenvolvemento da educación e a imaxe a través do Programa Sócrates, realizando a coordinación durante varios anos de grupos de Francia, Finlandia, Australia e Suecia, entre outros.

As dificultades de sostibilidade desta iniciativa fixeron que se abrisen posteriormente vías de colaboración coa sede na Coruña da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, coa que se organizou o IX Congreso.

Durante o ano 2005 o grupo Pé de Imaxe participou tamén na organización do Primeiro Encontro Internacional sobre Educación Audiovisual, realizado en Santiago de Compostela e promovido polo Consorcio Audiovisual de Galicia, na elaboración de unidades didácticas impulsadas polo mesmo Consorcio e na promoción de iniciativas varias nos centros educativos arredor dos medios de Comunicación audiovisual, en colaboración

con un grupo de debuxantes de banda deseñada, durante o curso 2006-07.

A este propósito, é ben sinalar que un dos membros do equipo Pé de Imaxe, o profesor Miguel Vázquez Freire, abriu en 1999, coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia, o proxecto da revista de banda deseñada *Golfiño*, unha iniciativa con problemas de difusión e de custos, que se recuperou por un breve período de tempo en 2002 a través do apoio de *La Voz de Galicia*. Entre tanto, a colaboración entre o equipo de *Golfiño* e Pé de Imaxe permitiu poñer en pé en 2003 un Programa de Banda Deseñada e novos medios, para a súa difusión escolar.

No campo dos *media*, desde os anos noventa vén tamén intervindo o equipo *O trinque por impulso*, entre outros, dos profesores Xoán C. Albarellos, Benxamín Salgado e Manuel G. Seoane, con diversas achegas con respecto á formación do profesorado.

Desde eses momentos o Grupo deixou de ter unha actividade continuada, nun contexto no que avanzou a dixitalización nos centros educativos e no que se intensificaron as actividades de formación institucional que, en parte, viñeron incidindo nas temáticas desenvolvidas desde Pé de Imaxe.



MATERIAIS, RECURSOS E INNOVACIÓN DIDÁCTICA, E EDUCACIÓN DIXITAL: GRUPO CAVILA


Hai que salientar que en 2005, por impulso de Xesús R. Rodríguez e Xosé Manuel Cid, celebrouse o Primeiro Congreso “A Fenda Dixital”, como espazo de traballo e de reflexión sobre as tecnoloxías dixitais e a súa presenza e influencia na educación. En 2009 celebrouse o segundo congreso, cun alcance ibérico e o cuarto en 2016 coa temática TIC, NEAE, inclusión e equidade.

Un pouco antes nacía o Grupo *Cavila*, que serviu de sostén para esta liña de investigación e de formación, que incorporou outras dúas propostas que foi continuando con adoitadas convocatorias de periódicos encontros ata o presente: as Xornadas/Congresos de Materiais didácticos e curriculares innovadores, que incluso concitaron a edición do libro *Materiais e experiencias didácticas innovadoras* (2013) e os Seminarios-obra-doiros de avaliación de materiais didácticos, cuxa máis recente edición se celebra en 2023 por vez primeira fóra de Galicia, en Valencia, por confluencia con outros profesionais do grupo de *Cavila* de Valencia (Marta Espluges) e con diferentes colegas e investigadores da Facultade de Educación de Valencia e da Universidade de Florida. Ao longo deste tempo un equipo de persoas formado por Xesús Rodríguez Rodríguez, Silvia López Gómez, Camino Pereiro González, Montserrat Castro Rodríguez, Helena Zapico Barbeito, Ana Isabel Castro Rodríguez, Rocío García Pazos, M^a Covadonga Avello García, Estefanía Pena Bascoy, Carmen Denébola Álvarez Seoane e Rosa M^a Vicente Álvarez dinamizaron as distintas accións desenvolvidas.

A ESCOLA NO MEDIO RURAL

Preocupación constante, baixo o impulso de varias profesoras e profesores de Nova Escola (Alicia López Pardo, Mercedes Vázquez, Sabela Díaz, Lois Ferradás, Antón Costa, Secundino García, Francisco Candia, Paco Veiga, entre outros) vén sendo a defensa da escola no medio rural dadas as súas potencialidades educadoras, esquecidas desde a “racionalización administrativa”. Foi así como se realizaron, entre 1986 e 1990, distintas Xornadas de Escola Rural, convocadas desde Nova Escola Galega.

Posteriormente, a través da Confederación Estatal de MRP e da Coordinadora Galega de MRP constituíuse unha Mesa de Coordinación da Escola Rural, agrupando a nosa Asociación, a ASPG, Preescolar na Casa, a Coordinadora Galega de Colexios Rurais Agrupados e os sindicatos



CIG, CCOO, FETE/UGT e STEG, que levaron a cabo varias iniciativas reivindicativas e de sensibilización que incluíron a celebración dunhas novas Xornadas de Traballo no 2002.

O frutífero da experiencia e a mantenza de problemáticas sociais e culturais arredor da escola e da educación nos medios rurais levou a convocar os encontros anuais de debate a partir de 2006, no mesmo ano no que se editou unha obra de balance sobre a cuestión. Estes encontros tiveron un considerable eco e influencia entre os anos 2012 e 2018, favorecendo tanto unha certa dinámica da Mesa Galega de Educación no Rural, como a celebración, entre outros, de ricos encontros de traballo en Barreiros (Sarria), Samos, Cervantes e Sedes (Narón), a conformación da “Rede galega de educación e desenvolvemento rural”, coa participación de Anpas Galegas, e a apertura dunha web específica e rica en documentación, <https://www.rededorural.org/>.

En momentos máis recentes, o seu traballo dirixiuse, en particular, cara a unha visión global do desenvolvemento rural, ante as ameazas da ‘ocupación do territorio’ por parte de empresas relacionadas coa enerxía eólica, en todos aqueles casos onde se detecta que o capital é ou pode



Materiais e experiencias educativas sobre o *Prestige*.

ser destrutivo para as comunidades e o patrimonio rural, e para unha perspectiva ecolóxica e sostible do desenvolvemento social.

VALORACIÓN E DEFENSA DO PATRIMONIO CULTURAL TRADICIONAL

Sen depender dun Grupo de traballo específico e continuado no tempo, porén, a valoración, coñecemento, defensa e difusión didáctica do patrimonio cultural tradicional de Galicia veu sendo unha das liñas particularmente presentes no que vai do século XXI, facéndoo a través de diversas iniciativas, que aquí agruparemos cunha indicación de síntese.

Así se poden entender as Xornadas de promoción da narración oral para educadores realizadas entre 2007 e 2008; a participación de Nova Escola Galega na organización desde Ourense da serie de Congresos sobre o patrimonio etnográfico celebrados entre 2007 e 2010, dos que ademais queda constancia mediante os seus Libros de Actas; os sete cursos de formación sobre o patrimonio lúdico realizados entre 2009 e 2015 en colaboración coa Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional; as dúas xornadas de educación e cultura tradicional realizadas entre 2015 e 2016 da man de Xiana Lastra e Alexandre Sotelino; podendo engadir tamén as tres Xornadas da Terra de Miranda, celebradas desde 2017, así como a edición de diversas entregas dixitais formando parte da serie *Vieiros da Escola*.

ORIENTACIÓN, TITORÍA E DIVERSIDADE

A preocupación polo tratamento da orientación e a titoría estivo presente desde o comezo na asociación Nova Escola Galega e, nesta perspectiva, desde 1995 e durante varios cursos funcionou un

amplo grupo de traballo en Santiago coordinado polo profesor Antonio Ermida e a profesora Josefa Lago.

Tempo máis tarde, o lema “A diversidade: riqueza e desafío”, concentrou no 2000 as actividades da recuperada Escola de Verán, celebrada en Santiago. O tratamento integrador e educativo da diversidade, particularmente na etapa da ESO, é un dos retos da escola democrática, para o que cómpren estratexias e actividades de orientación educativa. Con esta preocupación, desde Lugo e a partir de 2001 e ata 2005 viñéronse convocando os Encontros Galegos de Educadores/as e Orientación, cunha notable resonancia.

Logo de varios cursos dalgunha menor actividade, emprendeuse en 2009 a programación e realización do programa de promoción da convivencia escolar nos centros de educación secundaria da cidade “Vivir xuntos, convivir” —que permitía abordar a convivencia, os conflitos e a mediación entre escolares—, a través dun convenio formalizado co Concello de Lugo. Un programa que se estendeu ata o ano de 2016 e que fixo posible tamén o establecemento de coordinación co Grupo de Educadoras/es pola Paz e cos seus Encontros. Nestas dinámicas interviron, entre outros/as, os educadores e educadoras Manolo Blanco, Carmen Díaz Simón e Xosé Antonio Barral Rodríguez.

A EDUCACIÓN INFANTIL

Dende 1983 foron varios os grupos de traballo de formación e de intercambio de experiencias constituídos arredor da pedagogía para a etapa da educación infantil. Entre eles, o Seminario de Educación Infantil e Primaria, que se reuniu en Santiago con periodicidade constante dende o ano 1985 ata o 2019, permitiu ir construíndo unha importante formación teórico-práctica en diferentes temáticas, arredor da investigación-acción na aula e a aprendizaxe significativa.

Ata o ano 2007, o traballo do Seminario centrouse no Tratamento pedagóxico do corporal (recollido na monografía *Outras aulas, outra escola*) desde o enfoque construtivista: un seminario de formación ao que acudiron neste tempo algo máis de vinte profesoras e profesores, arredor dun máis restrinxido núcleo de referencia. Desde o Grupo convocáronse varios encontros pedagóxicos e establecéronse contactos con outras entidades do País Vasco (Adarra, e en particular co educador Marcelino Vaca), de Italia e de Portugal, con grupos galegos como Preescolar na Casa ou AGAMEI, e a participación na formación de Myriam Nemirovski.

O grupo caracterizouse nestes momentos por unha grande horizontalidade. No ano 2002 o grupo mudou a súa denominación como *Cambela*, porque integraba mestras de educación infantil e de diferentes niveis do ensino obrigatorio. A partir de 2007 e ata 2019 centrou unha parte das súas preocupacións na educación emocional, a través da formación en análise transaccional e psicología integrativa, coa colaboración formadora da psicóloga Isabel López Arias.

A través das décadas de existencia do grupo formaron parte del Teresa Caeiro, Rosa Calvo, María Cambeses, Lourdes Campoy, María Castro, Carmela Cons, Elena Couso, Tereixa Ferreiro, Rosa García, Consuelo Lorenzo, Beatriz Navarro, Remedios Padín, Encarna Peiteado, Marisa Pereiro, Carmen Pérez, Xulia Quintela, Laura Rodríguez, Esther Vázquez e outras persoas que se incorporaron transitoriamente.

DIDÁCTICA DA LINGUA

A didáctica da lingua, con particular atención ao galego, aínda que tamén ao castelán e ao inglés, non ten suscitado unha atención continuada específica de Nova Escola Galega, coa súa concreción en encontros, seminarios e documentos, máis que en contadas e pasadas ocasións. Si houbo varios grupos de traballo comarcais nos pasados anos oitenta. En todo caso, hai que destacar que diversos asociados e asociadas de Nova Escola Galega teñen intervido nestes ámbitos, con preparación de libros de texto e outros materiais e recursos complementarios, que se editaron a través de Edicións Xerais de Galicia (baixo a coordinación dos profesores Xosé Lastra, Agustín F. Paz e Manolo Bragado), atendendo tanto á educación infantil, como á primaria e a secundaria; a través da editorial Vía Láctea, coa que se asinou en 1986 un convenio de edición de curta duración; con Galaxia, e con SM. Hai que anotar tamén unha implicación similar no eido da animación á lectura, sobre todo a través de iniciativas formuladas pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX), ou do actual programa público de Bibliotecas Escolares e de Aula, animado polas profesoras Cristina Novoa e Pilar Sampedro, entre outras profesoras e bibliotecarias, así como diversas iniciativas editoriais, como as promovidas polos profesores Xosé M. Barreiro, Antonio García Teijeiro, Milagros Blanco, Xulia Tarrío, Paco Martín e Xabier P. Docampo.

Nunha liña similar e converxente hai que facer mención da iniciativa sostida por Nova Escola Galega en relación ao Colectivo *Tatalo*: "As festas da narración oral" celebradas en 2007 e 2008, co acompañamento por igual do nº 41 da Revista

NOVA ESCOLA GALEGA
Colabora: **Concello de AMES**

Outubro/ novembro 2017
OBRADOIROS

OCTUBRO

Día 7/ "O meu corpo como instrumento"
Taller vocal e corporal con Nastasia Zürcher
Horario: De 11 a 14h e de 16 a 19h
Matriculación: 60 euros (45 euros socios/as NEG)
Lugar: Pazo da Peregrina (Bertamiráns)

Días 28 e 29/ "Organización e implementación de actividades culturais: taller de xestión sociocultural"
Impartido por Diego Vázquez Meizoso
Horario: De 10 a 14h e de 16 a 18h
Matriculación: 60 euros (45 euros socios/as NEG)
Lugar: Sede NEG (R/das Hedras, 4-2ºD. Milladoiro)

NOVEMBRO

Día 4/ Taller de percusión e canto tradicional con Davide Salvado
Horario: De 10 a 14h e de 16 a 20h
Matriculación: 60 euros (45 euros socios/as NEG)
Lugar: Pazo da Peregrina (Bertamiráns)


Días 18 e 19/ Taller de iniciación ao audiovisual con Seispés Producións Creativas
Horario: Sábado de 10 a 14h e de 16 a 20h e domingo de 10 a 14h
Matriculación: 60 euros (45 euros socios/as NEG)
Lugar: Sede NEG (R/das Hedras, 4-2ºD. Milladoiro)

Días 24 e 25/ "Autoestima feminina e novas masculinidades: Desaprendendo o sexismo desde as aulas" (Homologada pola Xunta)
Impartido por Sonia Fernández Casal e Xosé Cabido Pérez
Horario: Venres de 17 a 21h e sábado de 10 a 14h e de 16 a 21h
Matriculación: 50 euros (30 euros socios/as NEG)
Lugar: Sede NEG (R/das Hedras, 4-2ºD. Milladoiro)

Toda a info en www.neg.gal

E se vas a máis dun...
20% desconto no resto

Galega de Educación dedicado á tradición oral. De modo similar máis recentemente editáronse números monográficos da *Revista Galega de Educación* arredor da educación literaria poética e dramática, se ben non se rexistra en Nova Escola Galega no tempo das dúas últimas décadas, un espazo reflexivo e de grupo/s de traballo en asunto de tanta relevancia.



DIDÁCTICA DAS CIENCIAS SOCIAIS

A modo de estudo integrado do medio, ou de estudos de coñecementos da cidade, ou de recursos didácticos do contorno, ou de medios e comunicación, ou de tratamento de temas e asuntos conflictivos en relación coa elaboración dunha historia crítica e a construción do social, esta vertente didáctica veu sendo cultivada por diversos grupos de profesores e profesoras, ao incorporar en Nova Escola Galega a particular sensibilidade e coñecementos xa elaborados polo colectivo Escola Aberta (con Antón Rozas e Eduardo Seco, entre outros) ou polo Grupo de Bergantiños (con Xoán Fernández Carrera, entre outros), ou polo colectivo de Xeógrafos Galegos e de profesores como Ramón L. Facal e Xosé Armas Castro. Unha parte das súas actividades canalizouse na preparación de libros e recursos didácticos editados por diversas editoriais. Esta perspectiva ampla de traballo didáctico no ámbito das ciencias sociais, de todos modos non contou con específico/s grupo/s de traballo durante as tres últimas décadas, aínda que si foi motivo dalgunha atención mediante o monográfico da *Revista Galega de Educación* nº 69, de 2017, titulado *Ciencias Sociais para o Ben Común*.

Por outra parte, son de destacar as actividades que sobre cine e historia arredor das ciencias sociais se viñeron desenvolvendo en colaboración

entre a asociación docente *Sine Nomine* e Nova Escola Galega, con ciclos anuais de cine e conferencias-debate que se levaron a cabo en Santiago de Compostela entre 2004 e 2013, con notable participación de persoas interesadas, coordinados por Victor Santidrián.

Debemos referir ademais as actividades desenvolvidas entre 2006 e 2008 arredor da difusión do potencial educador dos museos galegos, con atención específica aos labores realizados desde algúns deles, a través dos seus departamentos ou unidades de acción didáctica, con atención ás novas perspectivas abertas en canto aos recursos polos museos, levando a cabo exposicións itinerantes por Galicia, xunto ás Xornadas de Compostela, unha actividade que acompañou Ana María Pose Blanco, coa contribución de Ana Estévez Lavandeira, técnica do Departamento de Educación do Museo do Pobo Galego.

Complementariamente, é oportuno sinalar a participación que Nova Escola Galega tivo desde 2006 e durante varios anos nas actividades formativas e na elaboración de recursos realizadas no marco do programa Proxecto Terra, promovido polo Colexio de Arquitectos de Galicia. Creouse un grupo de traballo "ad hoc" para a elaboración de distintos materiais didácticos, no que se implicaron Xesús Rodríguez, Patricia Galán, Montse Castro, Xosé Manuel Malheiro, Helena Zapico, Rosa M^a Vicente, Xoán X. Lorenzo e Mariló Candedo, desde NEG, xunto a outros equipos de ensinantes. No ano 2009 a RGE dedicoulle o Monográfico nº 44 *Xentes, espazos, lugares* á temática relacionada con esta iniciativa.

MEMORIA HISTÓRICA

En 2010 conformábase un reducido Grupo de traballo —"Seminario da memoria histórica"— para abordar especificamente a narración histórica relativa aos excluídos e aos desposuídos da Historia en Galicia; neste caso, os desposuídos como consecuencia do silencio imposto por parte dos poderes fascistas e nacional-católicos vencedores da Guerra Civil española de 1936-39. O Seminario, que realizou a súa primeira convocatoria en Melide, acadou ata o presente XII convocatorias anuais de encontros celebrados preferentemente nas terras do Barbanza, na Terra de Melide, na Fonsagrada, na Mariña, na Terra de Montes ou no Salnés, sendo ocasión para constituír novos e necesarios relatos de resistencia antifascista e de loita democrática, e para sensibilizar as novas xeracións de escolares de educación secundaria sobre o valor da educación histórica democrática, como mediación de cidadanías críticas. Ademais do Seminario anual —no que é moi destacable

o traballo de campo encamiñado á descuberta de lugares da memoria— e como complemento a esa actividade principal, organízanse outras: roteiros, homenaxes a persoas represaliadas, presentación de libros, moitas veces en colaboración con entidades memorialistas ou asociacións culturais. Ao longo deste tempo implicáronse no Seminario o seu coordinador Carlos Cimadevila, Xaquín Yebra-Pimentel, Paco Veiga e máis recentemente Santiago Quiroga, Belén Piñeiro e Mari-ló Candedo.


Nalgún sentido, tamén os cinco Congresos Luís Acuña celebrados na Pobra de Trives entre 2006 e 2012, nos que houbo participación organizadora de asociados e asociadas de Nova Escola Galega, tiveron relación coa reivindicación e o coñecemento da memoria histórica democrática, como se pode apreciar coa consulta das súas Actas editadas. Pola súa banda, a RGE contribuíu na abordaxe desta temática coa publicación no 2020 do número 76 co monográfico *Memoria para o presente*.

DIDÁCTICA DAS CIENCIAS NATURAIS E EXPERIMENTAIS. A EDUCACIÓN AMBIENTAL

Un campo este que tamén suscitou unha frecuente atención, do que son mostra os estudos e recursos elaborados no campo da bioloxía para escolares, realizados, en particular nos anos oitenta (con Marilar Aleixandre e Manuel Brañas, entre outros profesores/as); as actividades do Grupo *Gaia* de Ourense, con Mercedes Suárez; a construción de itinerarios e outros recursos para a educación ambiental (con Manolo Fernández, Charo F. Manzanal, Mercedes Suárez, Pilar Bernárdez, Xulio Gutiérrez, entre outras e outros profesores); a colaboración dada en diversos momentos ao Taller de Educación Ambiental do ICE da Universidade de Santiago, que tivo en Carmen Morán, unha das súas animadoras; as Xornadas de Educación Ambiental desenvolvidas entre 1989 e 1993 no Barbanza, co esforzo organizador de Xulio G. Roger, de Dolores Millares e de Pilar Diz Fondado; ou a atención que desde a RGE veu poñendo Araceli Serantes durante anos.

Son tamén testemuño as Xornadas que sobre Ciencia e Territorio se viñeron organizando con base no IES de Melide e por impulso dos profesores Paco Veiga e Xulio Pérez Pérez, entre os anos 2003 e o 2010.

De todos modos, alén dos compromisos intelectuais adquiridos por algunhas asociadas de Nova Escola Galega no campo da educación ambiental e a súa didáctica, este ámbito non conta des-



de hai case unha quincena de anos con atención e cultivo grupal. Constátase a existencia en NEG da preocupación por situar o problema da emerxencia climática no foco educativo, téndose proposto algunha actividade de formación de profesorado e de sensibilización cidadá, e ofrecendo un monográfico da RGE, o nº 84 sobre *Emerxencia Climática e Educación*; os compañeiros Pablo Meira e Carmen Morán coordinaron distintas iniciativas asociadas a esta temática.

MATERIAIS DIDÁCTICOS E DIVERSIDADE. EDUCACOMPOSTELA

Desde o inicio houbo preocupación pola elaboración de recursos e materiais didácticos de moi diversa índole e alcance a prol dunha práctica pedagóxica renovada e galeguizada. Entre a nómina de traballos deste tipo, ás veces editados nas varias revistas de contido pedagóxico existentes ou que existiron en Galicia, tamén con algunha frecuencia impresos como unidades documentais, como se pode observar rastrexando a sección de "Panoraula" da *Revista Galega de Educación*, poderán localizarse abondosas contribucións preparadas por asociados e asociadas de Nova Escola Galega. Un novo impulso e unha orientación pedagóxica máis precisa foi dado a esta dinámica desde Nova Escola a partir do ano 2001 co Congreso "Materiais curriculares e diversidade socio-cultural en Galicia", impulsado polos grupos

porén, a mingua da atención sobre o significado da xestión democrática e participativa nos centros escolares.


- A aprendizaxe da lectura e da escritura, a música na escola (con Xabier Iglesias e de modo recente con algúns nomes de asociadas), a dramatización e o teatro (con Antón Lamapereira e Manolo Vieites), a formación de monitores/as de colonias, a educación física e a psicomotricidade (con actividades en Bergantiños e na Coruña, na compañía de educadores/as de Adarra, no pasado), a educación plástica... teñen sido motivo tamén dalgunha atención, como tamén a preocupación polo tratamento da atención á diversidade e a inclusión educativa (con Teresa Núñez Mayán, Manolo Armas, Montse Castro, entre outros).

- A preocupación pola historia da educación en Galicia é igualmente ben notable, como testemuñan, entre outros, os traballos de Sabela Rivas, Anxo Porto, Narciso de Gabriel, Xosé Manuel Cid, Xosé M. Malheiro e Antón Costa.

- Entre máis recentes preocupacións encóntranse igualmente: a reflexión sobre a interrelación entre os centros educativos e a educación social, como revelan as xornadas sobre isto convocadas en 2005 e 2006 por iniciativa de profesores como Montse Castro, Xesús Rodríguez e Xosé M. Malheiro; as varias iniciativas desenvolvidas desde as Facultades de CC. da Educación e desde o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, con presenza de asociados/s de Nova Escola Galega, ou as xornadas de educación social e escola e sobre inclusión socio-educativa levadas a cabo en 2016 e n 2018.

- Así mesmo, anotamos a preocupación dirixida ao diálogo interxeracional, co obxecto de fortalecer os vínculos interxeracionais entre os nenos e os maiores, con experiencias que conduciu Helena Zapico no Concello de Santiago, e sobre todo mediante as Xornadas Interxeracionais desenvolvidas no concello de Xermade (Lugo), nas que colaboramos convidados pola asociación de veciños da parroquia de Xermade: unha dinámica, plural e vizosa mostra de como entender ese diálogo, a través das vidas e das manifestacións protagonistas das e dos participantes, que se aproxima á XX convocatoria cunha ampla riqueza de manifestacións, agora recollidas nun Libro memoria que poderá servir para incentivar desenvolvementos similares noutros espazos galegos.

Máis recentemente, constituíuse o Grupo de traballo *Fiar Estrelas*, cunha atención declarada cara á educación interxeracional.



Grupos de trabajo

Na historia de vida de Nova Escola Galega hai que rexistrar no comezo da asociación a presenza de grupos de traballo docente, como xa se sinalou, en maior medida nas comarcas do Barbanza, A Coruña, Santiago, Vigo, Ferrol, A Estrada, Bergantiños e o Morrazo, chegando a implicar entre os anos 1984 a 1988 un número considerable de docentes. Esta realidade levou mesmo a programar en 1987 cursos sobre Dinámica e Animación de grupos, coa colaboración do Grupo Esnatu de Euskadi, e a realizar en 1987 e 1988 dous específicos Encontros de grupos de traballo de NEG (realizados en Mariñán).

A consolidación de grupos non é sempre doada, ou mesmo pode ser complexa. As modificacións dos cadros docentes de cada centro escolar, das ocupacións docentes, a creación e desenvolvemento das actividades dos Centros oficiais e públicos de formación continuada do profesorado, a propia complexidade da formación docente e o amplo conxunto de cambios que a LOXSE, a LOE, a LOMCE e a actual LOMLOE viñeron supoñendo, fixeron variar o panorama de conformación de Grupos de traballo e de formación e intercambio, cara a unha composición menos "didáctica" e máis temática de grupos desde os finais anos oitenta, reorientándose estes segundo preocupacións que foron modificándose ao longo do tempo.

Con estes antecedentes é do caso facer mención sumaria dos seguintes grupos, algúns dos que deixaron tamén de existir ou reduciron a súa actividade:

- Educación Ambiental: Grupo *Gaia* de Ourense, que a partir de 1994 silenciou a súa actividade.
 - Educación pola Paz: Dous grupos situados en Vigo e Ourense, que andando o tempo quedaron refundidos nun só e con participación de asociadas situadas na provincia de Lugo.
 - Orientación e titoría: en Santiago con actividade confirmada ata 1996, recuperado en Lugo desde o ano 2000 e durante case unha década.
 - Proxectos educativos de Centros na Zona das Mariñas, que decaeu cara a 1998.
 - Educación Infantil e Ciclo Inicial, que se localizou en Santiago ao longo de toda a década, que deu paso posteriormente a *Cambela*, que se mantivo ata 2019.
 - Pedagogía da Imaxe, na Coruña: activo ata o ano 2000 e con actividade reducida desde ese momento durante varios anos posteriores.
 - De Normalización lingüística, desde 1988, con actividade ao longo de distintos períodos. Como tal grupo de traballo recuperouse en 2021.
- Cara a fins do anos noventa naceron ou retomaron iniciativas outros grupos:
- De infantil, na cidade da Coruña, desde o curso 1996/97, estabilizado a través do colectivo *Andaina* durante os primeiros anos do século XXI.
 - De Educación Secundaria, na cidade da Coruña, con funcionamento entre 1996 e 2000.
 - De Escola rural, renovado desde 1998 e posteriormente ampliado mediante unha plataforma concertada que se foi mantendo ata o presente.
 - De representantes nos Consellos do CEFO-COP, que funcionou nos anos 1999/2000.
 - *Cavila*, de reflexión sobre materias curriculares, en Santiago desde o ano 2001 e que se mantén no presente.
 - O *Trinque*, sobre medios audiovisuais e educación, en Santiago, activo durante os primeiros anos do século XXI.
 - *Proxecto Terra*, creado no ano 2006, tendo como ocupación central o deseño de materiais didácticos para infantil e primaria e, nalgúns casos, a colaboración en actividades formativas ou de divulgación asociadas ao proxecto do mesmo nome.
 - *Vieiros da escola*, activo entre os anos 2006-2010, ocupado na coordinación da publicación de diferentes materiais de aula en formato dixital en colaboración co xornal dixital *Vieiros.com*.



Xunta do Consello de redacción da Revista Galega de Educación.

- Escola de Verán de Ferrolterra, no tempo que se celebraron.
- Revista Galega de Educación. Cun Consello de Redacción que foi variando ao longo do tempo.
- Terra de Melide, que correu coas Xornadas “Ciencia e Territorio”.
- Grupo de Memoria histórica, activo desde 2010 ata o presente.
- Grupo *Fiar Estrelas*, sobre educación, inclusión e interxeracional, desde 2021.
- Grupo Coeducando, desde 2022.

É do caso sinalar que co apoio e participación de asociados de Nova Escola Galega organizanse as Xornadas da Terra de Miranda e algunhas actividades específicas en Ourense e na Ribeira Sacra. Ademais, existiu o Grupo *Enxergo* de Filosofía, que preparaba a colección Editorial “Cadernos de Filosofía”, editada por Edicións Xerais de Galicia, con ampla difusión nos centros de ensinanza medias de Galicia.



ENCONTRO DE GRUPOS DE TRABAJO

PRIMEIRO ENCONTRO DE GRUPOS DE TRABAJO DE NOVA ESCOLA GALEGA.

Lugar: Pazo de Marián.

Dtas: 9 e 10 de Maio de 1.987

Na actualidade estase a levar a cabo no seo de NOVA ESCOLA GALEGA un debate, reflexión e intercambio de ideas. Non obstante, cómpre non esquecer a máis próxima situación de precariedade do profesorado en canto á formación permanente. Neste sentido consideramos que se debe seguir potenciando a actividade do traballo dos grupos, fundamentalmente de carácter didáctico.

Cada un dos grupos de traballo contará cun coordinador, que axudará a marcar unha dinámica de traballo.

PROGRAMA

Sábado, día 9

- 11 h. Presentación.
- 12 a 14 h. Grupos de Traballo.
- 14.30 Xantar.
- 16 a 17 . Experiencias.
- 17.30 a 19.30 Grupos de Traballo.
- 20.h. Mesa Redonda: "Dinamización Educativa desde unha perspectiva institucional"(Concellos, Escolas de Maxisterio, Servizo de Orientación, Centros de Recursos, Experimentación Reforma...)

Domingo, día 10

- 10 h. Elaboración de conclusións.
- 12 h. Lectura de conclusións. Valoración das Xornadas e Clausura.

INSCRICIÓNS

Envía-la ficha, canto antes, a NOVA ESCOLA GALEGA, R/Ronda de Velle 103,11º esqda.15015 A Coruña.

Fina Mosquera resolve calquera tipo de duda relacionado cos Encontros. Teléfono (981) 701003

OBJECTIVOS

- Coñece-las actividades que realizan os grupos de traballo.
- Analisa-la problemática do seu funcionamento, tentando de buscar ideas para melloralo.
- Intercambiar experienciase materiais.
- Facilita-la colaboración entre os distintos grupos.

PLAN DO ENCONTRO

Distribución dos grupos en:

- Preescolar.
- Investigación do medio e Tecnoloxía: Ciencias Sociais, Ciencias Naturais.
- Lingua Galega.
- Educadores pola Paz.

Xunta encontro dos Grupos de traballo de NEG en Marián (1987)

Actividades de formación

As actividades desenvolvidas cobren un amplo abano: desde a programación de conferencias, como as convocadas nalgún momento pola *Revista Galega de Educación*, á celebración de mesas redondas, algunhas presentacións de libros, a convocatoria dalgúns cursos nos anos oitenta (teatro para ensinantes, tratamento pedagóxico do corporal, construción de xoguetes, itinerarios, psicomotricidade, matemáticas, educación ambiental ou xogo dramático) e, por suposto, a de Xornadas, Escolas e Encontros, entre as que se citan por terse celebrado cando menos en catro ocasións, segundo o ano de inicio:

1984	• Xornadas/Encontros galego-portugueses de educación para a Paz (con celebración alterna en Galicia e Portugal), que se realizan ata o presente con 34 convocatorias.
1986	• Xornadas e Encontros de Debate de Escola Rural, convocadas en 16 ocasións.
1987	• Escola de Verán de Nova Escola Galega, celebradas en oito ocasións. • Encontros de Ensinantes do Morrazo, realizados en oito ocasións.
1988	• Xornadas de Normalización Lingüística no ensino, celebradas en catro ocasións. • Encontros sobre a Reforma Educativa, celebrados en seis ocasións. • Xornadas de Educación para a Paz (Ourense), celebradas en nove ocasións
1989	• Encontros de Educación Ambiental (Barbanza), celebrados en cinco ocasións.
1991	• Congreso Internacional de Pedagogía da Imaxe, celebrado en nove ocasións.
2001	• Congreso sobre avaliación de materiais curriculares, celebrados en 15 ocasións. • Escola de Verán de Ferrolterra, celebrada en sete ocasións. • Encontros Galegos de Educadores/as e Orientación, feitos en catro ocasións.
2003	• Xornadas de Ciencia e Territorio, celebradas en oito ocasións. • Ciclo de cine e historia, celebrado en nove ocasións.
2004	• Xornadas Interxeracionais de Cabreiros, celebradas en 18 ocasións.
2006	• Congreso Ibérico A Fenda Dixital, celebrado en catro ocasións.
2010	• Seminario da memoria histórica, celebrado en 12 ocasións.

Alén das anteriores contribucións é do caso salientar que promovemos diversas exposicións, entre as que sinalamos as seguintes:

1986	• Exposición da Biblioteca B. Rusell de Educación para a Paz, na Coruña.
1991	• Exposición itinerante sobre Ferrer i Guardia.
1993	• Exposición sobre os 10 anos de NEG. Escola de Maxisterio de Santiago.
1997	• Exposición Construír a Paz: presenza en toda Galicia.
2003	• 20 anos de NEG, no Museo do Pobo Galego.
2006	• Museos e Educación Itinerante.
2008	• Exposición de carteis relativos ás actividades convocadas por NEG desde 1983.
	É de notar a alta resonancia social que acadaron as dúas últimas sinaladas.

Elaboración de materiais e recursos didácticos

Un número considerable de asociados e asociadas realizaron neste tempo abondosas contribucións editoriais referidas ao estudo da realidade educativa de Galicia, á creación de materiais e libros didácticos, de literatura infantil e xuvenil e de formación pedagóxica; a través, sobre todo, das editoriais Xerais, Galaxia, O Castro, Sotelo Blanco, do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago e de Vigo, e de Kalandraka editora. Tamén a través do Instituto de Ciencias da Educación da USC ou das publicacións dos Servizos Municipais de Educación. Membros de Nova Escola Galega, que tamén o son de GALIX, realizaron unha considerable contribución á literatura infantil e xuvenil, chegando a acadar recoñecemento en varios casos con "Premios nacionais de literatura infantil e xuvenil" (Paco Martín, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Mari-lar Aleixandre).


Ademais, NEG foi promotora ou instancia de apoio explícito ás seguintes edicións:

1986	• <i>Educación para a paz.</i>
1988	• <i>Diversas guías e itinerarios didácticos (Monumentos megalíticos, Itinerarios naturais: I: A Estrada, II: Bacía do Ulla, III: Baixo Miño).</i>
1989	• <i>Técnicas e xogos cooperativos para tódalas idades.</i>
1991	• <i>Apuntes da nosa historia escolar.</i>
1992	• <i>Garabullíño (coas ilustracións de Andrade).</i>
	• <i>Outras aulas, outras escolas.</i>
1994	• <i>20 preguntas sobre os conflitos iugoslavos.</i>
1995	• <i>Educadores e Paz.</i>
1996	• <i>Construír a paz.</i>
	• <i>Técnicas Freinet da Escola Moderna, de C. Freinet.</i>
1997	• <i>Por unha escola do pobo. No centenario de C. Freinet.</i>
2001	• <i>Aprender a convivir.</i>
2003	• <i>Materiais curriculares e diversidade sociocultural en Galicia.</i>
2006	• <i>A educación no rural en Galicia.</i>
2007	• <i>A fenda dixital e as súas implicacións educativas.</i>
	• <i>A escola, punto de encontro.</i>
2008	• <i>Actividades e recursos educativos dos museos de Galicia.</i>
	• <i>II Congreso estatal de MRP.</i>

Debemos do mesmo modo anotar que, a través dunha colaboración coa empresa de comunicación dixital *Vieiros*, iniciouse en 2006 ata a desaparición do xornal en xuño de 2010, a inserción dun total de 28 propostas didácticas, con tópicos variados e sempre valiosos, coordinadas desde o grupo de traballo do mesmo nome. A iniciativa comezara baixo a coordinación de EduGalicia nos seus primeiros cinco números. O "*Vieiros da escola*" foi un proxecto aberto que pretendeu ofrecer ideas e recursos para o traballo na escola, nos distintos niveis educativos e nas diferentes áreas do currículo, partindo das posibilidades que ofrece a rede e cun formato sinxelo. Desde a primei-

ra proposta, un tratamento crítico da celebración do 17 de maio, en liña coas preocupacións centrais da asociación, sucedéronse diversas formulacións arredor de moi distintas temáticas —que queres ser de maior, os lentes, os cogomelos, o Samaín, Nannerl Mozart e outras compositoras, a telerrealidade, os valores Disney, a memoria do 36, o Nadal nas diferentes culturas, o comercio xusto...— contando co esforzo xeneroso e atento de moitos e moitas colaboradores e colaboradoras. O grupo que o coordinou estivo integrado por Xoanca Albarellos, Juan José Bueno, Mariló Candedo, Patricia Digón e Xesús Rodríguez.

Vieiros da escola Edición xestionada por Nova Escola Galega http://vello.vieiros.com/vieirosdaescola	
0	• O refrendo europeo (febreiro 2005).
1	• Día da muller traballadora.
2	• A revolución dos cravos.
3	• O transatlántico do aire.
4	• O hip-hop.
5	• 17 de maio.
6	• Que serei de maior?
7	• Nannerl Mozart e outras compositoras.
8	• Os lentos.
9	• Telerrealidade.
10	• Samaín.
11	• O Museo do Pobo Galego.
12	• Cogomelos.
13	• Memoria do 36.
14	• O Nadal nas diferentes culturas.
15	• Os valores de Disney.
16	• Comercio xusto.
17	• O traxe tradicional galego.
18	• A pega.
19	• Un patrimonio para o futuro (o inmaterial galego-portugués).
20	• O cocido de Lalín.
21	• O Entroido na provincia de Ourense.
22	• As sobremesas do Entroido.
23	• A zanfona.
24	• Sociedades de instrución, fundacións docentes e escolas de emigrantes.
25	• Día do Peón 2009.
26	• A primeira fábrica de conservas de Galicia.
27	• O apalpador.
28	• A regueifa.
29	• Un proxecto de sensibilización do patrimonio cultural dos concellos de Ponte Caldelas, A Lama e Fornelos de Montes.
30	• A linguaxe de signos.
31	• As bolsas de plástico.
32	• O mexillón.



Publicacións periódicas

Desde o primeiro ano de vida de Nova Escola Galega, o seu Secretariado Galego editou o *Boletín Interno*^[1], fundamentalmente para os asociados e asociadas, mais procurando remitir algúns números a outros MRP de Galicia ou do Estado, ou a algunhas bibliotecas, así como a asociados/as de honra e algúns membros da Federación Internacional de Movementos de Escola Moderna, entre eles Michel Barré e Mario Lodi.

Desde 2006, tanto por criterios informativos, como de carácter ecolóxico, deixou de editarse en papel, ao tempo que comezou a funcionar o sitio web www.nova-escola-galega.org (na actualidade www.neg.gal), ao coidado nos primeiros anos seguintes, en particular, dos profesores Paco Veiga, Xosé Lastra e Xoán Lourenzo. Pola información aí acumulada desde aquela, incrementada notablemente logo da informatización de grande parte da documentación ata alí xerada pola Asociación, converteuse actualmente nun espazo de información de grande relevancia no campo da información educativa. Na súa Intranet, os asociados e asociadas poden, ademais, acceder a suplementos de información, que poden ser voluminosos, como por exemplo, as Memorias anuais da vida da Asociación.

[1] O *Boletín Interno*, un instrumento de información sobre a vida da Asociación, do que se publicaron en papel 54 números (ata 2005), cunha tiraxe de ao redor de 350 exemplares por número, foi renovado en varios momentos da súa existencia, tendo sido organizado, entre outros, por Antón Costa, Manolo Bragado, Paco Veiga, Mariló Candedo, Ana Pose, Montserrat Castro e Manolo López. Retomouse esta iniciativa, de modo dixital en 2019, cunha directa implicación de Esther Vázquez, Camino Pereiro e Paco Veiga, con outras directas colaboracións.

De todos modos, en 2019 o Secretariado Galego decidiu retomar, ademais, a iniciativa de elaboración, de modo dixital, do *Boletín Interno*, cunha directa implicación de Esther Vázquez, Camino Pereiro e Paco Veiga, con outras directas colaboracións, en primeira instancia non como un modo de información sobre iniciativas e actividades, dada a presenza desta información no Web e nas memorias anuais da Asociación, senón máis ben como un espazo de comunicación que acolle puntos de vista, reflexións, memorias de vida escolar, suxestións e arelas, que poden expresar as e os asociados, sen ser necesaria a formalidade dun artigo de revista, pero permitindo percibir un sentimento, unha emoción, un desexo... e por isto os catro números xa existentes acollen textos 'que tamén configuran' a vida dun Movemento de Renovación Pedagóxica.

Noutra orde de cousas, é ben indicar que en diversos momentos da vida da Asociación tamén se editaron boletíns comarcais de NEG na Coruña e no Morrazo. Cómpre falar do boletín *Novapaz*, existente entre 1990 e 1998, do que foron editados 26 números cunha tiraxe de 800 exemplares, de ampla difusión en Galicia e fóra, en apoio dunha dinámica educativa moi atenta á educación nos valores da paz e na solidariedade internacional.

Xa se fixo referencia ao *Nova Escola Galega Opina*, un instrumento de comunicación lanzado dixitalmente e que é enviado aos centros educativos de Galicia, así como tamén ao *Boletín NovaPaz*.

Como consecuencia de 40 anos de actividades, Nova Escola Galega editou un considerable número de carteis (93 en papel e case outros tantos dixitais), así como dípticos/trípticos e tarxetóns (en cifra que soborda os 250), sendo as series máis numerosas as de Educación para a Paz, Materiais e recursos didácticos, Escolas de Verán, Memoria histórica, Normalización do Galego e Pé de Imaxe, dentro dunha gama de diferentes temáticas, incluíndo, por exemplo, os tarxetóns de felicitacións de Nadal.

Un lugar sinalado é o da *Revista Galega de Educación*, da que falaremos de seguido.

A Revista Galega de Educación (1986-2023)

Nos primeiros meses de 1986, no contexto expansivo das dinámicas de reflexión, acción e difusión pedagóxica impulsadas por parte do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, saía editado desde Vigo o primeiro número da publicación *Revista Galega de Educación*, coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia, enlazando con anteriores iniciativas: *As Roladas 2* ^[1], os intentos de edición dos anos 1981-82 ^[2] e o suplemento educativo *A Pizarra* ^[3] de Faro de Vigo. Nacía a *Revista Galega de Educación* coa intención de recuperar e continuar a culta tradición pedagóxica de Galicia ^[4], e coa preocupa-

ción de contribuír decisivamente ao territorio da renovación e da reforma democrática da educación. A vontade de construír colectivamente o novo proxecto de Escola Pública Galega, sobre baseamento científico e crítico, marcaba e segue a marcar as súas orientacións.

Contribuír á formación cultural e pedagóxica dos seus lectores e lectoras, crear un campo de reflexión e debate, gañar lectores de pedagogía en galego, informar a todos ao longo da extensa e diversa xeografía nosa; contribuír a mostrar as múltiples expresións e realidades dunha escola e dunha educación de calidade e atenta aos retos internacionais da educación na hora presente, eran e seguen a ser as razóns da *Revista Galega de Educación*.

Case 10.000 páxinas de documentación informativa e pedagóxica en lingua galega fan da publicación unha digna expresión dos propósitos que a inspiraron. Son as primeiras páxinas do libro que queremos seguir escribindo, pois sabemos que estamos no comezo. Un grande e fermoso libro colectivo, ao que nos seguimos convocando todos os profesionais da educación que queremos gañar —co traballo ben feito— un presente e un futuro educativo mellor.

Grandes temas do noso tempo educativo veñen estando presentes: o marco internacional e europeo da política educativa galega, a reforma estrutural da educación, a perspectiva da educación permanente e dos adultos, a educación infantil, os seus aspectos sociolóxicos, a organización das institucións escolares e a participación democrática na súa xestión, a problemática da escola rural, a normalización lingüística, a competencia dixital e as novas tecnoloxías, os retos do poder cultural do audiovisual, do virtual, das imaxes e da televisión, as cuestións didácticas (ensinar, aprender, as avaliacións, a globalización e a interdisciplinariedade, o ensino das ciencias, a educación matemática), as novas temáticas (a educación ambiental, a educación para a cidadanía e os dereitos humanos, a educación para a saúde, a educación social, a educación estética, as áreas transversais), a lectura como panca de educación, a potencialidade educativa do xogo, o tratamento das necesidades educativas especiais e a educación inclusiva e antidiscriminatoria, o binomio familia-educación, e o oficio dos educadores e a súa formación... As políticas educativas española e galega son motivo de valoración editorial, como outros asuntos, desde o ángulo de análise crítica, acompañando as

[1] En 1978 o Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega iniciaba a publicación da primeira revista pedagóxica en lingua galega, coa cabeceira da que fora *As Roladas* en 1922, o primeiro intento de creación dunha publicación para nenos en galego. No número cero escribiron, entre outros, Isabel Mato Landeira, Mercedes Suárez Pazos, Dolores Portabales, M. A. Rei Chao e Antón Costa. Editáronse 10 números, o último (nº 9) saído polas Letras Galegas de 1981, acompañado da publicación en separata do texto de Vicente Risco traducido daquela ao galego, *A vida dos nenos na aldea galega*, ao coitado de Antón Costa. Unha síntese histórica sobre esta publicación está recollida en *Revista Galega de Educación*, nº 25 (1996). É de facer notar que no último número sinalábase a participación editorial de diversos colectivos pedagóxicos galegos, logo incorporados en Nova Escola Galega.

[2] Sobre a base d'As Roladas, e por invitación desde ela, varios colectivos pedagóxicos tentaron editar a *Revista Galega de Educación* durante o curso 1981-82 realizándose xestións de edición por parte, entre outros, de Antón Costa e de Víctor Freixanes, que ía asumir a dirección no novo Consello de Redacción, ante Edicións do Ruedo e Edicións do Castro; xestións que finalmente non callaron.

[3] En setembro do ano 1983, coa coordinación do xornalista Xosé A. Perozo, un grupo de profesores (Miguel V. Freire, M. Janeiro, Antón Costa, Manolo Bragado, Rafael Ojea) coa inestimable colaboración gráfica de Pepe Carreiro, comezaría a editar os encartes semanais "A Pizarra" (para o profesorado e as familias) e "O pizarrín" (para nenos e traballo de aula), no xornal Faro de Vigo, configurándose como un modo de semanario de educación que se chegou a editar durante máis de tres anos. Todos os membros profesores do Equipo redactor estaban vinculados a Nova Escola Galega.

Anos máis tarde, o 7 de abril de 1988 tamén comezaría a aparecer en *La Región* de Ourense o encarte "Na Escola", preparado por un equipo de profesores igualmente ligados a Nova Escola Galega: Xosé M. Cid, Mercedes Suárez, Mariló Candedo, Suso Jares e Calo Iglesias, chegándose ao número 112 en abril de 1992.

[4] Desde 1860 rexistráronse cabeceiras de prensa profesional e pedagóxica en Galicia, tal como puxeron de relevo os historiadores da educación. En particular,

durante a II República (1931-36) editáronse *Escuela del trabajo*, en Ourense, que en 1936 ía converterse en *Escuela do Traballo*; *Escuela Vivida*, en Pontevedra; *Vida Escolar*, desde Lugo; e *Boletín de Vanguardia Pedagógica*, na Coruña.

incertezas, os retos e os afáns dos diversos sectores da comunidade educativa.

Hai unha presenza permanente da normalización do galego, con puntos de vista e reflexións, experiencias de normalización, propostas e programas, configurando un dos sinais de identidade da *Revista Galega de Educación*, co desexo de impulsar o seu avance social e escolar.

Máis de 300 experiencias pedagóxicas foron narradas polos seus protagonistas, asentadas sobre criterios de renovación psico-pedagóxica, nos máis variados campos e temáticas; estamos atentos ás reformas do sistema educativo, analizando, propoñendo, informando e valorando, pois todo iso é o que veñen facendo as profesoras e profesores colaboradores da Revista.


Como fiestra e porta aberta, informamos sobre realizacións e propostas nadas noutras Comunidades Autónomas, singularmente en Cataluña e Euskadi, ou noutros Estados (Portugal, Francia, Italia, Alemaña, Estados Unidos, Australia, Canadá...), porque vivimos internacionalmente conectados e poñemos estas páxinas galegas ao dispor de especialistas e técnicos da educación e da pedagogía.

Porque queremos ser dignos continuadores dunha tradición culta e de afáns emprendidos por educadores e educadores galegos doutros momentos, atendemos a nosa historia educativa e pedagóxica, ao tempo que acolleamos significativas referencias de historia pedagóxica xeral.

Queremos deixar sentir as voces de personaxes, homes e mulleres, de particular relevo, a través das Entrevistas, porque axudan a madurar a reflexión pedagóxica. Os recursos didácticos, a modo de sintética monografía, coa intención de ofrecer guías e posibilidades de acción constitúen tamén outro dos sinais de identidade.

Na etapa reiniciada ás portas do 2006 co impulso dun equipo editorial animoso e de Xosé Lastra, emprendeuse unha notable actualización de contidos e seccións, como por igual da imaxe gráfica, abrindo a porta a unha visión máis ampla da sociedade que educa, da educación inclusiva e con acollida dos retos que presentan os novos planos familiares, a interculturalidade ou a dixitalización da información.

Os 85 números da Revista reúnen, entre nós, moi probablemente o mellor depósito informativo de libros de pedagogía anotados, de libros de literatura infantil, de documentos e guías aparecidos nestes anos ao servizo da educación e da súa reforma. Probablemente tamén o mellor depósito



Portada e índice da *Revista Galega de Educación* n.º 1.

de hemeroteca e de noticias sobre a vida e a problemática educativa en Galicia.


A lexislación anotada e ás veces valorada, a patente preocupación por reflectir unha pedagogía democrática integradora das diferenzas, promotora da igualdade e da solidariedade, o interese por diversos aspectos culturais, pola educación lingüística, polo desenvolvemento da acción psico-pedagóxica e orientadora, a información sobre as perspectivas sindicais en Galicia, sobre os movementos e colectivos de renovación pedagóxica españois e galegos, e a preocupación pola figura do profesor investigador e protagonista dos procesos de ensino aprendizaxe, configuran asemblea de o conxunto de aspectos variados presentes na *Revista Galega de Educación*.

Xunta eles, o grafismo, a imaxe, as fotografías recuperadas, a carteleira e capas varias reproducidas, contribúen a informar e a dar algunha permanencia ás preocupacións e miradas estéticas do tempo que vivimos. [5]

Máis de 700 nomes de profesoras, profesores, técnicos da educación deste País, que exercitan

[5] Cómpre sinalar que, tanto por motivos de reestruturación empresarial en Edicións Xerais de Galicia como de funcionamento do Consello de Redacción, a RGE, que pasou por momentos dalgunha inestabilidade, só editou dous números (o 31 e o 32) en 1998, e un (o 33) en 1999, enmudecendo de seguido. A non posibilidade de continuar esta edición obrigou a buscar outro soporte editorial, así como a recompoñer o equipo redactor; diversos motivos retardaron o reinicio editorial, que se produciu en decembro de 2005 e desde a propia Nova Escola Galega. O deseño e maquetaxe deste 34 a cargo do profesor Manuel López deu paso axiña a un novo e luminoso deseño realizado pola empresa de comunicación Acordar, que se mantivo no tempo ata o presente.

Revista Galega de Educación (rge.gal)	
2008	• A arte na educación
	• Literatura oral e educación
	• A Formación Profesional
2009	• Diversidade e inclusión
	• Xentes, espazos e lugares
	• A inspección
2010	• Aulas hospitalarias
	• A música tradicional
	• As bibliotecas escolares
2011	• Concellos e educación
	• 25 anos da RGE
	• Os xoguetes tradicionais
2012	• A educación física
	• As escolas dos Americanos
	• Construindo os afectos desde a escola
2013	• A organización dos centros escolares
	• Educación 0-3
	• Aprendemos con Rosalía (de Castro)
2014	• Cooperación e desenvolvemento
	• O reto de aprender nas cárceres
	• Ponte nas ondas...da Lusofonía!
2015	• Afirmando a escola pública
	• Redes sociais e ensino
	• Educando coas matemáticas
2016	• Ensinar...non sen a poesía
	• A lingua na educación infantil
	• Infancias, desprotección social e educación
2017	• Educación e Servizos sociais
	• Aprendendo con videoxogos
	• Ciencias sociais para o ben común
2018	• Traballo por proxectos
	• A titoría educativa
	• Servizos complementarios
2019	• Educar...non sen o teatro
	• Filosofía para nenos e nenas
	• A Nova Escola...hoxe
2020	• Memoria para o presente
	• O dereito á coeducación
	• Dez anos (do Decreto) de plurilingüismo
2021	• Novos desafíos para a FP
	• Crear para aprender: STEAM
	• A vida nas aulas en pandemia
2022	• Cultura, territorio e socio-educación
	• Creadoras de contidos
	• Emerxencia climática e educación



Portada da Revista Galega de Educación nº 85.

o seu oficio desde a Universidade, a Administración, as escolas, os centros universitarios..., dando vida colectiva a este intento colectivo. Educadores como Manuel Bragado, onte^[6], ou Xesús R. Rodríguez logo, e desde 2020 Uxía Bolaño e Ana Parada, na dirección da Revista, xunto ás persoas ligadas en distintos momentos de onte e de hoxe ao Consello de Redacción^[7], co auxilio dun máis amplo Consello Editorial e co acompañamento en todo este período de maquetistas^[8], fotógrafos e ilustradores^[9], colaboradores todos precisos, entusiastas e comprensivos.

Este que vai na marxe é un pequeno balance dun valioso traballo. Entre o ano 2008 e o presente 2023 estes da marxe foron os monográficos abordados pola Revista, sendo as propostas de 2023 as relacionadas co estudo dos TEA na perspectiva da inclusión, a educación musical, saúde mental e adolescencia e educación interxeracional.

[6] A unha primeira configuración colexiada do Consello de Redacción en 1983, seguiuille a fin de 1991 unha renovación, aparecendo Manuel Bragado como Director e Antón Costa como Secretario, e así se mantivo ata 1999.

[7] Xosé R. Lago Martínez, M. Janeiro, Rafael Ojea, Luís Otero, Xosé M. Barreiro, Suso Jares, X. Ramón Bernárdez, Antón Costa, Carme Díaz Simón, Manuel G. Seoane, Xulio Pérez, Xosé Ramos, Miguel Vázquez Freire, Francisco Veiga, Helena Zapico, Ana Pose. E nos anos máis recentes, xunto a algún dos anteriores: Emilio Insua, Mónica Baleirón, Pilar Sampedro, Silvia López, Marcos Chavarría, Xesús Ferreiro, Xosé Armas e Andrea Maroñas.

[8] En particular, Salvador Pereira, Xan Leira, Diana Reiter, Gairí Barreiro, Xiana Lastra e Xosé Lastra Muruais.

[9] En particular, M. Sendón, Vicente, Cal 3, Celina, Marga Sampaio, Pepe Carreiro, Andrade, Xosé Tomás e Xosé M^a Mesías Lema, asesor de identidade visual a partir do número 36 e ata o n^o 50, de 2011.

Relaciones externas e comunicación social

NOVA ESCOLA GALEGA E OUTROS COLECTIVOS GALEGOS DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA

Alén dos varios colectivos que en 1983 puxeron en marcha Nova Escola Galega é oportuno indicar a presenza naquela altura doutras instancias relacionadas coa renovación educativa, como indicaremos de seguida. No ano 1978 iniciaba a súa constitución a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) xurdida de entre militantes sindicais nacionalistas no ensino con diverso grao de ligazón á Unión do Pobo Galego (UPG) ^[1]. Dada a conflitividade que se desatou no seu seo entre os anos 1983 e 1984, unha parte dos seus asociados constituiría a Associação Socio-Pedagógica Galo-Portuguesa ^[2] e aínda unha derivación posterior próxima daría lugar á creación do Instituto Galego de Socio-Pedagogía ^[3]. Ademais, no mesmo ano de creación de Nova Escola Galega, varios militantes sindicais no ensino da FETE-UGT crearon en Pontevedra a Asociación Escola Viva, a que tivo, en efecto, unha visible incidencia, sobre todo durante os anos 80 e 90, fundamentalmente

[1] A AS-PG segue mantendo actualmente diversas actividades de formación do profesorado e de creación de recursos didácticos dixitais e visuais. Ao longo do tempo organizou importantes series de Xornadas do Ensino (de Verán), unhas de carácter xeral e outras con temática específica, nas distintas cidades de Galicia, cun non menor despregue de recursos humanos, contando, en particular, co apoio infraestrutural que lle brinda a Confederación Intersindical Galega (CIG).

[2] Tivo como referente fundamental a figura do profesor ourensán José Paz Rodríguez, e foi sobre todo na cidade de Ourense onde tivo capacidade para organizar entre os anos 80 e 90 unha anual Escola de Verão, moi focalizada no tratamento de metodoloxía e técnicas para o dominio das diversas expresións artísticas e o estudo do medio, co apoio da Deputación Provincial.

[3] O Instituto Galego de Socio-Pedagogía tivo igualmente unha certa, pero menor, incidencia, sobre todo na provincia de Ourense, baixo o referente do profesor Santiago Esteban Radío.

na provincia de Pontevedra. Nese tempo, tamén gozou de certa presenza na cidade de Lugo e arredores a Asociación Escola de Verán de Lugo, que organizaba as Escolas de Verán que se realizaban no colexio privado Fingoi. Unhas instancias e outras englobáronse gustosamente baixo o rótulo xenérico de Movements de Renovación Pedagóxica (MRP), incluso sen reunir os trazos oportunos que definen en termos de socioloxía organizacional un “movemento (social)” de renovación pedagóxica.


En todo caso, tendo en conta este escenario organizativo, en 1988 houbo unha primeira intención, falida, de constituír unha Mesa de MRP en Galicia, que pouco máis tarde se esfarelou. O *Boletín Interno* de NEG de xaneiro de 1992 titulaba un texto: “Os MRP: entre a articulación estatal e a desarticulación en Galicia” ao recoñecer a articulación da Confederación en 1991, mediante as varias federacións por Comunidades Autónomas.

En Xuño de 1994 rexistrouse un novo intento de configuración da Mesa de MRP de Galicia: chegou a constituírse a Coordinadora Galega de MRP, formada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), a Escola de Verán de Lugo, o Instituto Galego de Socio-Pedagogía (IGSP) e por Nova Escola Galega, aínda que a dinámica de conxunto foi moi limitada. Exerceron a presidencia da Coordinadora Galega os asociados de Nova Escola Galega Xosé Lastra Muruais e Pepe Álvarez Castro, quen mantiveron unha continua presenza a escala estatal nas reunións da Confederación de MRP. En 1998 no seo da Coordinadora Galega constituíronse tres Mesas Técnicas: de educación infantil, de educación secundaria e de escola rural, como consecuencia do encontro de coordinación celebrado na Granxa Barreiros (Sarria) o 10 de maio de 1997.

Logo de varios cursos de apoio a estas e outras estruturas organizativas colectivas e logo da valoración dos nosos esforzos e os doutras organizacións, Nova Escola Galega optou por dedicar máis esforzos ao traballo organizativo na propia Asociación, ao tempo que se producira a desaparición do Instituto Galego de Socio-Pedagogía e a integración dos membros da Escola de Verán de Lugo en Nova Escola Galega .

NOVA ESCOLA GALEGA E A CONFEDERACIÓN ESTATAL DE MRP. PRESENZA INTERNACIONAL

Na maior parte deste período houbo unha participación ordinaria de representantes de Nova Escola nas actividades de encontro, de debate e de coordinación convocadas pola Confederación Es-



Algunhas relacións internacionais de NEG.

tatal, destacando a participación representativa nalgúns momentos no órgano directivo da Confederación, a presenza de varios asociados/as en máis de 25 Encontros Estatais de carácter anual e a presenza de Delegacións nos II e III Congreso dos MRP celebrados respectivamente en Gandía (1989) e Torremolinos (1996). Cabe destacar que Nova Escola Galega levou a cabo a organización do XXII Encontro Estatal de MRP no ano 2006, coa participación de cen ensinantes de todo o Estado, e tamén o XXXIII, celebrados ambos en Santiago de Compostela.

De modo estable, e mentres existiron nos centrais anos noventa, veuse participando na Mesa de Interculturalismo e de Currículo da Confederación estatal. Houbo tamén presenza na de Escola Rural, aínda que neste caso en nome da Coordinadora Galega de MRP. Ademais participamos en varios momentos na Coordinadora Estatal de Grupos de Educación para a Paz no mesmo período e en diversos Congresos do MCEP (Movemento Cooperativo de Escola Popular), así como esporadicamente en iniciativas de alcance internacional da Federación Internacional de Movimentos de Escola Moderna (FIMEM), á que pertence a nosa Asociación desde os anos noventa, se ben con maior continuidade desde a nosa presenza nas tres Bienais Internacionais da Educación Nova, celebradas desde 2017 en Poitiers e en Bruxelas.

NOVA ESCOLA GALEGA E OUTRAS ORGANIZACIÓNS DE GALICIA

Neste longo período establecemos relacións de colaboración, máis ben de carácter puntual, con diversas entidades sociais, como a Confederación Galega de ANPAS de Centros Públicos e Anpas Galegas, as organizacións sindicais do ensino tamén defensores, dito xenericamente, do modelo de escola pública, con diversas ONG, diferentes entidades de promoción da cultura tradicional e popular ou promotoras do desenvolvemento social democrático, ou preocupadas polo eco-desenvolvemento.

O asinamento dun protocolo de colaboración en 1993 —con ocasión do X Aniversario de Nova Escola Galega— coa CIG, con CCOO e co STEG, non conduciu tampouco, alén dalgunhas valiosas implicacións persoais, á realización dunha colaboración notable da parte das organizacións sindicais. Nova Escola comezou a primeira efectivización do acordo a través do impulso á Plataforma en Defensa do Ensino Público (1994), sendo as tensións sindicais as que dificultaron a súa estabilidade e dinámica. Aínda así, foron varias as iniciativas realizadas.


Con algo máis de eficacia se desenvolveu a nosa participación no pasado na Plataforma polo Ensino en Galego, conformada arredor da Mesa pola Normalización Lingüística.

A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL

Nova Escola Galega veu participando a través dos seus representantes nalgúns Consellos Escolares municipais e Consellos relacionados coa promoción do uso público da lingua galega (Vigo, A Coruña, Santiago, Ferrol, Narón, Teo) e nalgún intre nos consellos directivos dos CEFOCOP, no Consello Escolar de Galicia, se ben estas prácticas participativas están de ordinario debilitadas na actualidade. Ademais, vén participando habitualmente nas sesións, tamén relativamente precarizadas, do Consello Escolar de Galicia.

Cabe sinalar que diversos asociados desempeñan ou, sobre todo, desempeñaron responsabilidades directivas en centros escolares de niveis non universitarios, nos Decanatos de Facultades de Educación de Santiago, da Coruña e de Ourense, na anterior Escola de Maxisterio de Santiago, no Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, ou en CEFORE, caso por exemplo do de Ferrol. Algúns desempeñan a súa función á fronte de servizos municipais da educación, desde os que se levan promovido importantes actividades educativas co selo da renovación.

Iniciativas singulares



Participación na *Mostra do posible* en Cangas (2017).

Ao longo destas catro décadas leváronse a cabo distintas iniciativas singulares.

- Así, na distancia, poderíamos sinalar a homenaxe que en Nadal de 1985 lle tributamos ao profesor Gonzalo Anaya en Compostela, a quen a título póstumo a Universidade de Santiago lle concedeu a insignia de ouro o 25 de novembro de 2008, como foi igualmente o caso do profesor e asociado de honra Avelino Pousa Antelo.
- A recuperación por parte de Antón Costa en 1996 da Biblioteca particular do inspector-xefe da provincia da Coruña no tempo da IIª República, D. Manuel Díaz Rozas, quen foi o Director da Sección de Pedagogía do Seminario de Estudos Galegos (SEG), en colaboración co Instituto Galego de Información promovido por Sargadelos. A biblioteca, hoxe instalada na Biblioteca de Galicia (Gaiás), interesantísima desde o punto de vista psico-pedagóxico, é o mellor patrimonio bibliográfico histórico-pedagóxico existente en Galicia correspondendo co primeiro terzo do século XX.
- Integración de Nova Escola Galega na Plataforma *Nunca Máis*, con ocasión do desastre ecolóxico do *Prestige* e apoio ás diversas iniciativas da Plataforma, incluíndo a cadea humana celebrada na Costa da Morte o 22 de xaneiro de 2003 e a celebración nos centros de educación da Sema-na Negra.
- Campaña de apoio á candidatura do profesor Xesús Rodríguez Jares como Premio UNESCO de Educación para a Paz 2005.

- Apoio ás iniciativas de Ponte nas ondas a prol do recoñecemento pola UNESCO do patrimonio inmaterial galego-portugués.

- O ano 2006 foi declarado como Ano da Memoria. Desde Nova Escola Galega participamos activamente na recuperación da memoria de quen foran docentes represaliados en distinto grao e mesmo ata a morte polo seu comportamento responsable, profesional e democrático. Fixémolo ademais achegando considerables datos de investigación.

Na honra deles, o 18 de febreiro de 2006 aprobamos a declaración lida no Museo Pedagóxico de Galicia e que aquí se reproduce, parcialmente:

Eles eran, sen dúbida, os que ían por diante dos nosos compromisos de hoxe, os que levaban as bandeiras da utopía —na fronte unha estrela e no bico un cantar— e por iso debemos ter unha acordanza nobre, respectuosa e de recoñecemento cara a eles. Naqueles finais dos anos trinta, case un centenar de ensinantes foron asasinados de modo vil. É do caso que deles fagamos algunha memoria: un a un, unha a unha, e polos seus nomes. Nova Escola Galega, así o quere facer hoxe en Compostela e aquí no Museo Pedagóxico de Galicia, que aínda ten recendos daquelas súas vidas.

Parte do escenario educativo galego

NEG é, con todas as súas limitacións, unha historia de traballo e compromiso que compón un valioso tecido feito de coñecemento pedagóxico, de vontade de transformación social e tamén da utopía precisa para abrir horizontes sociais. Aspectos concretos e de pormenor sobre o anterior poden ser vistos a través:

- da riqueza informativa que se contén na web de NEG,
- da consulta á serie de *Boletíns Internos* editados e impresos,
- da *Revista Galega de Educación* que vai cara aos 86 números editados,
- do libro-resume editado con ocasión dos 25 anos da Asociación, ou a través das múltiples informacións presentes nas redes sociais.

Foi acontecendo en escenarios contraditorios; entre esperanzas relativas suscitadas por algunhas reformas sociais, incluídas as educativas, con algunhas conquistas sociais que apreciamos. Mais tamén entre frustracións, ante comportamentos políticos e administrativos contrarios, acentuados cara a posicións neo-conservadoras e neoliberais; ante o control continuado da Xunta de Galicia por parte de gobernos conservadores; ante as incertezas que deseguido apreixan o proceso de galeguización mentres se estende o clima desgaleguizador; ou ante as propias debilidades que con frecuencia bloquean os posibles avances.

Desde os finais do século XX foise reducindo de facto e de fondo a capacidade de autonomía pedagóxica (curricular e organizativa) no sis-

tema educativo público (que debería ser o eixe dos procesos educativos institucionais), mentres se incrementou o poder decisorio dos sectores sociais favorables á privatización da educación; estendeuse o discurso da "calidade" como xerarquización de excelencias e de fortunas nunha sociedade na que se intensificaron os desequilibrios; as políticas públicas son contrarrestadas e deslexitimadas por poderosas correntes económicas e de opinión publicada favorables á globalización neoliberal, co seu culto á tecnocracia, á eficiencia económica, á concepción a-histórica da realidade e do coñecemento, á manipulación emocional e o relativismo axiolóxico, á homoxeneización cultural, á hiper-estimulación audiovisual, á fragmentación social insolidaria, ou ao discurso clientelar, en contradición cos ideais da cidadanía democrática e da reforma social.

Neste tempo, tamén outras instancias organizativas similares á nosa existentes noutras Comunidades do Estado español ou en Estados do noso arredor (singularmente Francia, Portugal e Italia) veñen pasando por vicisitudes parecidas. Falamos de Movementsos de Renovación Pedagóxica —ás veces algo máis sólidos (quizais debido aos seus contextos específicos), aínda que frecuentemente máis débiles— que canda nós veñen compondo espazos e instrumentos de transformación educativa.

Convén sinalar que a loita contra os procesos de involución pedagóxica desenvolvidos nos últimos anos foi enfrontada en Galicia polas organizacións do ámbito educativo (mrp, sindicatos, anpas, organizacións estudantís etc.) baixo o signo da división, como o chegou a mostrar a existencia de dúas Plataformas na defensa do ensino público. División que acontece no ámbito da acción normalizadora, en parte debido á problemática que ocasiona a cuestión da normativización lingüística, a súa volta relacionada cos debates sobre o futuro da lingua galega. Neste ámbito tamén hai que anotar a desaparición dunha estrutura de carácter profesional importante, como foi a Coordinadora das Equipas de Normalización Lingüística, sen que, de momento, se formulasen alternativas para suplir este baleiro. A dureza destes tempos evidenciou a febleza das estratexias —se cadra excesivamente defensivas e pouco proactivas— nas que adoitamos parapetarnos na defensa de postulados non sempre ben explicados á comunidade educativa e a sociedade en xeral.

No presente, Nova Escola Galega é, infelizmente en moitas ocasións, a única instancia en Galicia que no marco do progresismo social e desde a perspectiva global da educación (e fóra do territorio político-sindical) constrúe con certa regularidade posicións documentais e de orientación,


arredor de asuntos que importan a todos en relación coa política educativa. Isto é por si só xa un valor, a miúdo non apreciado, a pesar da conveniencia deste exercicio de reflexión colectiva na procura de definir orientacións. Valor e presenza que deberá afianzarse, porque NEG acentúa aquilo que lle dá identidade e funcionalidade: marcar o que é desexable con valor de conduta pedagóxica. Falamos dun campo de acción no que habitualmente gardan silencio outras plataformas e asociacións docentes centradas en aspectos sectoriais do desenvolvemento educativo.

O panorama internacional de desenvolvemento educativo destas catro décadas da nosa presenza é dun intenso dinamismo. Éo no ámbito das políticas educativas que se promoven a modo de Recomendacións desde instancias de alcance mundial como a UNESCO, coas súas Conferencias Internacionais de Educación e a suma de diversos organismos ligados a ela con misións especializadas; éo desde outras instancias como son a OCDE, o PNUD e o Banco Mundial. En todos estes espazos e nas recomendacións que indican/inspiran constan visións sobre o presente e o futuro da Terra e da Humanidade, que con frecuencia mostran concordancias, pero que tamén incorporan loitas e debates ideolóxicos, situados entre o conservadorismo, o neoliberalismo e as orientacións socialistas na súa gama de manifestacións.

Ese panorama internacional é moi importante no ámbito da investigación pedagóxica, cunha ampla diversidade de paradigmas, de programas e de tónica de investigación. Percorrido, igualmente, nas súas diversas escalas por debates, referentes ideolóxicos e valores, con interrogantes e algunhas respostas, que testemuñan conflitos entre visións sociais e humanas.

Prácticas políticas e prácticas de investigación que foron xerando 'cosmovisións educativas e marcos pedagóxicos' que inciden sobre as concretas realidades formativas. Nova Escola Galega pertence máis ben a este espazo de concreción, respondendo en mellor medida ao paradigma da "educación crítica" e ao "socio-construtivismo".

Neste tempo fomos reunindo unha experiencia de vida e memoria que en boa parte está recollida nas memorias que anualmente fomos aprobando nas correspondentes asembleas. Un patrimonio que consideramos que debera actualizarse e renovarse co concurso do esforzo de novos activos educativos, persoas, grupos e/ou entidades que pretendan obxectivos semellantes aos que inspiraron e son a razón de ser do noso traballo pedagóxico.



Páxina web de Nova Escola Galega (neg.gal).



Páxina web da Revista Galega de Educación (rge.gal).



Consello de Redacción da Revista Galega de Educación.

Aprendizaxes neste tempo de traballo asociativo

Ao longo destes anos de vida fomos construíndo unha estrutura organizativa que, a través das súas Asembleas anuais e das responsabilidades de dirección/coordinación que se concitan no Secretariado Nacional, procura desenvolver as seguintes liñas de actuación:

* *Formación docente.* Ser un instrumento ou mediación para a formación docente desde os supostos xerais que configuran as finalidades da Asociación. Unha plataforma organizativa para a celebración de encontros, xornadas, obradoiros, para a elaboración de documentos e outras iniciativas de formación grupal, ata onde o permiten as nosas capacidades de organización. Un instrumento modesto nas capacidades, mais significativo nas ideas.

* *Creación de opinión, debate e reivindicación.* Un espazo desde onde formar opinión/pensamento, a través da reflexión e o debate, arredor de cuestións que afectan ao desenvolvemento educativo, á cualificación dos docentes e ao enfoque das prácticas da profesión; un lugar desde onde poder realizar o exercicio reivindicativo e de proposición, aberto cara á sociedade e aos medios de información.

* *Divulgación e sensibilización.* Un instrumento desde onde favorecer creación de estados de opinión e de pensamento educativo mediante a difusión impresa e dixital dos coñecementos e posicións xeradas desde a propia asociación.

Neste espazo desbotamos algunhas opcións e apostamos por desenvolver outras alternativas. Hoxe en día valoramos como algunhas das nosas aspiracións tiveron e teñen un desenvolvemento desigual:

– *Actividades formativas.* Renunciamos a ser unha axencia de servizos educativos para posibles clientes (profesorado, familias, estudantes), cunhas específicas demandas formativas que a Asociación podería cubrir mediante o pago de tal servizo. Tampouco somos unha instancia limitada á formación técnico-didáctica do profesorado, como un centro colaborador da Administración Pública, seguindo as indicacións dos plans oficiais de formación en servizo. Porén, algunha dependencia das liñas de subvención institucionais obríganos en ocasións a un algún exercicio de “activismo”.

– *Grupos de traballo.* Os Grupos de traballo, que se suscitan entre o profesorado por impulso do interese compartido arredor dunha cuestión específica, contribúen á maduración profesional e humana entre os seus membros. Nun espazo como o de Nova Escola Galega estes grupos son medios de articulación fundamentais e, porén, constatamos a existencia de menos grupos de traballo dos que sería de desexar. Máis alá de nós xorden con algunha frecuencia grupos de ensinantes con alta motivación, que concitan mesmo moitas ilusións e unhas dinámicas vivas que, non obstante, logo de certo tempo esmorecen con frecuencia. Conscientes disto desde Nova Escola Galega quixemos dármonos garantías suficientes de permanencia e de maduración no tempo para unha mellor procura dos obxectivos pretendidos.

– *Presenza na política educativa.* Nacemos por confluencia de distintos colectivos previos e coa aspiración de sermos un movemento de renovación pedagóxica capaz de afrontar un traballo pedagóxico global, evitando centrarnos nun sector didáctico específico, coa consciencia de que hai aspectos da realidade educativa que debemos abordar de modo global e non só sectorialmente. Así o temos procurado.

– *Con independencia de grupos políticos e sindicais.* O exercicio de formulacións desde Nova Escola Galega ten con frecuencia unha dimensión política, que asumimos e reclamamos. Decidimos desde o primeiro momento non ser unha axencia dependente (ou ‘conectada’) de específicas organizacións sindicais ou políticas. NEG procurou ser coitadosa a este respecto evitando sempre o seguidismo, o deixarse levar por unha ‘conveniencia’ política ou sindical exterior. No seu seo hai e sempre houbo presenza de militantes de diversas

adscricións dentro do arco de organizacións partidarias da reforma social. Algo que en ocasións orixinou algún conflito, debendo sinalar que predominou, con certeza, a busca de consensos, a convivencia, o respecto e o diálogo.

Catro décadas de existencia téñennos permitido formar unha certa cultura organizativa 'experienciada', vivida en relación coas seguintes cuestións: a modalidade organizativa que somos, a atención ao clima emocional (que non sempre coidamos, probablemente), como construímos as nosas formulacións e como nos relacionamos con outras instancias, actores e o conxunto social, mesmo con momentos críticos e negativos, que debemos aprender a superar. Unha cultura organizativa que construímos como saberes de grupo e que fomos trasladando de xeito interxeracional no marco da asociación.

Esta bagaxe, sendo apreciable, acusa síntomas de cansazo por mor da limitada renovación xeracional entre as e os asociados; da insuficiente receptividade que obteñen algunhas das nosas propostas formativas; da diminución do número de grupos de traballo e das súas actividades e folgos para soste un traballo continuado; ou da modesta capacidade para estarmos presentes no conxunto dos asuntos de actualidade educativa.

Só unha cuarta/quinta parte das/dos integrantes participa visible e habitualmente nas distintas actividades convocadas anualmente. É unha tendencia similar á doutras asociacións, aínda que hai unha parte notable de asociados que ten interiorizado a importancia de ser integrante, de manter unha cotización e o sentimento de formar parte dun territorio común de ideas e de prácticas de educación. Ese sentimento presente no conxunto ten que ver coa propia filosofía organizativa, que se sintetiza na idea de 'movemento': un tipo de asociación que debe alimentarse da preocupación por incorporar o máis posible os seus asociados e asociadas nas tarefas e funcións que desenvolve, promovendo a tal fin a comunicación e a información interna (mediante correspondencia postal, a edición de boletíns internos, a través da páxina web e do muro de facebook, cunha invitación constante á participación), cobrando realce a horizontalidade nos modos de organización.

Fomos construíndo unha certa *cultura relacional*, na que se asenta a nosa estrutura organizativa e grande parte da actividade que vimos desenvolvendo. Nova Escola Galega conta no seu seo con asociados e asociadas que (en moitos casos desde o inicio) sentiron e senten a necesidade de impulsaren este instrumento de intervención ao estaren a prol da transformación escolar democrática; que

interiorizamos algúns elementos básicos de funcionamento que co tempo fomos aprendendo:

- Aprendemos que os estatutos son un documento importante para regular a vida da Asociación, dando cumprimento ás previsións organizativas que neles se conteñen en relación: coas responsabilidades directivas, e a súa elección e renovación; coas indicacións sobre as decisións e acordos a tomar nas asembleas; coa ordenación e transparencia da vida económica da asociación; co establecemento de programas e actividades; coa aprobación de actas e a súa continua actualización.
- Aprendemos que no Secretariado Nacional debemos combinar a renovación de membros e a continuidade doutros, o que permite estabilizar condutas e manter a oportuna memoria grupal do desexo de boas prácticas, sen eludirmos a súa revisión, en tanto que instancia directiva e de programación, sendo tamén un espazo de convivencia e de proximidade humana e emocional entre os seus membros.
- Aprendemos que un grupo amplo non se alimenta só de horizontalidade e de coordinación, senón que igualmente precisa dirección e liderado. Tamén sabemos da necesidade da cadencia ordenada de reunións, da conveniencia da presenza habitual da maioría dos seus membros, así como da necesidade de asumir responsabilidades e desenvolver tarefas varias, ademais da de mudar as persoas que exercen responsabilidades.
- Aprendemos que nunha asociación coma esta precisase sentir a convivencia e as relacións humanas entre os seus membros, debendo, pois, atender á boa tonalidade emocional e vital do conxunto. Aprendemos que o protagonismo que no desempeño das súas tarefas poidan adquirir diversas persoas non se debe transformar en personalismos, que poñen o foco negativamente nesas persoas e escurecen o que o conxunto significa, sendo, logo, fundamental non perder de vista esta cuestión.

Anexos

ANEXO 1. PREMIOS EDUCACOMPOSTELA DE RECURSOS EDUCATIVOS EN PROL DA INNOVACIÓN, A CALIDADE EDUCATIVA E A RENOVACIÓN PEDAGÓXICA

Nova Escola Galega e o Departamento de Educación do Concello de Santiago. Co obxectivo de «recoñecer, promover, premiar e difundir publicamente aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuír ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica» realízase convocatoria pública, comunicada a todos os centros escolares de Galicia; en cada ocasión unha Comisión avaliadora académica e institucional establece o valor recoñecido aos traballos presentados cun primeiro, un segundo e un terceiro premio, cunha asignación económica, e un diploma acreditativo en todos os casos, podendo tamén establecer algunha mención. A entrega destes Premios realízase no transcurso dun acto de recoñecemento ás persoas e grupos galardoados, que da fin a cada unha das edicións, celebrado no Salón Nobre de Raxoi, na Casa do Concello.

2006, IV EDICIÓN

1º premio: "SonCine@", do IES de Porto do Son, dirixido por David Iglesias.

2º premio: "O millo", realizado polos alumnos e alumnas de cuarto de Primaria de Porto do Son, baixo a dirección de María Xesús Mágoa Rei.

3º premio: "Convivencia e interculturalidade no noso centro", do IES Antón Fraguas de Santiago.

Mención especial: "A boca e os dentes", do Colexio Andaina de Culleredo.

2007, V EDICIÓN

1º premio: "Como traballar a lóxica matemática a partir das rutinas da aula". O grupo de traballo premiado está composto por María Blanco Corral (CRA de Teo - Bamonde), Mª Dolores González Marquina (CRA de Teo - Oza), Manuel Ángel Masaguer Rodríguez (CRA de Teo - Campos), Mª Ángeles Pousa Díaz (CRA de Teo - Aido), Nuria Fernández Fariñas (CEIP de Laredo - Redondela), Mª José Iglesias Valiño (CEIP Figueroa - A Estrada), Begoña López Fernández (CEIP de Portonovo), Mª Nora Pousa Díaz (CEIP A Ramallosa - Teo) e Susana Viqueira Cobas (CEIP Pérez Viondi - A Estrada).

O ensino das matemáticas no alumnado de educación infantil e de 1º ciclo de primaria a partir das rutinas da clase é o obxectivo de todas as propostas didácticas que se recollen neste interesante

traballo realizado coordinadamente por 9 mestras de 6 centros escolares da Coruña e Pontevedra.

2º premio: "*Programa de acollida do alumnado estranxeiro*", elaborado por Susana Marina Blanco Baluja (coordinadora), Rita Amigo Seisdedos, Concepción Abuín Méndez, Marián Araújo Muíños, Mª Isabel Barreiro Gundín, Valentín Castellano Méndez, Mercedes Espiño Amil, José Mosquera Almuíña, Mª Isabel Pereiro Raposo, Mª Jesús Ríos Creo e Ana Formoso Remesar, do IES Eduardo Pondal de Santiago de Compostela.

3º premio: "*Nova antoloxía latina*", presentado por Óscar Sánchez Vidal, do IES Portovello de Ourense.

Mención especial: "*Árbores que arrolan poemas*", presentado por Mª Dolores Domínguez Díaz e o equipo de profesores/as do CEIP Ramón Cabanillas, de Santiago de Compostela.

2008, VI EDICIÓN

1º premio: "*Xogando coa luz*". O traballo foi realizado por un equipo de profesionais de educación infantil de varios centros galegos, formado por Mª Dolores Vázquez Camino, Mª Carmen Sampedro López, Sandra Real Nimo, Mª Fe Taboada Fernández, Sandra Otero Lemos, Laura Valiño Lemos e Mª Ángeles Vidal López; e pretende buscar estratexias que permitan a introdución de experiencias científicas de xeito rigoroso dentro da aula co fin de favorecer o descubrimento das relacións entre os distintos obxectos, fenómenos e feitos entre os escolares de educación infantil (3- 6 anos).

2º premio: "*O xogo de Macías*", presentado por un equipo de profesores do IES Macías O Namorado, de Padrón. Un proxecto que representa un interesante recurso didáctico para traballar diferentes materiais do curriculum escolar: literatura, lingua francesa, matemáticas, ciencias da natureza, ciencias sociais, plástica, lingua castelá.

3º premio: "*A escola dos avós*", un documental sobre a memoria histórica con testemuños directos que nos falan da situación da escola na Galicia da posguerra e un material didáctico para traballar o documental co alumnado, realizado por dúas profesoras do IES Puga Ramón (A Coruña).

Mención especial: "*1059 imaxes para o estudo da historia da Arte*", posto en marcha no CPI Pecalama de Pontevedra (A Coruña).

2009, VII EDICIÓN

1º premio: "*Brinquedos*"; o grupo de traballo está composto por Xabier López García e Secundino García Mera, do CEIP "Mosteiro de Caaveiro" (As Neves-A Capela).

2º premio: "*Glosario de Artes gráficas en Lingua de Signos Española*"; o grupo de traballo está composto polo profesor Carlos José Correa Otero, do IES Leixa de Ferrol, e a intérprete da Lingua de Signos Tareixa Martínez Barral.

3º premio: "*Unha cidade sustentable*", presentado polo Centro Xuvenil Don Bosco de Santiago de Compostela.

Mención especial: "*Retos para unha época. Os ilustradores galegos 1880-1936*", achegado por Juan Aguilar Madrazo, Mª Mercedes Bangueses Vázquez e José Ramón Iglesias Veiga, do IES Pino Manso (O Porriño).

2010, VIII EDICIÓN

1º Premio: "*Historia das Letras*", presentado por Margarita Alborés Alborés, do CEIP Pío XII de Santiago de Compostela.

2º Premio: "*Preocupacións*" presentado por David González Gómez e o alumnado de 4º da ESO do CPI Doutor Daniel Monje, de Navia de Suarna, Lugo.

3º Premio: "*Achegamento ás TIC en Educación Infantil: O conto dixital*" presentado por Patricia Cinza Sanjurjo, do CEIP Casás (Lugo) e Isabel Seijas Funcasta, do CEIP Cruceiro de Sanxenxo (Pontevedra).

Mención especial: "*Ad Latinitatem*", elaborado por José Alfonso Blanco Quintela, do IES Fontexería, en Muros.

2011 a 2015, inclusive, non se convocaron.

2016, IX EDICIÓN

1º premio: "*Starcach*", presentado polo IES A Cachada de Boiro (A Coruña).

2º premio: "*Ser docente a través da arte*" do colectivo E.S.G.A.Z.A.D.O.S.

3º premio: "*Dimenome*" de Silvia López Gómez.

Mención especial: "*Vivenciando a Idade Media. Unha viaxe desde os xéneros dialogados medievais A regueifa*", presentado por Tania Vázquez García.

2017, X EDICIÓN

1º premio: "*CuntiStar*", do CPI Aurelio Marcelino Rey García, de Cuntis (Pontevedra). O xurado valorou a temática que trata e a diversidade de recursos educativos que propón e o grao de implicación do alumnado no seu desenvolvemento, así coma o seu impacto na comunidade educativa. Cómpre destacar igualmente a atención prestada á fenda de xénero no contexto dixital e as



Entrega de Premios EducaCompostela 2019.

respuestas que ofrece o material para promover o uso e difusión da lingua galega a través dos videoxogos, a robótica e os medios audiovisuais. •

2º premio: "*Proxecto internivel e interetapa de Mitoloxía desde a biblioteca*", presentado por Xosé Cabido Pérez, do IES Fontexería de Muros (A Coruña); Maiuca Cortón Tesouro, do CEIP Felipe de Castro de Noia e Alicia Nimo Liboreiro, do Pepe de Xan Baña de Santa Comba. Destaca por empregar a biblioteca escolar como núcleo vertebrador da revalorización e da difusión da cultura clásica, e por ser quen de aplicar as novas tecnoloxías para crear coñecementos e aprendizaxes, ademais de como vía de cooperación e colaboración entre centros.

3º premio: "*Auga doce*", do CEIP de Barouta, de Ames (A Coruña). Esta proposta permite o coñecemento e a interacción co medio a partir dunha contextualización para o alumnado e a comunidade educativa, e promove a implicación e o sentido de pertenza na comunidade educativa.

Mencións especiais: "*Longa ollada pola Ruta Translatio*", do IES Plurilingüe A Cachada de Boiro (A Coruña).

"*Pirillán*", de Silvia López Gómez, polo seu valor para educar en afectos e emocións.

2018, XI EDICIÓN

1º premio: "*Proxecto IMAGOTECA: Imaxina, Crea e Comparte*", do IES Ramón María Aller Ulloa de Lalín (Pontevedra).

2º premio: "*mClon; Un robot galego Hbre e aberto*", da Asociación Tecnolóxica a Industriosa de Vigo, integrada por docentes do IES Primeiro de Marzo (Baiona) e do IES de Teis (Vigo).

3º premio, para o proxecto "*Santiago Medieval*", do CEIP Lamas de Abade de Santiago de Compostela.

Mencións especiais: "*A Orde de Compostela. O último Gardián da Barca*", do Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela.

"*Sonia a tres bandas*", do CEIP A Ramallosa de Teo, do CEIP de Roxos e do CEIP XII de Santiago de Compostela.

2019, XII EDICIÓN

1º premio: "*A Cianotipia. Recurso didáctico*", presentado polos Equipos da Biblioteca e Normalización Lingüística do CEE López Navalón de Santiago de Compostela.

2º premio: "*Proxecto Xeoclip. Aprendemos nos glaciares*", dos seguintes autores: Jacobo Raúl de Toro Cacharrón, Rocío Romar Noel, Mª Fernanda Moltó Roibal e Alberto Fortes Novoa.

3º premio: "*Filothinking: O Diario filosófico e o Art-thinking xuntos como ferramenta para o pensamento lento e creativo*", presentado por Alicia Eva Garea Traba.

2021, XII EDICIÓN

1º premio: "*Maleta de emerxencias pedagóxicas: materiais didácticos en aulas hospitalarias*", presentado por Yésica Teijeiro Bóo, Xesús R. Rodríguez, Tania Caamaño Liñares, Antía Cores Torres, Ana Rodríguez Groba (da Facultade de Ciencias da Educación da USC); María Pilar Porta Rodríguez (mestra da Aula Hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, CHUF) e María Elena Sobrino Fernández (mestra da Aula Hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS)).

2º premio: "*Sementar diálogos*", presentado por María del Mar Santiago Arca.

3º premio: "*Afonso reporteiros*", de María Isabel González Piñeiro.

2022, XIII EDICIÓN

1º premio: "*BOIHAUS: un proxecto de bioarquitectura para ensino secundario*", presentado polo IES A Cachada de Boiro.

2º premio: "*Mulleres de Compostela: tras os pasos das nosas pioneiras*", presentado por Coordinación de Igualdade do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.

3º premio: "*Xogamos? Unha porta á imaxinación*", presentado por María Isabel González Piñeiro do IES Afonso X O Sabio da Coruña.

**ANEXO 2. IIª EDICIÓN DOS
«RECOÑECIMENTOS SUSO JARES
DE PROGRAMAS E EXPERIENCIAS DE
CONVIVENCIA ESCOLAR», PROMOVIDOS
POR FOANPAS E NOVA ESCOLA GALEGA.**

Vigo, xaneiro de 2019

Categoría 1, dedicada a programas de convivencia pacífica, igualitaria e inclusiva nos centros escolar e a proxectos innovadores en prol da cultura de paz promovidos por centros educativos (Infantil 0-3 e 3-6 anos, Primaria e Secundaria): ao proxecto «Salvem os bosques» promovido conxuntamente pola Escola Infantil Municipal Santa Cristina e a Escola Infantil Municipal Mes- tres Goldar, ambos os dous centros de 0-3 anos.

Categoría 2, dedicada a políticas e programas públicos e iniciativas ou traballos promovidos por administracións, entidades sen ánimo de lucro e persoas físicas: a Asesoría de Bibliotecas Escolares da Dirección Xeral de Centros e R. H. da Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia. Esta Asesoría creada en 2003, impulsa desde 2005 o Plan de mellora de bibliotecas escolares (PLAMBE), unha acción específica destinada á renovación das bibliotecas escolares dos centros públicos non universitarios cuxos obxectivos iniciais foron dotar o alumnado das competencias claves relacionadas coas alfabetizacións múltiples e constituír a Rede de bibliotecas escolares de Galicia, de reforzar a súa presenza e acción nos centros e chegar a outorgarlle estabilidade. Na actualidade, no curso 2018/2019, 655 centros públicos e 22 centros concertados dos niveis de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Conservatorios, EOI e Centros de Educación de Persoas Adultas participan no PLAMBE renovando cada curso o seu proxecto educativo centrado na organización



e dinamización da biblioteca escolar concibida como centro de recursos e espazo de contacto coa información dentro das escolas. A Asesoría de Bibliotecas Escolares promove nestes centros programas de fomento da lectura como «Hora de ler», «Ler en mancomún», «Libros a oito», «Maltas viaxeiras», «Clubs de Lectura», «Radio na Biblio», «Clubs de Lectura», «Biblioteca Creativa (antes «Proxecto Escornabots na biblioteca escolar»)»; programas de innovación como o «Concurso de Traballos por Proxectos coordinados ou co apoio da biblioteca escolar», «Voluntariado da lectura», «Programa de Bibliotecas escolares solidarias», «Bibliotecas escolares inclusivas» e actividades de formación do profesorado como as «Xornadas de Bibliotecas Escolares de Galicia», os «Encontros do Plan de mellora de bibliotecas escolares» e os «Encontros dos Clubes de lectura», nos que participan cada edición varios milleiros de profesores e profesoras. A Asesoría de Bibliotecas Escolares desenvolve desde hai máis de quince anos un programa cada curso máis diverso de innovación didáctica, tinguido cos valores do ensino cooperativo e da educación para a paz, que os promotores dos «Recoñecementos Suso Jares» consideramos deben ser visibilizados por toda a comunidade educativa.



Recoñecementos Suso Jares (2020).

ANEXO 3. O SEMINARIO CAMBELA DE NOVA ESCOLA GALEGA^[1].

O Seminario de formación docente Cambela, constituído dentro de Nova Escola Galega iniciou a súa traxectoria hai anos, cun modelo educativo centrado en favorecer a autonomía do alumnado, a partir da acollida e do traballo coa súa globalidade. A formación alcanzada en Análise Transaccional e Psicoterapia Integrativa achegounos ferramentas óptimas e eficaces para profundarmos nesa liña de intervención; e para identificar e abordar as posibilidades e limitacións que implica o establecemento de relacións educativas facilitadoras da autonomía.

A continuación, resaltamos o avance persoal, profesional e colectivo que experimentamos tanto como membros do Seminario Cambela, como nos diferentes ámbitos escolares nos que concretamos a nosa práctica educativa.

O SEMINARIO CAMBELA, UN ESPAZO DE APRENDIZAXE COMPARTIDA

O Seminario Cambela está constituído actualmente por catorce docentes que traballamos en distintas etapas educativas non universitarias, e mais a psicóloga Isabel López Arias, con quen nos vimos formando en Análise Transaccional e Psicoterapia Integrativa, na última década. Unha constante deste Seminario de formación pedagóxica e didáctica, ao longo da súa historia, iniciada no curso 1983/84, foi profundar na *autonomía e relación educativa*. E facelo a través dunha dinámica estábel caracterizada pola análise compartida das diferentes situacións que viviamos nas nosas aulas, sempre en coherencia cos marcos de referencia específicos que iamos construíndo.

As reunións periódicas, inicialmente semanais, convertéronse nunha oportunidade importante para encontrar respostas aos interrogantes que nos poñía a realidade profesional. Respostas que cada compoñente de Cambela xestionaba no seu centro educativo, imprimíndolle o selo persoal que enriquece a diversidade intrínseca a este Seminario. Así avanzamos na concreción do noso modelo educativo.

Desde o principio, fomos moi conscientes de que se trataba dun proxecto apaixonante e ambicioso, das dificultades que supuña a súa posta en práctica. Eliximos Cambela como nome deste grupo de

traballo que experimentabamos como instrumento imprescindible para mellorar a nosa práctica docente, e para afrontar as resistencias contextuais á nosa forma de facer escola. Como nome e como símbolo. Como nome porque unha *cambela é un arado pequeno moi antigo para abrir terras moi duras*. E como símbolo do noso Seminario por se tratar dunha ferramenta que respectaba os ritmos da terra e das persoas, que requiría tempo e paciencia, ir e volver, que imprimía cadencia para ir cantando y contando...

E xustamente así queriamos construír, no día a día, unha escola democrática, inclusiva, pública e con raíces. Unha escola na que o alumnado se sentise acollido na súa globalidade, e onde os seus procesos persoais fosen respectados no seu camiñar cara á autonomía persoal, relacional, académica...

O outro pilar do Seminario Cambela, imprescindible desde os seus inicios, foi Nova Escola Galega (NEG), o *Movemento de Renovación Pedagóxica (MRP)* que respondía plenamente ao noso marco ideolóxico, baseado na cultura do compromiso colectivo, da axuda mutua, da voluntariedade e da confianza na potencialidade transformadora da educación.

En Nova Escola Galega coincidimos a maioría das mestras que seguiríamos permanecendo neste Seminario, e no seu seo construímos este espazo de aprendizaxe compartida que é Cambela. Desde ela entramos en contacto con outros movementos de renovación pedagóxica de distintas Comunidades Autónomas, intercambiamos accións con diferentes realidades educativas máis e menos próximas, participamos dunha formación global e específica que nos enriquecía constantemente (Escolas de verán, Encontros MRPs, visitas a escolas innovadoras...). Un proxecto do que seguimos formando parte, e aberto ás compañeiras que nos fomos incorporando a Cambela.

A nosa autonomía como grupo permitíanos seleccionar, en cada etapa, profesionais competentes nos ámbitos concretos nos que o Seminario focalizaba a súa atención. Unha formación sistemática que consolidaba a bagaxe que traíamos, sinalaba novos obxectivos a contemplar e ofertábanos estratexias que enriquecían o noso labor docente, encamiñándoo cara aos novos retos que emprendíamos.

Inicialmente, centrámonos en como favorecer a motivación, dispoñibilidade e autonomía do alumnado desde a máxima aproximación a el e aos seus procesos. Con Marcelino Vaca descubrimos as amplas posibilidades que para iso ofre-

[1] O presente texto quere dar conta dun longo itinerario de formación, de vivencias e de maduración das mestras que o viñeron conformando; sitúase por unha parte na especificidade, pero tamén, por outra, no feito de ser parte dun Movemento de Renovación Pedagóxica. O texto é parte dun máis amplo relatorio que co título «A AUTONOMÍA NA ESCOLA. SUMAS OU RESTAS?: ABRINDO CAMIÑOS PARA A AUTONOMÍA» se presentou en 2017 no Congreso da Asociación de Profesionais de Psicología Humanista y Análisis Transaccional e figura publicado na Revista de Análisis Transaccional, nº 4, 2018, pp. 83-92. Mostra a vida dun Grupo de Traballo.

cía o *Tratamento Pedagóxico do Corporal* tanto nas sesións de psicomotricidade como a través da organización espazo-temporal das nosas aulas, e da selección de actividades e materiais didácticos adaptados aos obxectivos propostos en cada momento da xornada escolar.

A confianza progresiva no papel determinante da docente no grupo, e na función protectora das normas democráticas que a representaban, permitíanos acompañar tamén indirectamente cada proceso individual e grupal, mediante a xestión simultánea de todos estes elementos. Cada un deles era (e segue sendo) unha oportunidade de ofrecer respostas axustadas ás necesidades individuais e colectivas que se ían pondo de manifesto. E facilitaban o avance.

Na etapa seguinte, por volta de 1993, profundamos coas orientacións da pedagoga arxentina Miriam Nemirosvki a creación de contextos de aprendizaxe na área lingüística compatíbeis coa nosa liña de intervención docente descrita. Exploramos as inmensas posibilidades que a didáctica ofrece acollendo e alentando a diversidade de ritmos e procesos emocionais, cognitivos e relacionais que coinciden no grupo-aula, a través de propostas didácticas que se concretaban en tarefas escolares abertas, diverxentes, e nos diferentes tipos de agrupamento posíbeis do alumnado para realizalas.

No afianzamento desta práctica educativa inclusiva tamén foi decisiva a visita que realizamos na década dos noventa ás Escolas Municipais de Módena (Italia), nas que observamos esta liña de intervención didáctica como dinámica consolidada en todas as áreas curriculares.

Na última década introducímonos, coa psicóloga Isabel López Arias, no mundo da Análise Transaccional e da Psicoterapia integrativa. E descubrímonos facendo rendíbel, cos máximos niveis de benestar no persoal e de eficacia no profesional, todo o aprendido e vivido deica este momento.

Foi decisivo afondar no campo que, no seu momento, a psiquiatra infantil Madó Domínguez (1992) nos abriu en relación á implicación da dimensión emocional do docente, da súa propia globalidade, na relación que establece co alumnado.

Con Isabel López Arias estivemos facendo descubrimentos fascinantes sobre o noso desenvolvemento simultáneo como persoas e como docentes, como membros dun grupo con guía e asemade como profesionais acompañantes dos procesos dos grupos de escolares, e de cada un dos seus compoñentes. A adquisición progresiva

da propia autonomía no Seminario foise traducindo en competencia profesional para facilitar a cada rapaz en relación co grupo ao que pertence.

En ambos os casos comprobamos que a procura dun equilibrio estábel entre as necesidades individuais e colectivas require a superación das resistencias persoais e grupais que impiden avanzar nas tres capacidades coas que Berne define a autonomía en 1964: decatármonos do que sentimos e necesitamos de nós e as demais; manifestalo de forma espontánea, e estar dispoñíbeis para a intimidade, para recibir e expresar honestamente.

O Seminario *Cambela* ofrécenos unhas condicións privilexiadas para avanzar nos conceptos de autonomía e relación, e a interdependencia entre eles, ao posibilitar a análise colectiva do que sentimos e necesitamos nas relacións que se establecen no propio grupo e nas aulas; e o deseño conxunto dos proxectos que elaboramos para desenvolver en ambos espazos.

No ámbito escolar, constatamos a optimización da nosa capacidade para comprender e soste os máis diversos contextos. Así como para orientalos cara ao dobre obxectivo de facilitar que o alumnado experimente o nivel de confianza, seguridade e comunicación que lle permita experimentar de forma positiva e eficaz a autonomía e a relación como interdependentes. E favorecer a cohesión do grupo mediante a creación do vínculo e do establecemento dunha base segura.

LIÑAS DE INTERVENCIÓN NAS NOSAS AULAS

O momento socio-político no que vivimos, derivado da crise económica, lexislacións regresivas e afastadas das necesidades das persoas, vén xerando unha situación "axitada" no ámbito escolar, que se percibe no importante incremento das situacións de "risco" que detectamos no alumnado que chega ás nosas escolas. Risco vinculado a situacións de desprotección e/ou eivas na estrutura familiar, por unha banda, e a dificultade para abordar os problemas de conduta que se presentan nas familias, pola outra.

Abordar isto non é algo novo para as persoas que formamos o Seminario *Cambela*, xa que procedemos de traxectorias comprometidas cunha escola para a vida, acollidora da diversidade. Porén, o noso percorrido, o compromiso coa nosa tarefa e a cantidade de enerxía investida estaba resultando insuficiente para acadar os obxectivos marcados en relación co alumnado, coas familias e cos equipos docentes. Mesmo para nós mesmas como impulsoras e dinamizadoras de intervencións alternativas nestes ámbitos.

Estabamos a pór a enerxía no lugar equivocado? Estamos a pór de máis? ...

A formación teórica en Análise Transaccional e Psicoterapia Integrativa no Seminario *Cambela* ofrécenos respostas para estas preguntas, e axúdanos a axustar expectativas e obxectivos, a mover eficazmente os ámbitos escolares cara ao benestar de nenos, nenas, adolescentes e persoas adultas.

A formación práctica, centrada na análise de casos reais do alumnado, e na elaboración conxunta de propostas de actuación, permítenos coñecer formas saudábeis e eficaces de traballar nos nosos centros, sexa cal for o contexto; saír da impotencia que provocan os ambientes adversos; identificar o que pomos nós e o que poñen as demais persoas que interveñen en cada proceso.

Aprendemos a mirarnos, a definir as nosas necesidades para avanzar con respecto ao punto do que precisamos saír, despois de pór en práctica todo o aprendido. A presentación dun caso *real* exíxenos revisar a formación teórica recibida, e as nosas actuacións respecto del: batería de caricias que estamos a utilizar, os Estados do Eu, as emocións, as necesidades relacionais que aparecen, como estamos ou non respondendo a elas... Require facer unha revisión completa do contexto educativo no que se xeran as condutas, así como das respostas ás nosas intervencións docentes, e aos estímulos do medio, nun sentido amplo.

Analizamos toda esta información con criterios comúns, nun ambiente de seguridade e confianza que favorece abordar as nosas emocións, os xogos nos que entramos, os roles que asumimos... en relación co sistema de valores compartido. Adquirimos recursos que nos fan máis competentes na xestión da comunicación, optimizando a escoita activa e garantindo a intervención desde ela.

Deste xeito, ímonos aproximando á escola acollidora, dispoñíbel, atenta ás necesidades e as diferenzas, *que prima o ser fronte á primacía do facer*. Á escola que acompaña o alumnado no proceso de descubrimento das súas potencialidades para buscar solucións, e para se sentir cada vez máis capaz de implicarse en xestionais.

Exemplificamos isto coa demanda que fai un neno de cinco anos ante un conflito no patio do colexio:

- "*Quero falar coa profe dos enfados*".

Son múltiples os *espazos e tempos escolares* que posibilitan intervencións docentes planificadas e/ou espontáneas, directas e indirectas, que se complementan facendo realidade este proceso. As *sesións de titoría semanais* son os momen-

tos específicos por excelencia. Nelas prima a nosa dispoñibilidade para acoller e atender á globalidade. Os eixos centrais destas sesións de titoría, colectiva e individualizada, definen a nosa liña de intervención docente. Son os seguintes:

- A escoita activa.
- O respecto e validación das emocións e vivencias de cadaquén.
- A atención explícita e resposta axustada ás súas necesidades.
- A experimentación do poder persoal para avanzar na autonomía desde o relacional.
- A oferta de permisos para aceptar e rectificar os seus erros, e de oportunidades para poñelos en práctica.
- Os modelos de coherencia entre o noso discurso e as actuacións.
- A achega de presenza, permanencia e fiabilidade da persoa adulta, xuntamente coa persistencia e flexibilidade cando se conecta co seu sentir.

A coincidencia de profesionais que comparten actitudes, obxectivos e criterios, fortalecen as condicións e amplían o número de contextos que favorecen a autonomía persoal e relacional. As sesións lectivas nas distintas materias, as titorías individualizadas, os tempos de recreo, as actividades complementarias e extraescolares... todas son oportunidades, sistemáticas ou puntuais, de interactuar co alumnado na liña descrita.

Coas persoas adultas, docentes e familias fundamentalmente, tamén tentamos de *ir ao ser para posibilitar o facer*. De identificar as condutas que favorezan a complicidade para avanzar co alumnado como protagonista. De reconducir aquelas que levan consigo a confusión, os enredos, as desvalorizacións... De pór límites potentes ás que causan dano... Todas as actuacións contribúen á construción do *modelo relacional* que queremos ofrecer.

Este proceso educativo tan enriquecedor para o alumnado, tamén comprobamos que o é para o profesorado, xa que, ao ir incorporando e atendendo a súa propia globalidade no relacional, avanza cara ao seu benestar como docente. E a partir del establecemos relacións educativas cun nivel de autonomía persoal e profesional, cada vez maior. E sentímonos máis competentes para xestionar as máis diversas situacións, tendo en conta as características individuais dos distintos colectivos da comunidade educativa.

(...)

LOGROS E RETOS EN CAMBELA

Despois de tantos anos de investigación-acción na escola, valoramos moi positivamente os nosos logros persoais e profesionais, destacando dun xeito moi especial a inmensa satisfacción que nos xera a construción de *Cambela*.

Comprobar a longa traxectoria dun grupo de traballo no ámbito educativo que se crea a partir da coincidencia nos achegamentos entre os seus membros. E no que a coherencia na súa concreción na práctica escolar diaria, foi clave na progresiva consolidación do grupo.

Neste camiñar actual cara á cuarta década de existencia do Seminario *Cambela*, este grupo de traballo, con varias compañeiras xubiladas que seguen a participar nel, vézolo coma unha árbore con raíces moi vivas, e un tronco moi potente, que sostén quince pólas autónomas, que frutifican alí onde se moven individualmente. Nutrindo e nutríndose nel.

O noso reto é seguir pechando este círculo como pólas que florecen favorecendo o crecemento de *novas árbores nas diferentes realidades educativas nas que traballamos*.

Compuxeron o texto, en nome de todo o Seminario: Beatriz Navarro Aguiar, M^a Esther Vázquez Otero e M^a Luísa Rodríguez Pereiro. Tamén conforman o Grupo: Carmela Cons, Carmen Pérez, Elena Couso, Encarna Peiteado, Isabel López, Laura Rodríguez, Lourdes Campoy, María Castro, Rosa Calvo, Rosa García, Tere Ferreiro e Xulia Quintela.

BIBLIOGRAFÍA

BERNE, E. (1966). *Juegos en que participamos. Psicología de las relaciones humanas*. México D.F.: Editorial Diana.

VACA, M. J. (1986). *El tratamiento de lo corporal en los comienzos de la E.G.B.* Andalucía: Editorial Unisport. Instituto Andaluz del Deporte.

VACA, M. J. (1987). *El cuerpo entra en la escuela. Tratamiento pedagógico de lo corporal en el ciclo medio de la EGB*. Salamanca: ICE Salamanca.

VACA, M. J. (1995). *Tratamiento pedagógico de lo corporal en educación infantil: propuesta de un modelo de intervención a través del estudio de un caso en el segundo ciclo*. (Tese doutoral). UNED.

NEMIROSVKY, M. (1999). *La enseñanza del lenguaje escrito... y temas aledaños*. Barcelona: Paidós.

DOMÍNGUEZ SANTOS, M. D. (1994). *Saúde mental e sociedade*. Santiago: Asociación galega de educación para a saúde.

CHALVIN, M. J. (1998). *Ensinó e análise transaccional*. Santiago: Laiovento.

VIEIRA, H. (2007). *La comunicación en el aula. Relación profesor-alumno según el Análisis Transaccional*. Madrid: Narcea.

DUCH, G. (2013). *Mucha gente pequeña*. Barcelona: Editorial Pol-len.




ANEXO 4. O GRUPO CAVILA: SEMPRE COA OLLADA ENTRE A INNOVACIÓN E OS MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Este ano no grupo tamén estamos de celebración, son os primeiros vinte anos do Grupo CAVILA. O tempo pasou axiña, sobre todo, grazas a un traballo compartido e cheo de ilusión.

Esta é a perspectiva na que se asenta o traballo do Grupo CAVILA. Persoas de diferentes perfís profesionais con algo en común: preocupadas pola calidade educativa e dentro dela, pola importancia dos materiais e medios curriculares e didácticos, destacando a súa vertente analítica e avaliativa aplicada tanto en contextos escolares como sociocomunitarios.

Un traballo centrado, nun primeiro momento na perspectiva da nosa comunidade autónoma, pero que foi quen de traspasar os seus límites posibilitando procesos de transferencia de coñecemento que atenden a realidades e necesidades diferenciadas. Ademais posibilitou a xeración de experiencias de participación compartida que son sinal de identidade do propio grupo. Así, contamos co *Seminario de Avaliación de Materiais Didácticos*: *Jaume Martínez Bonafé* que neste 2023 alcanzou a súa quince edición.



Fotografía realizada durante o XIII Seminario de Avaliación de Materiais Didácticos (2021), acompañando o profesor Dr. Jaume Martínez Bonafé. Á dereita cadro homenaxe realizado por Xosé Tomás.

Este Seminario de Avaliación de Materiais Didácticos comeza a desenvolverse no ano 2010 (Imaxe 2) e con esta actividade compartimos e reflexionamos desde unha perspectiva profesional sobre o papel dos recursos educativos nos procesos educativos. Ao tempo, xéranse estratexias para implicar ao membros da comunidade educativa na súa análise e valoración. Desta forma, configúrase como unha aprendizaxe recíproca para o enriquecemento mutuo. O seu formato é a través dun seminario-obradoiro no cal avaliar materiais didácticos de diferente índole e tipoloxía



Fotografía de grupo do Seminario do ano 2011.

de uso o que favorece a interacción entre as persoas asistentes e aquelas persoas expertas que interaccionan como iguais. Estamos a falar dun desenvolvemento do coñecemento profesional compartido dentro dun contexto de movemento de renovación pedagóxica. Ademais, favorece a identificación da evolución dos recursos e medios educativos, contando para isto con persoas profesionais de recoñecido prestixio.

Todo o tratado e experimentado nestas xornadas permite xerar valoracións do estado da cuestión e favorece a elaboración de novas propostas de avaliación de materiais que poden ser trasladadas aos diferentes sectores da comunidade educativa e científica. Falamos da elaboración de modelos de avaliación que son aplicados e validados dentro do propio Seminario e co seu emprego na práctica educativa. Ademais, supón a xeración de estratexias de preselección reflexiva na toma de decisións para a súa elección.

Desta forma, xerase un proceso avaliativo formativo que ao mesmo tempo permite identificar novas metas dentro dunha cultura profesional comprometida coa calidade educativa.

Falamos de identificar o impacto dos materiais na práctica educativa e de considerar as posibilidades que poden ofrecer para realizar que esta sexa equitativa, adaptada, xusta e comprometida coa mellora social, entre outros aspectos.

Tamén, configúrase como pulo á traxectoria investigadora de moitas das persoas que conforman o Grupo CAVILA, participado durante estes anos en varios proxectos de investigación galegos e nacionais relacionados coa análise dos materiais didácticos, particularmente nos últimos anos en relación coa análise da dixitalización na ensinanza. Esta participación tense materializado en diferentes artigos de carácter científico, sen esquecer igualmente, a coordinación dalgúns números monográficos relacionados co tema, como é o caso do da RGE (nº 80) baixo o título: *Crear*



CAVILA en Valencia durante a celebración do XV Seminario Internacional de Avaliación de Materiais Jaime Martínez Bonafé (2023).

para aprender: *STEAM*, os dous volumes sobre videoxogo na Revista Colombiana de Educación (nº 84 e nº 85, ano 2022) ou o nº 39 de Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria (2021), baixo o título *Recursos educativos y materiales didácticos en contextos sociocomunitarios*.

Igualmente e coa idea de crear oportunidades de reflexión sobre o sentido e significado dos Libros de Texto e Materiais Didácticos, no ano 2001 puéronse en marcha as Xornadas sobre os Materiais Didácticos. Estas xornadas tamén pretendían constituírse nun espazo de difusión e coñecemento de experiencias innovadoras que dalgún xeito puideran servir de referencia para o profesorado. No ano 2014 tivo lugar a última edición, realizándose as dúas últimas edicións coa Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística. É probable que nalgún momento se retome esta iniciativa. Froito dos primeiros encontros deriváronse as seguintes publicacións: *Materiais Curriculares e Diversidade Sociocultural en Galicia, A elaboración e adaptación dos materiais didácticos como estratexia para atender a diversidade* e *Materiais e experiencias didácticas innovadoras*.

De igual xeito, o noso interese polo papel dos recursos educativos nos museos, no ano 2006 organizamos no Museo do Pobo sGalego a Exposición e Xornadas que tiveron como título: *Actividades e Recursos Educativos dos Museos de Galicia*. Deste traballo derivouse a publicación co mesmo título.

Nesta mesma senda, camiñan outras actividades tamén moi vinculadas ao grupo. Por exemplo, está a súa activa participación nos cinco congresos realizados ata o momento sobre a Fenda Dixital. O último, tivo lugar de forma online (outubro de 2021), baixo o título: *V Congreso Internacional A Fenda Dixital: videoxogos, ludificación e aprendizaxe baseada en xogos dixitais*. Isto, sen deixar

de lado a participación na organización do *International Symposium of Music Education & Didactic Materialso*, celebrado en xaneiro de 2019 en Santiago de Compostela e na edición que se celebra á finais deste ano en Brasil.

Outra destas experiencias participativas con especial significatividade para as persoas que forman o grupo son os premios *Educacompostela*, sendo parte do seu xurado e implicándose activamente na difusión desta actividade.

Como vemos, en todas estas actuacións, teñen cabida institucións de diferentes ámbitos que teñen entre as súas finalidades aspectos educativos relacionados cos materiais e medios curriculares. Falamos por exemplo, de escolas, universidades, colectivos de familias, concellos, entidades de investigación, da educación social e incluso, atendendo a perspectiva do propio alumnado.

Ao mesmo tempo, o grupo configúrase coma un espazo de interrelación de contextos educativos escolares e sociocomunitarios. Isto favorece, tanto o coñecemento como a comprensión mutua, identificando necesidades, pero sobre todo, creando posibilidades de crecemento compartido. Son sinerxías colaborativas que, a veces traspasan ao propio grupo, pero que ao final, sobre todo, repercuten positivamente no verdadeira importante da educación: as persoas cara as que se dirixe.

Á vez, camiña á par da sociedade sendo quen de atender aos novos modelos e desafíos educativos. Desta forma, os medios e recursos dixitais son incorporados aos seus ámbitos de actuación e atenden tanto a súa dimensión evolutiva na práctica escolar como ao seu análise en situacións de cambio como a súa repercusión no tratamento educativo da Covid-19 (*RGE: Covid 19. Re-pensar a educación*).

Así, falamos dun traballo participativo e cooperativo, xa consolidado, pero que conserva a esencia dos seus primeiros pasos. Como vemos, continuamos camiñando, sendo conscientes que o facemos grazas a todas as persoas que fixeron e o fan posible. A todas elas, o noso máis sincero agradecemento tanto pola súa compañía coma polo seu bo facer. Sen elas non sería posible estes 20 anos de ilusión. Grazas a todas elas e como non, a NEG.

ANEXO 5. SOCIOS E SOCIAS DE HONRA

ANO	SOCIAS E SOCIOS DE HONRA	REFERENCIAS
1985	Baltasar Vázquez	<ul style="list-style-type: none"> Mestre de Bustavalle (Maceda) cando foi destituído en 1936 e separado definitivamente do ensino. Condenado a pena de morte, que logo foi conmutada. Reposto na profesión a finais do franquismo, xubilouse na escola da Gudiña, onde viviu ata a súa morte. Dirixiu a revista <i>Escuela de Trabajo</i> en 1933, e defendeu as teses da pedagogía marxista, militando no PC.
	Armando Fernández Mazas	<ul style="list-style-type: none"> Mestre de Vilariño (Pereiro de Aguiar), destituído en 1936, e separado do ensino. Cando se reincorporou en 1963, xubilouse na escola de Pombeiro (Lugo). Incorporouse á ATEO en 1933, e colaborou en <i>Escuela de Trabajo</i> defendendo as teses trosquistas. Durante as etapas máis duras da represión agochoouse en Castro Caldelas e exiliouse en Castro Laboreiro (Melgaço).
	Eladio Marcos Rodríguez	<ul style="list-style-type: none"> Mestre en Abeleda (Castro Caldelas) cando foi destituído en 1936. Logo fundaría unha academia en Monforte, clausurada por orde gubernativa en 1948. Exiliado en Arxentina, sendo creador, co nome de Marcos da Abeleda. Volveu en 1975, xubilándose en escolas do Ribeiro.
	Adolfo Rodríguez Ansias	<ul style="list-style-type: none"> Foi un dos principais activos da ATEO na dinamización asociativa e de xestión da revista. Un dos máis perseguidos, conseguiu sobrevivir escondido sen ver a luz en case tres décadas. O profesor Xoán Carlos Chilhón, amigo da familia, que o coñeceu de pequeno, está a preparar unha biografía.
	Manuel Sueiro Iglesias	<ul style="list-style-type: none"> Natural de Cerdedo, instalouse en Ourense nos anos vinte, fundando un colexio laico, a "Academia General". Radical socialista e home culto foi un dos referentes da ATEO nos anos da República. En 1936 escondeuse na súa terra. A súa saúde e a censura xa non lle permitiron volver ser o mestre exemplar como era caracterizado.
	Raúl González	<ul style="list-style-type: none"> Mestre de Sampaio de Ventosela, un dos grandes activistas da práctica da escola nova no Ribeiro, en particular dos centros de interese de Decroly. Agnóstico, mestre exemplar, destituído e condenado a pena de morte, logo conmutada. Dedicouse ao ensino privado na Academia Bóveda, sempre baixo sospeita e control policial.
	Herminio Barreiro Calvete	<ul style="list-style-type: none"> Mestre en Bordel (Pontevedra), ata a destitución en 1936. Escondido 2 anos, foi logo detido e condenado a 30 anos. Non reingresou na profesión ata 1974, como vítima dun maxisterio roubado. Pai do querido profesor, amigo e membro de Nova Escola Galega, Herminio Barreiro Rodríguez, quen pronunciou a conferencia que precedeu á entrega de distincións.
	Viúva de Abel Carbajales	<ul style="list-style-type: none"> Compañeira do mestre republicano de Ansemil (Celanova), a quen ela tivo que sacar da cadea de Celanova, a forza de insistencia. Membro de Izquierda Republicana, chegou a ser concelleiro; activo na ATEO, defendendo as teses do traballo activo na aula, fronte aos debates máis ideolóxicos que propuña o sector marxista da asociación. En 1935 promoveu a creación da Casa do Mestre para aglutinar a sectores plurais da profesión.
	Amparo Sánchez	<ul style="list-style-type: none"> Viúva de Luís Acuña. Representou o mestre galeguista no acto. Acuña, que ademais se distinguiu polo seu traballo literario, era mestre en Tibiás (Pereiro de Aguiar) ata o traslado a Madrid en 1934. En 1936 volvía a Ourense e foi destituído, pasando a exercer na Academia Bóveda ao igual que outros compañeiros.

1993	Avelino Pousa Antelo	<ul style="list-style-type: none"> • Logo de iniciarse como mestre en terras de Lugo, e de estudar por invitación do empresario Antonio Fernández na Misión Biolóxica de Galicia, pasou en 1948 a exercer como mestre na escola de fundación da Granxa de Barreiros (Sarria), onde puxo en práctica un singular e coñecido ensaio de nova escola rural en Galicia, da man da metodoloxía decroliana. Desde alí, puxéronse en marcha os Cursiños agropecuarios da provincia de Lugo, existentes con esta orientación en bastantes escolas ata fin dos anos sesenta. Avelino Pousa daquela exercía xa como mestre de escola pública e incorporouse ao Grupo Freinet en Galicia. Destacado galeguista e fomador de profesorado.
	Luís Taboada Camoeiras	<ul style="list-style-type: none"> • Estudante do Plan Profesional da República cando o sorprendeu a guerra con 18 anos; tivo que enfrontarse a un expediente por falsas denuncias, a pesar de estar no servizo militar. Membro de Mocidades Galeguistas seguiu fiel ao seu ideario ata a súa morte en 2010, logo do desempeño da profesión longo tempo en Bouzas (Tamallancos). Colaborou en actividades de NEG, como na escrita a man do libro <i>O Garabullíño e a Escola Elástica</i>.
	Gregorio Sanz García	<ul style="list-style-type: none"> • Este mestre segoviano incorporouse á Escola Agrícola Pedro Murias de Ribadeo en 1922. Desde 1928 ata xullo de 1936 foi mestre público na Mariña e promotor da educación popular e da organización societaria do maxisterio. Uxetista. Preso político durante cinco anos. Mestre renovador. Só puido reincorporarse ao maxisterio público en 1959, ata 1970. O seu relato <i>Uno de tantos</i> está na orixe do film <i>A lingua das bolboretas</i>. Deu a pista para chegar á biblioteca e documentos do inspector Manuel Díaz Rozas.
2003	Antía Cal Vázquez	<ul style="list-style-type: none"> • Nada en Cuba de familia galega, logo de regresar a Galiza e de realizar a súa formación, abriu en Vigo en 1961 o colexio privado Rosalía de Castro, con criterios de renovación didáctica e de Escola Nova, sendo pioneira da renovación pedagóxica en Galicia e conectando o colexio coas experiencias catalás. Importaba que un neno fose zurdo para non contrarialo e o que falaba galego non sentía vergoña. A xeografía estudábase sobre o terreo e os problemas ligados á vida real dunha cidade. Era "outra cousa"..
	Dolores Pumariño Vilela ("Lilí")	<ul style="list-style-type: none"> • O seu traballo estivo unido á educación infantil, onde exerceu de directora do Colexio Roi Xordo de Lugo. Estivo relacionada coa Educación para a Paz/NEG, participando en moitos dos seus Encontros e levando adiante actividades no seu centro inspiradas neste movemento. Promoveu o achegamento e a participación das familias na educación dos seus fillos.
	Dolores Rodríguez Presedo ("Pepa")	<ul style="list-style-type: none"> • Formouse como mestra no marco da pedagogía Freinet en Galicia. Foi das primeiras mestras especialistas en Educación Preescolar. Como tal, estivo cinco anos en Louro. Durante 9 cursos percorreu as aldeas de Galicia, primeiro en terras de Chantada e Taboada e despois en Frades, Ordes, Oroso..., animando e axudando as nais a informarse e a tomaren en serio a educación dos seus fillos xa nos primeiros anos, amando o seu idioma, aproveitando as oportunidades do seu contexto, propiciando auténticas comunidades de aprendizaxe. Pepa desenvolveu os últimos dez anos na escola unitaria do Cabezo (Abellá).
	Carmela Iglesias Pérez	<ul style="list-style-type: none"> • En 2022 deixounos con moitos oitenta anos unha grande mestra. Forxada no espazo crente cristián galego de base e na pedagogía Freinet, foi tamén militante do nacionalismo democrático. Despregou unha moi rica actividade educativa cos nenos e nenas das terras de Negreira, onde acompañou a mobilización social. Como mestras de mestras foi unha das promotoras do Grupo Freinet en Galicia, logo incorporada a NEG.

2003 (segue)	Mariano Guizán Sánchez	<ul style="list-style-type: none"> Desde Ferrolterra hai moitos anos ata a Amaía. Con el, os nenos e as nenas fixeron textos libres, auscultaron a natureza e os seus ritmos. Se cadra co mestre tamén aprendían que pode haber un bo Deus que fala de irmandade. Que o digan senón, tamén, os Irmeigos, tantos anos semente de comunidades novas dunha Igrexa reconciliada con este País, e os lectores, as lectoras de <i>Encrucillada</i>.
	Antonio Vázquez Martín	<ul style="list-style-type: none"> Mestre de diversas escolas na provincia de Ourense entre 1941 e 1984. Destacou especialmente na Didáctica das Matemáticas e Ciencias da Natureza, e foi dos primeiros mestres específicos de música no Colexio Curros Enríquez. A introdución do Xadrez na Escola foi outra das súas afeccións.
2008	Rosa Liñares García	<ul style="list-style-type: none"> Rosa Liñares foi unha das persoas fundadoras de NEG, e unha integrante destacada dentro da organización ao longo de toda a súa vida profesional. Desenvolveu boa parte da súa traxectoria en Oroso, primeiro na escola unitaria do Cachopal, logo no CEIP de Sigüeiro (desde a concentración) e a última etapa no IES de Oroso. De Rosa debe ser salientada a coherencia e o rigor da súa práctica docente cos valores que emanaron sempre desde a propia NEG, e a partir dos que dinamizaba os equipos de traballo con iguais nos centros educativos, contribuindo a crear modelos de xestión dunha escola pública democrática, galega, inclusiva e laica.
	Valentín Arias López	<ul style="list-style-type: none"> Formado por Avelino Pousa continuou o exercicio docente do anterior na escola da Granxa de Barreiros, antes de exercer como mestre público na cidade de Vigo. Foi impulsor da galeguización do ensino, mediante diversas iniciativas e tamén xerente, gratuito, da Editorial Galaxia nos anos setenta. Xunto ao labor escolar, o seu traballo de tradutor de literatura xuvenil internacional para a edición galega é impagable.
	María Luísa De la Torre Gómez	
	Xesús Alonso Montero	<ul style="list-style-type: none"> Foi educador nas aulas de educación secundaria e universitaria, e segue exercendo día a día —cos seus máis de 94 anos— como educador desde a tribuna, desde a mesa de traballo... ou abeirados a un café. Profesor na Escola de Maxisterio de Santiago, en 1957, pasou logo por Palencia, por Lugo, e polo Colexio Universitario de Vigo, para vir dar de novo a Compostela, como catedrático na súa Facultade de Filoloxía. Propiciou sempre que o alumnado fose/sexo creador de textos críticos. Entre os moitos textos seus, foino <i>O galego na escola</i> (1970), o primeiro libro de texto de ensino do galego.
	Cristina Álvarez Rodríguez	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolveu unha dinámica acción educativa como mestra nas terras do Salnés. Foi unha das integrantes do colectivo Escola Aberta, integrado logo en Nova Escola Galega, con outros ensinantes do Salnés que mantiveron logo tempo unha notable actividade, redunando nas programacións de lingua galega e de ciencias sociais, en particular nos centros de primaria, e anteriormente de EXB. Entrevi decisivamente tamén na elaboración do material didáctico <i>Galicia en Imaxes</i>, xunto co seu compañeiro Antón Rozas Caeiro.
	Xoán Babarro González	<ul style="list-style-type: none"> Escritor e lingüista, estudou Maxisterio e é licenciado en Filosofía e Letras, ingresando no corpo de mestres por oposición en 1968. Traballou arreo pola introdución do galego na escola e mais pola recuperación e defensa da lingua galega en Asturias, onde desenvolveu o labor docente ata 1971, data en que se trasladou a Galicia. É membro correspondente da Real Academia Galega desde o 2002.



XXIX Asemblea de NEG. A nave de Vidán, 2013.

2013	Olga Araújo González	Natural de Vilanova dos Infantes. Mestra e psicopedagoga. Directora do centro de Educación Especial de Celanova (Patronato María Soriano) ata a súa desaparición por inclusión nos centros ordinarios que apoiou, favorecendo a incorporación laboral deste alumnado. Xubilouse como orientadora do IES O Couto en Ourense.
	Agustín Fernández Paz	<ul style="list-style-type: none"> Membro do grupo Avantar e, como tal, cofundador de Nova Escola Galega, foi un mestre renovador e un fantástico escritor de máis de cincuenta títulos, actividade na que obtivo numerosos premios, de xeito principal no ámbito da LIX. A súa participación en NEG foi moi salientable, sobre todo no campo da normalización lingüística.
	Flora Fondevila Vázquez	Exerceu como mestra e dinamizadora na provincia de Pontevedra das Escolas Asociadas á UNESCO. Foi Coordinadora estatal deste programa escolar. Asídua participante nos Encontros de Educadoras/es pola Paz desde 1989. Doctora pola UNED coa tese titulada "La contribución de las escuelas asociadas a la UNESCO a la innovación curricular y organizativa". Colaborou no nº 33, monográfico, da <i>Revista Galega de Educacion</i> . Foi tamén presidenta da UNICEF en Pontevedra.
	Xesús Portas Ferro	Ao longo de corenta anos pasou como ensinante por múltiples e diversos centros públicos: institutos de bacharelato, unha escola universitaria, varios colexios de EXB e dous CEIP, e durante tres cursos estivo adscrito ao programa Preescolar na Casa. Coordinou diversos programas de innovación con implicación de toda a comunidade educativa, nomeadamente, proxectos de educación para o consumo, normalización lingüística, teatro escolar, coros infantís... Na escola e fóra dela (asociacións, coros musicais...) promoveu e promove aínda hoxe a educación popular, a animación sociocultural e a dinámica acción-reflexión-acción..
	Maribel Santos Pérez	Mestra da escola unitaria das Conchas, á beira do encoro do mesmo nome, e logo do Grupo Escolar de Bande, onde se xubilou. Activista política e concelleira de Bande polo PSOE en distintas lexislaturas. Dinamizou un grupo de mestras de escolas unitarias da contorna para introducir a pedagogía Freinet en 1973, realizando actividades de formación, elaborando xornais escolares e intercambio de correspondencia con escolas de fóra de Galicia.
2022	Francisco Martínez (Quico)	<ul style="list-style-type: none"> Natural do Bierzo (León), membro do Partido Comunista, formou parte da guerrilla antifranquista que actuaba en Galicia-León. Estivo exiliado en Francia. Activista incansable dedica a súa vida a desvelar as accións da guerrilla e a represión franquista, colaborando con asociacións memorialistas. Participa activamente nas actividades do Seminario da Memoria de NEG desde o seu inicio, no ano 2010, contribuíndo ao desenvolvemento -por parte do profesorado- dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa democracia e os dereitos humanos.

ANEXO 6. OS MOVEMENTOS DE RENOVACIÓN PEDAGÓGICA

Un conxunto de instancias organizativas do profesorado para a formación, o debate e a proposición de novos horizontes educativos, que viñeron desenvolvéndose, fundamentalmente, desde os pasados anos 70.

Unha alternativa ao modelo educativo existente para a súa transformación nun modelo universal, ético, crítico, inclusivo, científico, laico, democrático que inclúa a participación na sociedade como meta e o desenvolvemento integral da persoa.

- Unha alternativa pedagóxica e de formación do profesorado.
- Unha alternativa ao sistema, que loite contra a inxustiza social desde a defensa dos valores da Escola Pública.
- Un lugar de encontro para pór en marcha cambios e contrarrestar a "soidade de acción".
- Unha REDE, autoxestionada, independente, plural e aberta a outros sectores non só docentes. Desenvolvidos fundamentalmente nos anos setenta, os Movements de Renovación Pedagógica traballamos e loitamos por renovar e democratizar a escola, cunha formulación non só educativa senón tamén social. A organización de Escolas de Verán foi a nosa actividade máis coñecida publicamente. Pero non é a única nin a que define con exclusividade o noso traballo e identidade. Estas, máis ben, hai que buscalas na implicación de cada persoa no seu centro e en grupos de traballo que, mediante a reflexión-acción, buscan mellorar a súa práctica pedagóxica cun sentido crítico e non só académico.

Con todo, considérase imprescindible dar tamén respostas globais ao sistema educativo, polo que existe unha Confederación Estatal de MRP, mantendo sempre o pluralismo interno e a autonomía en cada territorio, así como, por suposto, a independencia respecto das administracións educativas.

A organización dos MRP establécese a tres niveis:

- MRP de base que actúan localmente.
- Federacións que canalizan a actuación en territorios máis amplos, autonómicos etc.
- A Confederación Estatal como coordinadora e potenciadora do intercambio entre territorios.

CONFEDERACIÓN DE MOVEMENTOS DE RENOVACIÓN PEDAGÓGICA (CMRP)



A Confederación estatal confórmana representantes dos Movements de Renovación Pedagógica de todo o Estado. O obxectivo principal é revitalizar a nosa presenza como colectivo e como Federación de Movements de Renovación Pedagógica dentro da propia Confederación estatal.

O traballo na Confederación organízase do seguinte modo:

- Encontros que se celebran anualmente abordando un tema específico, e que cada ano teñen lugar nunha comunidade autónoma diferente.
- Congresos que, con carácter extraordinario, afondan nunha problemática educativa.
- Mesas de traballo: específicas de investigación e debate arredor de diversos aspectos do currículo e/ou da educación en xeral. As mesas de traballo son variables no tempo en función do aspecto que se trate.
- Actividade de concertación con outras organizacións sociais ligadas ao ensino e con preocupacións similares.
- Reunións da mesa Confederal.
- Información e valoracións públicas sobre cuestións de política educativa.

A Confederación de Movements de Renovación Pedagógica ten entre os seus fins:

- O desenvolvemento teórico e práctico do modelo de Escola Pública, definido substancialmente nos seus documentos, que historicamente contribuíron de forma destacada ao xurdimento e desenvolvemento de posicións renovadoras e comprometidas entre o profesorado.
- A reflexión e a acción sobre a estrutura do Sistema educativo, os proxectos educativos da Escola Pública e os proxectos curriculares, incidindo consecuentemente na formación do profesorado e abordando os temas de política escolar e social relacionados con todo isto.
- A coordinación de actividades dos diferentes Movements de Renovación Pedagógica do Estado para intercambio de experiencias que, no campo da renovación pedagóxica, poden axudar á mellora da práctica docente.

**ENCUNTROS E CONGRESOS
DA CONFEDERACIÓN DE MOVEMENTOS DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA**

Nº	ANO	LUGAR	TEMAS/ASUNTOS
I	1979	Almagro (Ciudad Real)	• Inicio coordinación MRP
II	1980	Daroca (Zaragoza)	• Coñecemento mutuo entre os grupos
III	1981	Sevilla	• Modelo de Escola Pública
IV	1982	Donostia	• Análise fracaso escolar e organización MRP. 14 colectivos asistentes
V	1983	Salamanca	• Horizonte democrático e reforma da educación. 30 colectivos asistentes.
1º C	1983	Barcelona	• Congreso de MRP (3-6. XII. 1983)
VI	1984	Santiago de Compostela	
VII	1985	Cáceres	• Análise dos Proxectos de Reforma en proceso
VIII	1985	Murcia	• Análise sociolóxica do sistema educativo e postura contra a carreira docente.
IX	1986	Calviá (Mallorca)	• Modelo de escola pública
X	1987	Granada	• A Reforma da ensinanza: Facer entre todos a escola de todos; ante o proxecto ministerial.
2º C		Gandía (Valencia)	• II Congreso Estatal de MRP (27-29.IV) 300 participantes (70 de Cataluña)
XI	1990	Donostia	
XII	1991	Baños de Montemayor (Cáceres)	• O profesorado e a renovación da escola
XIII	1992	El Poular (Madrid)	
XV	1993	Cuenca	• O novo profesorado
XVI	1995	Huesca	• Transversalidade ou fundamentación do currículo?
3º C	1996	Torremolinos (Málaga)	• 3º Congreso estatal de MRP
XVII	1997	Mérida (Badajoz)	• A calidade e a liberdade en Educación
XVIII	1999	Gandía (Valencia)	• Traballar coa diversidade. Superar a desigualdade
XIX	2001	Calella (Barcelona)	• Tempos escolares, tempos vitais.
		Madrid	• Congreso: Construír a escola desde a diversidade e para a igualdade.
XX	2002	Alcalá de Henares	• Educación básica. Cultura básica. Currículo básico
XXI	2004	Almagro (C. Real)	• Educación e cambio social
	2005	Córdoba	• Foro Social Ibérico pola Educación
XXII	2006	Santiago de Compostela	• Democracia, cidadanía e educación
XXIII	2007	Mutxamel (Alicante)	• Infancia, adolescencia e mocidade: unha nova mirada
XXIV	2008	Úbeda (Jaén)	• As competencias básicas
XXV	2009	Menorca (Balears)	• Educación é participación
XXVI	2010	Mérida (Badajoz)	• Somos máis: educación e inmigración
4º C	2014	Segovia/Lleida	• Educar y aprender en un nuevo escenario
XXVIII	2016	Alacant	• Unha educación para un mundo máis xusto
XXIX	2017	Cuenca	• Cara un mundo máis xusto: rexeitando a exclusión
XXX	2018	Prat de Llobregat (Barcelona)	• Aulas que respectan e abrazan
XXXI	2019	Vélez (Málaga)	• En defensa do público para un mundo máis xusto
XXXII	2020	(De carácter dixital)	• Valores, contravalores e currículo
XXXIII	2022	Santiago de Compostela	• Desafíos da Escola Rural
XXXIV	2023	Cheste (Valencia)	• Futuro compartido dos MRP: reflexións e propostas.

NOVA ESCOLA GA

Movemento de Renova

LABORATORIO

E ESPAZO DE COOPE

Esta memoria publicouse
NEG e a celebración do
celebrados no Museo do P
xuño, 1 e 2 de

PONTEGALEGA 1983 - 2023

Asociación Pedagógica (MRP)

DE INICIATIVAS

GENERACIÓN EDUCATIVA

Se co gallo do Iº Congreso
pelos 40 anos de existencia,
no Pobo Galego os días 30 de
xullo de 2023.



